Public. Diana 30

A NOSA TERRA

ANO XV · 27 DE FEBREIRO · 1992

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 511 · 150 PTA.

A CE penaliza o transporte por estrada, a prol do ferrocarril

O estabelecemento dun imposto comunitário que grave os transportes por estrada, situará en posición de clara ventaxa competitiva aos paises da CEE dotados de mellor rede de ferrocarril. O novo tributo perxudica por tanto ás rexións económicas menos desenvolvidas, castigadas históricamente con retrasos graves e non correxidos no desenvolvemento do ferrocaril, coma no caso galego. **(Páxina 7)**

JFK, Hollywood abandeira a *glasnost* nos Estados Unidos

Se *Rambo* foi o emblema da era Reagan, *JFK* pode ser a divisa dunha nova época nos EE UU. Hollywood soubo, ao longo do tempo, conciliar a arte do entretimento co servizo aos fins de difusión ideolóxica. **(Páxina 24-25)**

Carme Blanco 'O mito dos escritores galegos é unha muller forte e rural'

Cunha prolongada traxectória na análise da obra das mulleres escritoras e da criación feminina en xeral, Carme Blanco é unha das figuras máis importantes na crítica literária de Galicia. Profesora de literatura galega, autora de libros como *Literatura galega da muller*, *Conversas con Carballo Calero*, edicións críticas e colaboracións en prensa, reivindica a loita das mulleres contra a cultura androcéntrica. **(Páxina 16-17)**

ANXO IGLESIAS

Só o 2 por cento dos parados atopan emprego através das oficinas do INEM

A indústria dos parados

O aumento do paro até o 16 por cento, a precariedade no emprego, cun 4 % só de empregos estábeis de nova criación e a intención do Governo central de aumentar a un ano o tempo traballado para poder cobrar o subsídio, fan da procura dun traballo toda unha odisea. Os xeitos e as maneiras da busca dese emprego son múltiples, até o ponto de xerarse toda unha *indústria* de servizos aos parados, desde estrañas oficinas, até académias e *consultings*, asi como unha picaresca do enchufe e da compra do posto de traballo. Só o 2 % dos parados atopan emprego através do INEM, segundo dados da UGT



Desde 100 pesetas ao 10 por cento do salário bruto anual por atopar emprego

Ao carón dos parados está florecendo unha indústria

ALFONSO EIRÉ-HORACIO VIXANDE

O paro comeza a ser negócio para alguns. Ante a dificuldade de atopar emprego, xurden empresas intermediárias que, con máis ou menos éxito, con menor ou maior limpeza, prometen atopar un emprego. Algunhas só son un *bluff*, outras respeitábeis axéncias de colocación. Tamén hai a picaresca e o enchufismo privado. Agora non só os artistas van ter o seu *manager*, tamén o van necesitar os pións, camareiros, e as *bailarinas*.

ANXO IGLESIAS

"Work. Localiza o teu emprego. Envia curriculum e 100 pta. en selos. Apartado 5.411. Vigo." Para moitos do case 16% de parados, galegos este anúncio, aparecido nun xornal local de Vigo hai poucas semanas, non pasa desapercebido. É o último recurso de moitas persoas ás que o INEM non foi quen de atopar colocación. Desde logo enviar ese diñeiro en selos non é garantia de colocación, e os que o fixeron -coma nós- aínda están á espera de resposta.

A xulgar polos anúncios inseridos na prensa posteriormente, o negócio non pudo ser máis rendíbel para esta empresa. A saber: no comezo apareceu o anúncio que se recolle máis atrás, dias despois a empresa anúnciase como a primeira empresa de colocación -feito absolutamente falso-, máis tarde, e sempre agachada tras un apartado postal, sen dar a coñecer nengun teléfono nen enderezo, o servizo amplíase a empresas, das que solicitan un envio de 500 pesetas en selos. Algo despois aparecen vagas ofertas de distintos profisionais. Hoxe a oferta é máis discreta.

> Un apartado de correos e 100 pesetas primeiro trámite para buscarche traballo

Pero todo o proceso anterior revela ás claras como se produciu, efectivamente, unha importante resposta por parte das persoas paradas, que botaron man ao último recurso que tiñan.

Servizo doméstico

Un sector especialmente desprotexido, imerso nun mercado laboral irregular e sen control, está formado por aquelas persoas dedicadas á prestación de servizos domésticos como asistentas, canguros ou coidadoras. Arredor destas persoas tamén naceron algunhas empresas que exercen de intermediárias entre estes traballadores e aqueles que queiran contratalos.

Este é o caso das axéncias de servizos domésticos. O seu traballo é definido por Flori Estévez, proprietária dunha das que hai en Vigo, "*Au pair* (o nome da axéncia) -di Flori- é unha empresa orientada a satisfacer as necesidades do fogar en cuestións relativas a persoal, como asistentas, canguros ou coidadoras."

Vai para un ano que esta empresa está instalada en Vigo, e a sua proprietária asegura que foi posta en marcha debido á grande demanda social que rexista este servizo. En todo este tempo xestionou unhas 100 colocacións, fundamentalmente de empregadas do fogar.

O servizo consiste nunha mera intermediación entre a asistenta e o ou a contratante, a cámbio "Au pair" cobra o 50% do salário da asistenta o primeiro mes de traballo, os contratantes non pagan nada polo servizo. Este feito dá idea do feble da posición das empregadas do fogar no mercado de traballo. En xeral -como veremos máis adiante-, é a empresa contratante quen paga polo servizo.

Unha cuestión importante é que estas empresas, para garantir unha mínima fiabilidade diante das persoas contratantes, sobretodo das asistentas, efectuan unha série de indagacións que poderian entrar en contradición cos direitos máis elementais desas persoas. Evidentemente todos os traballadores que son contratados polo INEM corren o mesmo risco, pero neste caso trátase de empresas privadas sobre as que non hai un control real.

Este mesmo sistema de intermediación tamén se reproduce na prestación de servizos domésticos como albanelaria, ou fontanaria. Mais nestes casos, nos que o intermediário tamén cobra comisión ao profisional, este conta cunha maior protección porque realiza traballos pontuais en réxime de traballador autónomo. Asimesmo ténense dado casos de mecanismos cooperativos ou de empresas que teñen en nómina ao persoal.

A selección de persoal

Moita máis tradición teñen as empresas de selección e contratación de persoal. É habitual que a prensa dominical inclua nas suas páxinas unha sección de emprego dirixida a executivos, persoal administrativo e técnicos. En xeral son este tipo de empresas as encarregadas da selección de persoal. "Por un lado -di Alberto Vázquez Rodríguez, Delegado de Laborman en Vigo- as empresas non poden investir moito tempo na selección de persoal e teñen que encarregalo a persoas especializadas e, por outro lado, o INEM xa non actua como instituto de emprego, hoxe é unha simples oficina de tramitación".

"O que fai o INEM cando se lle solicita un ou unha administrativo di Mário Pérez Losada, responsábel de servizos desta empre-

sa- é enviar a todas as persoas que figuran como administrativos nos seus ficheiros, sen ter en conta o posto que hai que cobrir; isto é loxico se temos en conta que non pode discriminar a ninguén, pero o empresário ten que facer o esforzo de selección".

Laborman é unha empresa basca que ten abertas delegacións na Coruña e Vigo desde hai ano e médio e, en Vigo, desde aquela foron xestionadas unhas 70 colocacións. O prezo a pagar depende do posto, e corre integramente a cargo do empresário, oscilando entre o 7 e o 10 % do salário bruto anual.

En xeral, no proceso de contratación de persoal que levan a cabo empresas como Laborman non son controlados aspectos relativos á intimidade dos traballadores a contratar, e a míli, que hai anos contituia un factor importante na busca de emprego, hoxe non ten tanta relevância. De todos xeitos, Alberto Vázquez recoñece que, nalgunha ocasión, empresários determinados impuxeron condicións sobre as posicións ideolóxicas das persoas a contratar; cita o caso dunha empresa na que o xerente era membro do Opus Dei e que solicitou un traballador de educación católica. En catro ou cinco casos pediron que o traballador non estivese afiliado a nengunha organización sindical.

As empregadas de fogar son as traballadoras máis buscadas polo que existen numerosas axéncias de colocación

Alberto Vázquez recoñece que é necesário o control sobre estas empresas, non tanto polo coñecimento de cuestións íntimas, senón porque moitas veces os

(Pasa á páxina seguinte)


(bajo).

WORK. Localiza su empleo. Envía curriculum adjuntando 100 pesetas en sellos. Apartado, 5.411, Vigo.

CHICA fija 25-40 años, 50-60.000 ptas. 435742.

tas comisione
publicitario, v
gidas. Exigim
cultural medi
20 a 45 años.
pio. Impresc
periencia er
cursos de E
distancia. I

As apariéncias dun Presidente

Mentres o número de parados aumenta, até situarse no 16 por cento oficial, superando a porcentaxe do conxunto do Estado, e se está a montar todo un negócio arredor do paro, o Conselleiro de Traballo, Gil Sotres, afirma que a Xunta non ten, nen pode ter, unha política própria de fomento de emprego, porque os mecanismos para levala a cabo seguen a estar en mans da Administración central, poñendo en dúbida a mesma existéncia da sua consellaria. Gil Sotres, na sua comparecéncia parlamentar, incluiu entre as medidas adoptadas para o fomento do emprego as accións de formación, contratación e apoio á economia social, reducindo as accións de fomento do emprego ao que se pode realizar desde o INEM.

Todo isto pouco parece importarlle a un Fraga Iribarne que segue a *aprofundar* na sua idea de autogoverno: unha *Autonomia Representativa* inserida no conglomerado español no que priman, por riba de todo, as "razóns de Estado". Esta idea comezouna a pór en marcha o dia da sua toma de posesión cos gaiteiros no Obradoiro como representación da idea de galeguidade homenaxeando á sua persoa como sustentadora das eséncias. A palabra *auto-identificación*, reinventada, serán os lexemas que expresen a idea en política.

Nos dous anos de traxectória foi fidel a esta liña. Fraga Iribarne empurrou até límites insospeitados a función representativa do Presidente da Xunta, acadando o cénit en Cuba, onde campou como Xefe de Estado. Fraga converteuse en embaixador de si mesmo nas numerosas viaxes, espiñazo do seu labor de governo. Fraga trata de simular, non de governar: é un presidente aparente.

Este labor representativo da autonomia queda patente tamén na conformación da chamada Policia Autonómica, convertida nun nome e un escudo; de aparentar pero non estar, no ser galega pero sen deixar de ser española, conceito que marca as liñas do quefacer político do Governo autonómico e que ten unhas claras repercusións económicas materializadas na cuota láctea, nas autovias ou nos caladoiros pesqueiros, por citar tres dos problemas máis sangrantes.

Por se for pouco, nos últimos dias, mentres a sociedade prepara a folga xeral como resposta á crise e a falta de iniciativas tanto do Governo central como autonómico para superala, Fraga incide nesta función representativa. Primeiramente lanzando a idea da necesidade dun traxe (sexa ou non tradicional, que máis da) distintivo para os membros do Governo, quer dicer, apoiando a laboura representativa.

Dentro desta idea hai que incluir o dispéndio da compra do palacete en Madrid,como sede oficial da Xunta, no que se gastaron máis de 2.000 millóns de pesetas, case un 4 por cento dos investimentos reais da Xunta para este ano para dotar a Fraga dun despacho en Madrid desde o que poda exercer a sua función representativa e "potenciar o turismo", eixo básico do PP galego para sacarnos da crise.

A "autonomia representativa" vai intimamente unida ao egocentrismo de Fraga, que só mostra a sua discordáncia política co Governo central, ou co seu partido, naqueles temas nos que a traxectória ou autoridade da sua persoa pode ser posta en cuestión. Tal foi o caso do apoio á Lei Corcuera, abrollar de medidas que semellaban enterradas desde que Fraga foi Ministro de Governación. Pola contra supedita o státus de autonomia histórica que ostenta Galiza no pacto autonómico non só xa aos ditados do governo central, senón que, facendo deixación das suas funcións, é o próprio Partido Popular quen negócia no nome da Galiza.

Mentres tanto, non existe nen un Plan Galego de Emprego,nen un Plan de Desenvolvimento Económico e Industrial; leis básicas como a de Ordenación Territorial adíase e modifícase por presións das direitas provinciais e as propostas da oposición parlamentária son descalificadas e rechazadas porque, como dicia o extinto membro do PP, *Ligero*, alcalde de A Garda, "se teño a maioria e non pode facer o que quero, para que vale a maioria". ♦

A NOSA TERRA

Só o 2 por cento das colocacións se realizan através do INEM

Traballar no paro

Vou ao paro. A frase xa está asentada na sociedade cun sentido moi concreto: "ir a unha oficina do Instituto Nacional de Empleo". A diatriba académica sobre a formación das palabras está aqui pechada. O nome ven dado pola sua función, porque sindicatos, traballadores en paro e funcionários do INEM coinciden en que as oficinas do Instituto Nacional de Empleo "son calquer cousa menos oficinas de emprego". A dicotomia emprego-paro está presente no seu próprio funcionamento. "O INEM o que pretende é que sexan oficinas que axuden aos que están buscando emprego, o subsídio é só unha axuda dentro da situación de excepcionalidade: o que ven ás nosas oficinas é,ante todo, un solicitante de emprego", manifesta un alto cargo do INEM na Galiza.

Pola contra un funcionário de Pontevedra afirma que "esa é a filosofia coa que naceu,pero, na prática, toda a burocrácia é para as aportacións". O INEM converteuse asi nunha gran empresa, cuxos *traballadores* aumentan dia a dia.Cada vez escóitamáis aquilo de "o meu home traballa no paro".

As cifras a respeito do INEM como referéncia para atopar emprego son elocuentes: segundo un estudo realizado por UGT os parados que atopan traballo através das chamadas *Oficinas de Empregos*ó son o 2 por cento dos colocados. Inquéritos realizados por diversos meios de comunicación nos últimos meses, afirman que o mellor meio para atopar traballo é através dun familiar ou dunha persoa coñecida. Séguelle en orde de importáncia o "enchufe", os anúncios nos periódicos e as oposicións. Estando en último lugar o INEM. Nestas apreciacións coincidian os estudos realizados polo canal *Tele 5* e *El País*.

Selar contratos

O INEM convértese, no entramado da busca de emprego, nunha oficina de selar contratos. As ofertas de emprego poden ser nominativas ou xenéricas. Nestas últimas o empresário que demanda un traballador déixalle ao INEM a capacidade de intervir na selección, mandándolle unha lista de candidatos segundo as suxeréncias da empresa para que esta escolla.

Pero esta fórmula é a menos usada, segundo os traballadores das *Oficinas de Emprego*. A maioria escolle a oferta nominativa e xa se apresenta na oficina do INEM co nome do traballador a contratar coberto na ficha. A oficina só intervén para visar o contrato. Na província de Pontevedra no pasado mes de Xaneiro as contratacións xenéricas foron de 289 frente ás 6.214 nominadas.

O INEM converteuse no entramado de buscar emprego nunha oficina de selar contratos

Segundo nos comentaba un funcionário, "na maioriadas ocasións o empresário nen sequer nos comunica que o posto está coberto, cando mandamos a unha persoa e chega ali co *volante*, xa está outro no seu posto".

Hai xente que se aponta en distintas oficinas, para asi ter máis posibilidades de atopar emprego, ainda que sexa ilegal, pero os requisitos esixidos para apontarse non son tantos que impidan esta caste de *picaresca*. O que si está permitido é apontarsea vários ofícios. Hai outros, "os que non queren traballar", que teñen outras retusias para evitar seren chamados para un novo emprego. Unha das máis usadas é que a empresa na que traballou anteriormente o poña cunha categoria ou cunha atitude que sexa moi difícil que ninguén busque unha persoa de tales características: un chófer en posesión só do permiso de conducir de segunda, poñamos por caso. Tamén os hai queinventan as profisións máis raras, como "especialista en bonsais" ou "cantante de ópera" para evitar que os chamen, na maiora das ocasións o CNO ou *nomenclator* é algo a negociar entre o funcionário é o traballador.

Formación dos traballadores

Outras das facetas do INEM é a de formación dos traballadores para adaptalos ás demandasde emprego. Asi, hai cursos de aprendizaxe e de reciclaxe para que podan aceder a outras profisións con mellor perspectiva laboral.

A realidade é que as escolas-taller, casas de ofício e cursos de promoción ocupacional, convértense, en moitas ocasións (como xa temos informado desde estas mesmas páxinas, ver número 373, do 2 de Febreiro de 1989), en mecanismos clientelares que moi pouco ou nada valen para atopar un posto de traballo estábel. Desde o próximo ano pasarán a depender da Xunta, temendo os sindicatos que "o clientelismo sexa ainda moito maior". ♦

ANXO IGLESIAS

(Ven da páxina anterior)
anúncios aparecidos na prensa solicitando persoal non son todo o transparentes que deberian. "Por regra xeral -di Alberto Vázquez-, cando se trata de vendas aparecen consignadas cantidades imposíbeis de acadar, nestes casos hai que facer un cálculo á baixa, a menos que se trate dunha empresa multinacional de recoñecido prestíxio. É famoso, aqui en Vigo, un anúncio dunha empresa de aspiradoras con sede na rua Barcelona que oferece unhas condicións incríbeis e que logo oferece resultados ridículos".

En calquer caso, unha persoa que estexa á busca de traballo ten que saber que é moi difícil que o atope através do INEM. "Máis importante que o nível académico -di Mário Pérez Losada, responsábel de servizos de Laborman-, é ser unha persoa resolutiva, polivalente, con capacidade para aprender, con experiéncia e cunha boa atitude cara o traballo".

Académias e intermediários

Non é fácil reunir todas esas condicións que pon Mário Pérez, pero tamén hai centros que publicitan "emprego seguro". A maioria son centros de estudos que, baixo este reclamo anúncian a preparación para opositores das máis diversas facetas, na sua maioria para postos nas distintas Administracións. En busca da preparación arelada as Académias énchense de alunos que aprenden os temários máis diversos e as técnicas de superar test máis modernas.

Hai casos nos que se pide que o candidato ao posto de traballo non esteña afiliado sindicalmente

Todas as académias sen excepción afirman que "o nível de éxito dos nosos opositores aprobados é moi alto", os fallos achácanos a que hai xente "que non pon o suficiente interese".

Alguns destes centros fan os seus cursos por correspondéncia, dirixindo a sua publicidade ás clases máis empobrecidas e con níveis de estudos máis baixos, pero para eles o negócio é boiante.

Hai outra *fauna* de intermediários. Uns son especialistas para lograr un aumento das prestacións e outros en conseguir pagas por minusvalias. A detectada nas pasadas semanas en Lugo so é a ponta dun cañoto de toxo cuxa raiceira está intrincada nos corredores da Administración. Para detectar algunhas "anomalias" non hai máis que coller o mapa da província e a distribución dos inválidos.

Outros destes *conseguidores* dedícanse a atopar emprego. Pero os tempos do xamón xa quedaron superados. Agora hai que pór sobre a mesa miles, millóns algunhas veces, de pesetas para asegurarse un traballo estábel. Na maioria das grandes empresas existe sempre algun intermediário que consegue un posto de traballo, ainda que a crise limitou bastante o seu horizonte. Hai alguns que, como o "Don Pedro das Carreteras", facéndose pasar por un enxeñeiro de Dragados é capaz de estafar a máis de cen persoas en poucos dias. Hai outros que cobran por *aprobarlle as oposicións*. Se o opositor as aproba quédase cos cartos, se as suspende reintégrallos. O intermediário non perde nada, pois tampouco realiza nengunha xestión. Esta picaresca acadou coas oposición que está a celebrar a Xunta cotas nunca pensadas, con auténticos *corredores de funcionários* paseando o país en nome do PP. A necesidade é tanta que, moitas veces, nen sequer se mira con quen se xoga un os cartos.♦

Existe unha gran *fauna* de conseguidores dedicada a buscar emprego a cámbio dunha ampla comisión

Pións, bailarinas, futbolistas...

Nos rexistos do INEM pódese atopar un gran número de profisións. Algunhas aparecen nas listas das ocupacións máis demandadas polos empresários, tales como pións sen cualificación, albaneis ou carpinteiros. Pero nas listas do paro tamén hai, agardando, futbolistas, especialistas en bonsais, cantantes de ópera, músicos de orquestra,faquires, un poeta, pallasos, ilusionistas, actores, dobradores, xornalistas, escritores e, surprendentemente, máis de 60 bailarinas que, en poucos dias atoparán rápido emprego (un funcionário aclararíanos que moitas destas *bailarinas* enrealidadeson "traballadorasdebarra americana").

Tamén hai unha boa demanda de empregados administrativos, dependentes de comércio, traballadores da limpeza, aprendices, empregadas domésticas, axentes de comércio, condutores de furgoneta e camareiros. Todas estas profisións están entre as 50 ocupacións máis demandadas, segundo o INEM, ainda que hai que ter en conta que moitas destes pedimentos dos empresários se realizan cando xa teñen o posto coberto, polo que son moitas menos as prazas que saen ao mercado libre.

O 0,3 de analfabetos e o 2 % de titulados superiores

Entre os que engrosan as listas do paro atópanse un 0,3 por cento de analfabetos, frente a un 2 por cento de titulados superiores; un 3 por cento de titulados médios; un 12 por cento que ten estudos de FP e BUP; un 33 por cento que só ten estudos de EXB e un 49 por cento con estudos primários.

O 31 por cento son menores de 24 anos, de 25 a 44 anos son o 50 por cento e os de máis de 45 anos representan o 19 por cento.

Destes traballadores o 26 por cento busca o seu primeiro emprego, o 5 por cento traballa na agricultura, o 23 por cento na indústria, o 12 por cento na construción e o 34 por cento nos servizos. Ainda que estas cifras actuais flutuan segundo os meses.♦

A maioria dos empresários van ao INEM cando xa teñen o posto cuberto

AGRICULTURA E SOCIEDADE

O descobrimento de fraudes na produción de alimentos tan só se fai pública despois de que a intoxicación de consumidores sexa suficientemente elevada. Sendo apresentada como casos illados de "delincuentes alimentários", mantense intacto o modelo produtivo que a provoca.

O 30% dos casos de cancro no mundo están provocados por unha mala alimentación derivada dos cámbios nos hábitos alimentícios introducidos polas multinacionais agro-alimentarias.

O produtivismo, marcado polas políticas agrícolas, deteriora a calidade dos alimentos

Frasco e non fresco

■ **X.C. GARRIDO**

O escándalo de "clembuterol" tan só se fixo público cando o número de intoxicados impedia ocultar por máis tempo un fraude que viña sendo denunciado polos sindicatos agrários. Curiosamente as asociacións de consumidores non tiñan exercido presión neste sentido, ainda que si se mostraran preocupadas pola posíbel legalización da aguardente artesanal.

O 90% dos gadeiros cataláns utilizan substáncias como o clembuterol ou semellantes con total tolerância da administración até que os centos de casos por intoxicación levou a esta a realizar xestos de control. Pero mentres se realizaban estas inspeccións, en calquer tenda veterinária estaban libremente á venda as devanditas substáncias. De feito o governo non quer intervir para atallar un problema que requeriria algo máis que castigar vários casos illados, e máis ben pór en cuestión o modelo produtivo que obriga os labregos a intensificaren a sua produción por meios químicos para manter o mesmo nível de renda oferecendo produtos agrários cada vez máis baratos ás multinacionais agro-alimentárias que lle marcan o ritmo de produción.

O 30% dos casos de cancro no mundo están provocados por unha má alimentación derivada dos cámbios nos hábitos alimentícios introducidos polas multinacionais agro-alimentárias encamiñadas a reducir o consumo de produtos frescos (sobretodo froitas, hortalizas e legumes) e potenciando o consumo de comidas rápidas de preparar e consumir, e de longa conservación (adecuados para os seus intereses de comercialización). O máximo exponente pode ser a campaña que realizaron Coca Cola e Pepsico para a utilización de refrescos de cola no almorzo, para o cal realizaron unha multimillonária campaña co eslogan "Coke in the morning" (Coca Cola pola mañá) unha e con "Pepsi A.M." (Pepsi antes do meiodia) a outra.

Non hai límites ao lucro e para satisfacelo, hai empresas que non teñen escrúpulos mesmo en propagar o consumo do leite envasado ou de orixe industrial en lugar do materno. A lactáncia con biberón representa unha ameaza á saúde de millóns de nenos pero certas multinacionais difunden produtos tan custosos como inecesários e, a miúdo, perigosos, para satisfacer os seus intereses contradicindo as mensaxes de UNICEF, a UNESCO e a OMS sobre o tema. *Nestlé* foi denunciada por asociacións cidadás de máis de 60 países pola promoción de leite en pó no terceiro mundo, existe unha campaña de boicoteo de entidades cívicas que van desde concellos até a mesma Igrexa anglicana até que a multinacional suíza deixe de fornecer substitutos de leite materna aos hospitais dos paises subdesenvolvidos.

Envelenamento

Son as entidades non guvernamentais, e non para-guvernamentais (como algunhas asociacións de consumidores) as únicas que están pondo freo á precarización alimentária. O caso McDonald's é o máis paradigmático. A "Asociación Nacional de Salvacorazóns" norte-americana inseriu páxinas completas de anúncios nos principais meios de prensa baixo o titular "O envelenamento na América" denunciando o elevado e inecesário contido en graxas das hamburguesas da devandita compañia. Segundo esta Asociación, unha hamburguesa McDonald's, coa sua correspondente ración de patacas fritas, contén até 25 g. de graxa converténdose nunha auténtica ameaza para unha povoación cun 50% de persoas que teñen un alto nível de colesterol. Tendo en conta que un filete de carne magra de vacun non contén máis de 3 g. de graxa, e que no Estado español McDonald's ten máis de 26 millóns de clientes anuais, é doado botar contas.

O certo é que poucos produtos alimentários escapan á búsqueda de tratamento artificial que eleven a sua rentabilidade a costa do descenso de calidade. Se falabamos antes do leite en pó, tamén teriamos que lembrar que máis de cinco millóns de cidadáns do Estado español consumen leite líquido adulterado, chegando no ano 89 ás máis altas cotas. Daquela unha análise do Ministério de Sanidade deu como resultado a existéncia de glicomarcropédico en dezasete marcas españolas, todas elas coñecidas, delatando presenza de lactorosos. Cos actuais meios técnicos é tecnicamente posíbel "construir" un sucedáneo de leite e vendelo como se fose leite puro. Este sucedáneo componse de lactosoro, caseinatos, auga e matérias graxas, e implica a posibilidade de litiase renal nos consumidores, con graves riscos de descalcificación nos nenos.

Neste contexto, a legalización da BST no marco da reforma da PAC e das negociacións do GATT veñen confirmar a aposta da administración en favor das multinacionais e o seu modelo proposto. A BST é unha hormona que pode incrementar a produción nas vacas nun 25%. Esta medida coincide no noso país coa aplicación de cuotas lácteas. O cal resultaria paradóxico se non fose porque ambas medidas son coerentes en beneficiar aos devanditos grupos de presión agro-alimentário. Tamén ten unhas consecuéncias nefastas para a saúde das vacas que están sendo silenciadas: mamite, esterilidade, aumento de temperatura... e, por suposto, altera a consisténcia do leite perxudicando enormemente a sua calidade. ♦

Voltar *ás cousas da casa*

A "morte súbita" do pólo, as "vacas tolas", o peixe espada cun alto índice de mercúrio, desertización por sobre-intensificación, contaminación de augas freáticas polos nitratos, etc... están a pór en cuestión a compatibilidade entre produtivismo e calidade de vida. Son as multinacionais as que marcan as pautas de nutrición da povoación, e as que fixan o ritmo produtivo aos labregos. A consecuéncia é que, para incrementar os benefícios empresariais, os productores son obrigados cada vez a reducir a calidade para oferecer máis cantidade e a menor prezo a matéria prima. Tendo en conta o feito de o Estado español ser o que sofreu a maior adulteración de alimentación da história da humanidade con 25.000 afectados e 953 mortos (caso da neumonia atípica, Aceite de Colza, ou *bichitos* en terminoloxia do daquela Ministro de Sanidade, Sancho Rof) sen que se producise unha reacción da administración a nível penal e sanitário da envergadura que precisaria para facerlle frente a un problema dese tipo, lévanos a que teñamos que sospeitar de todo o que engulimos, e quizá nos faga ter nosjtálxia das "cousas da casa" moito máis naturais (porco, aguardente, viño, etc...) e que agora están a perseguir legalmente. Paradoxas do modelo agro-alimentário contemporáneo. ♦

7 DIAS

XOSÉ LOIS

■ Anguita visita Galiza en plena crise de IU

O Secretário Xeral do PCE, Julio Anguita, visita Galiza cando Izquierda Unida está nunha das crises máis grandes da sua história, despois do Consello Político celebrado no fin de semana do 22 de Marzo.

Anguita declarou en Compostela que IU reforzará o debate interno sobre o seu modelo organizativo e non se producirán rupturas na coalición, anunciando que aceitará calquer decisión que adopte a III Asemblea Federal desta coalición, prevista para Maio, ainda que tamén deixou claro que a coalición non é soberana para obrigar a que se disolvan os partidos.

No pasado Consello Político os partidários das teses que defende a maioria do PCE impuxéronse aos críticos —59 votos contra 54—, na votación do documento político e organizativo a discutir na próxima Asemblea que apresentará á Presidéncia Federal. Nel recollíanse como sinais de identidade de IU as do "socialismo democrático", a necesidade de inscreber a IU no rexisto de partidos ou o réxime de incompatibilidades que impedia a Julio Anguita ser Cooordenador da Coalición mentres ocupase o cargo de Secretário Xeral do PCE.

A perda da votación levou a que Alonso Puerta o calificase como "terrorismo político" e o líder comunista andaluz, Felipe Alcaraz, diria que detrás dos críticos está o intento de achegarse ao PSOE, desvirtuando a idea orixinal de IU. Entre os dirixentes *críticos* está o Secretário Xeral do PCG, Anxo Guerreiro. ♦

■ Aristide volta a Haiti

O derrocado presidente de Haiti, Jean Bertrand Aristide, voltará ao seu país despois de que a Organización de Estados Americanos chegase a un acordo co Congreso haitiano. Segundo o pactado, Aristide voltará ao país para ocupar a presidéncia (sendo asi o primeiro presidente americano que volve ao seu posto despois de ser derrocado). O seu proposto primeiro ministro René Theodore deberá ser ratificado no seu cargo, preparando a volta do presidente. Os gopistas serán amnistiados e permanecerán nos seus postos, incluídos o de Xefe do Exército. ♦

■ Congreso do Sinn Féin

O Domingo 23 de Febreiro rematou a 87 Conferéncia Anual (Ard Fheis),do Sinn Féin, aprobandoundocumentotitulado"Caraunhapaz duradeira". Martin Guinness, membro da Mesa Nacional, declarou que "este documento contén os primeiros pasos decisivos cara a paz: Os governos de Dublin e Londres deberian comezar xuntos un proceso de paz que se dirixise, de modo sério e honesto as causas do conlfito. Ambos governos, por vez primeira desde a partición da illa hai 70 anos, deberian estudar o impacto do conflito sobre os povos de Irlanda e do Reino Unido.

A mensaxe mandada a ambos Governos na clausura foi clara: "se queredes tratar connosco averiguaredes que somos xente séria:non nos enganaredes con falsas promesas ou iniciativas baseadas na rendición. A nosa causa é a autodeterminación nacional e non estaremos contentos con menos".

Pero os debates estiveron tamén centrados na formación dunha frente anti-imperialista amplae o papel que a loita armada ocuparia dentro desta "frente popular". A primeira oportunidade de pór a andar esta frente seria no referendum sobre o tratado de Maastricht que se celebrará nos condados do Sul de Irlanda en Xuño. ♦

■ Medalla de Blanca Fernández Ochoa

A esquiadora Blanca Fernández Ochoa converteuse na primeira muller española que conseguiu unha medalla olímpica.O Estado español obtivera ao longo da história olímpica outras 27medallas: cinco de ouro, trece de prata e nove de bronce,pero todas foran logradas por homes.

Blanca Fernández Ochoa conseguiu o terceiro posto, e medalla de bronce, no slalom especial. ♦

■ Israel entrou no Líbano

As tropasisraelitas entraron no território do Líbano para destruirosasentamentospalestinos deste país.Nasua*razzia* arrasaron os postos dos Cascos Azuis da ONU que mantiñan as suas posicións na fronteira para evitar enfrentamentos, sen que as Nacións Unidas nen os estados ocidentais condenasen este novo ataque á soberania dun estado.

Ainda asi comezaron no EE.UU. as conversas de paz entre árabes e israelitas que veñen marcadas por dous procesos eleitorais,os que van ter lugar este ano en Israel e nos Estados Unidos.

O Presidente americano, George Bush, que está a acadar uns maos resultados nas eleicións primárias, afirmou que a comunidade xudea non modificará a sua política exterior, pero desde as fileiras do seu partido xa se comeza a pedir que o caso de Israel sexa considerado como un conflito interno da zona. Israel estase sentando a negociar sob a presión dos EE.UU de non darlle créditos preferenciais para os asentamentos nos territórios ocupados. ♦

■ Galiza contará con gas natural

O Presidente da Xunta, Fraga Iribarne e o Ministro de Indústria, Claudio Aranzadi, firmaron o protocolo segundo o cal Galiza contará cunha rede de gas natural. A planta de gasificación estará situada no Ferrol, e o gaseoduto pasará por Tui, Pontevedra, Santiago, Betanzos, Vilalba, Vegadeo e Oviedo. Del sairán liñas de condución secundárias até as principais áreas galegas.

O que non se recolle no acordo é cando comezará a funcionar, dependendo todo ainda de atopar a financiación axeitada, segundo puxeron de manifesto representantes da Administración central. ♦

■ Folga de estudantes

O Xoves dia 20 de Febreiro os estudantes galegos, non universitários, foron á folga, resultando esta todo un éxito ao parar case a totalidade dos centros. Os alunos protestaban pola masificación das aulas, a falta de especialistas para impartir certas disciplinas, a infradotación dos laboratórios, auséncia de pátios cobertos... co denominador comun da falta de recursos. En numerosas localidades os alunos sairon en manifestación. Na fotografia a celebrada en Vigo. ♦

CARLOS PUGA

■ Contra a Lei Corcuera

O Venres 21 de Febreiro celebrouse en Vigo unha manifestación contra a "Lei de Seguridade Cidadá" convocada pola "Plataforma Cidadá pola Liberdade", que está formada por máis de 50 asociacións, organizacións e colectivos. Na fotografia pode verse a pancarta de cabeza ao seu paso pola rua do Príncipe. ♦

ANXO IGLESIAS

GALIZA E MUNDO

COMUNICACIÓNS TERRESTRES

A CEE quer gravar cun tributo o transporte rodado de mercancias

O imposto comunitário aos camións penaliza o atraso do ferrocarril galego

■ G LUCA DE TENA

O establecemento dun imposto comunitário que grave os transportes por estrada, situará en posición de clara ventaxa competitiva aos paises da CEE dotados de mellor rede de ferrocarril. O novo tributo perxudica por tanto ás rexións económicas menos desenvolvidas, castigadas históricamente con retrasos graves e non correxidos no desenvolvemento do ferrocaril, coma no caso galego.

DELMI ÁLVAREZ

O tren chegou a Galiza con oitenta anos de retraso. Este agravio comparativo, que atrancou o seu desenvolvemento, será obxecto dunha nova penalización se a CEE impón o tributo ao transporte de mercadorías por estrada.

A normada CEE ten como primeiro obxectivo o abaratamento e a estabilidade dos précios de transporte, xa que só a tonelada transportada por mar ou rio é máis barata ca do tren. Outro fin desta medida é evitar a dependéncia crecente do petróleo de todo o sistema de transportes dos doce e defender o tránsito de mercadorias de medidas a cada máis populares, como a que aplica Austria, (en defensa do meio ambiente e para evitar gastos de mantenemento da rede viária) que obriga aos camións de gran tonelaxe a cruzaren o país sobre vagóns de tren especialmente preparados.

Para considerar en termos equitativos este novo tributo sobre o transporte por estrada, só cabia unha política efectiva de equiparación nos sistemas de transportes. De non ser así, estariamos ante un novo agrávio comparativo da CEE. Mais entre os obxectivos defendidos pola CEE de cara ao establecemento do mercado único, está a política comun no sector dos transportes (Artigo 3) que receben un tratamento específico e diferenciado do resto do sector servícios, en atención ás suas particularidades e o seu papel estratéxico.

Con todo, estas orientacións do tratado buscan de feito a regulacióne unificación do mercado comunitário pero non fan mención directa nengunha da infraestrutura. Até finais de 1990, a Comisión de Transportes non acadou a aprobación dun marco estábel para trazar a política de infraestruturas. No regulamento 3359/90 fálase de construir un programa de infraestruturas de transporte cara a realización dun mercado integrado de transportes no 92. Pero os esforzos son para os *ete grandes proxectos de interese europeu* que afectan ao eixo Paris-Colonia, Sevilla-Torino e Madrid-Lisboa, os enlaces de Somport, o eixo Dublin-Belfast e os accesos a Irlanda por Gales do Norde, os enlaces escandinavos e os de Grécia.

Estradas contra tren

O *Fondo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)* era outra das vias para cofinanciar investimentos de infraestrutura. De feito, o 60 por cento das percepcións do Estado no periodo 1989-1993 dentro dos marcos de *Apoio Comunitário*, arredor de 540 mil millóns de pesetas, serian para infraestruturas de transporte. Pero o ferrocarril galego só recebeu subvencións do *Feder* en 1986. Do resto, o total investido no tren en Galicia non chega a mil millóns de pesetas anuais e está adicado a mantenemento e melloras de trazado. En contraste, as estradas levan case 23 mil millóns (ano 86) dos que case a metade son dos orzamentos autonómicos.

O *Esquema Director Europeu de Transporte Combinado Internacional* (resolución do Consello de 30 de Outubro de 1990) procuraba compensar este desequilíbrio que agrava as dificuldades dos máis atrasados coa defensa da técnica intermodal de transporte (estrada-ferrocarril-transporte marítimo). Pero esta proposta de favorecer unha política de actuación global que cubra a totalidade da cadea de transporte non foi nen sequer considerada sobre o mapa galego ou os seus accesos.

No entanto, Galiza está a receber 30 pesetas por habitante e ano con destino ao transporte por ferrocarril, dentro dos orzamentos xerais. A meia do Estado é de 1.345 pesetas. No que toca ao *Plan de Transporte Ferroviário (PTF),* a exclusión galega foi repetidas veces criticada. Camilo Nogueira apresentara unha proposición non de Lei para lograr a incorporación. Segundo o parlamentário do PSG-EG, a revisión do *PTF* poderia abrir perspectivas revolucionárias ao transporte por ferrocarril que tamén afectarian a Portugal. Nogueira apoia a adopción do ancho de via europeo para non quedarmos excluidos da modernización feroviária. O PSOE empregou no seu momento a argumentación de que algunhas actuacións do *PTF* como a do Guadarrama e os treitos Barcelona-Zaragoza e Miranda-León, concebidos para 200 quilómetros hora, beneficiarian a Galiza. Na realidade, o que encaramos é un ferrocarril de primeira (o *Tren de Alta Velocidade (TAV)*), un tren de segunda (que o Estado intenta transferir ás autonomias), unhas estradas de primeira (as autopistas) e o resto da rede. Nos orzamentos, Galiza só está contemplada nesta xerarquia última. A paradoxa é que só se cumpriria a filosofia comunitária de compensación mediante a sua inclusión na primeira.

O ex-ministro de Transportes e deputado ao Congreso por Pontevedra, Abel Caballero, contestaba a preguntas sobre a marxinación do ferrocaril galego nos plans de infraestrutura do seu governo, coa proposta inversa de considerar privilexiado ao país por ter a frota de camións conxeladores máis grande da CEE. Co novo imposto comunitário, os perecederos transportados nos camións de que falaba Abel Caballero competirán en desvantaxe con outros chegados ao mesmo mercado en tren. Se o canon comunitário ao transporte por carretera chega, como é previsíbel, a se facer realidade, as autovias nas que o governo Fraga está a concentrar a política de infraestruturas, serán un xeito de alonxar ao país dos mercados. Como algun analista ten observado agudamente, as cuotas contra a producción agrícola e pecuária xa non serán precisos se o sistema obrigado de transporte serve de arbítrio contra a exportación. ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Francisco Carballo. **Conselleiro Delegado:** Xosé Fernández Puga. **Secretário:** Pancho Torrente. **Vogais:** Modesto Solla, Manuel Veiga, Fernando Cuñarro, Cesáreo Sánchez, Xosé Mª Dobarro, Xosé Mª Salgado, Norberto Tabarés, Carlos Xohán Diaz e Xaquin Acosta

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa

Correspondentes: Antón Prieto (A Coruña), Lois Castro (Ourense), Xosé Manuel Pérez (Santiago), Enrique Sanfiz, Mª Xesus Arias (Ferrol), Francisco Arrizado (Lugo), Xosé Castro Ratón (Vilagarcia), Xavier Canosa (Bergantiños), Antón Malde (As Mariñas), Anxel Rosende (Ortegal), Desidério Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Alvarez (Baixo Miño), Hernán Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), Gustavo Docampo (Valdeorras), Pablo Naseiro (Terra Chá), Xosé Carlos Villar (Barbanza Norte), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza Sul), Manuel Diaz (Melide), Xosé Ramón Castro (O Carballiño), Xavier Castellanos (A Estrada), Pepe Rei, Joseba Macias (Euskadi), Miguel Rodríguez Bertojo, Alberto Cruz (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonçalo Nuno (Porto). **Deportes:** Víctor Miguez (Santiago), Rodolfo Dacuña (Vigo). **Cultura:** Lino Braxe (Lugo), Manuel Carballido (A Coruña).

Colaboradores: Manuel Rivas, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Manuel Hortas Vilanova, , Margarita Ledo, Xesus Vega, César Varela, António Mascato, X.L. Iglésias. **Internacional:** Xulio Rios, Manuel Vilar, Carlos Duram, Patricia Grinberg, Juan Carlos M. Betelú. **Ecoloxia:** M. Chouza, R. Cid, Chus Bello. **Deportes:** Ricardo Rivera **Axenda:** Marga R. Holguin.

Humor: X.X. Piñeiro Cochón. **Libros:** Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. **Música:** Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane. **Cine:** Celso López, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. **Televisión:** Alexandre Banhos. **Arquitectura:** Plácido Lizancos. **História:** Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres.

Fotografía: Anxo Iglesias, Chus Garcia, Moncho Rama, X. Marra, Che, XoséL. Diaz., Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, Delmi Alvarez, Tachi Castro, *Voz Noticias.*

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silvar, Xulio Galoso, Tokio, Hermida.

A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada e Carlos Soaxe

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos.

Suscripcións: Blanca Costas

Dirección e Administración: Rua Príncipe, 22, planta baixa Apartado de Correos 1371 (36200 Vigo).
Tfnos.: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: Pugalsa.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedéncia.

ESTRATÉXIA E SITUACIÓN DA ECONOMIA

Os efectos da entrada na CEE víronse até agora amortiguados polo periodo económico expansivo na economia ocidental, pero esta situación cambiou a partir de 1990, coa entrada nunha fase de recesión. Este resumo xeral da coxuntura aparece incluido no *Informe 1990-91* sobre a Economia Galega que por sexto ano ven de editar a *Fundación Caixagalicia* en colaboración coa Universidade de Compostela. Os dados estadísticos oferecidos polo estudo desmiuzan unha óbvia situación crítica que os autores, sen embargo, se absteñen de analisar.

Segundo o *Informe económico anual* de Caixa Galicia

Os baixos salários non son unha condición para a competitividade

DELMI ÁLVAREZ

"A década dos 90, sinala a introdución do *Informe*, comeza cun deterioro xeral das perspectivas económicas para os principais sectores da actividade. O período expansivo das economias occidentais na segunda metade dos oitenta amorteceu e disimulou os efectos que a adesión de España á CEE tivo para o sistema produtivo galego. Unha vez que ese ciclo expansivo se esgota e comeza o receso económico entón os dous fenómenos aliméntanse mutuamente e fanse acumulativos".

Esta reflexión pesimista non pode resultar extrana nun estudo inzado de argumentos preocupantes. A povoación activa galega disminuiu un 7% entre 1976 e 1991; o paro tradicionalmente inferior á média estatal, segundo as estadísticas oficiais, en virtude da economia sumerxida e do paro encuberto no agro, supera xa en cinco décimas a de por si elevada cifra española (a segunda máis alta da CE).

O *informe* destaca ademais o feito de que "a progresiva *feminización* do mercado de traballo consiste fundamentalmente na feminización do paro". Os dados son elocuentes: están paradas o 48,8% das mulleres entre 16 e 19 anos (frente ao 20,8% dos varóns) e o 47,1% das que teñen entre 20 e 24 (frente ao 20,3% dos homes).

A precarización non é rendabel

Valoración interesante por infrecuente, neste tipo de informes, é a de que "a precarización do mercado de traballo tradúcese nun deterioro das condicións de traballo dentro das empresas, nun aumento das desigualdades e xera fenómenos de marxinación". Os autores do estudo sinalan que esta precarización é grave para a economia no seu conxunto, asi "un aumento do volume de emprego baseado principalmente en actividades de servícios de baixa *produtividade* conduce necesariamente a unha caida da produtividade global da economia".

Este apreciación levaos a concluir que "hoxe os traballos precários e os baixos salários non son unha condición para a competitividade -nen tan sequer a curto prazo- e, por outra parte,

UNHA ANÁLISE CATIVA

M. Veiga

O *Informe de Caixagalicia* é o informe dunha situación crítica, pero non é un informe crítico. O que aqui se analisa sector a sector, ben nutridos de dados, non é máis do que calquera pode contemplar cos seus próprios ollos.

É obxetivo do economista e dunha fundación deste tipo non só tomar a temperatura da economia galega, senón tamén elaborar unha diagnose, máxime cando a febre é tan elevada. Esa diagnose pode servir para axudar ao deseño das políticas económicas pertinentes. Asi o declara na presentación o próprio presidente de *Caixa galicia*, Xosé Ramon Docal: "(estes) resultados deben actuar como catalizadores de iniciativas que contribuan á incorporación de Galicia á senda do desenvolvimento".

Algo deste fin percíbese na lectura das 599 páxinas que ocupa, pero o resultado non é suficiente, porque cando unha crise é tan fonda, cae de caixon que é necesária unha análise do marco no que esa economia se desenvolve e das estratéxias que se lle están a aplicar.

Un caso flagrante é o da agricultura. O *informe* adica várias dúcias de páxinas á demostrar que a agricultura galega é das menos produtivas da CEE. Dando iso por certo, non seria preciso adicar algunhas liñas a perguntarse se esa comparación é a máis oportuna e se o critério de competividade é o único a ter en conta, toda vez que os pontos de partida son moi diferentes? Tamén seria merecente dunha reflexión o feito de que se lle apliquen *cuotas de produción* a unha *economia pouco produtiva*.

A análise tal como se realiza, non querendo ser dramatizadora nen incomoda aos actuais poderes políticos, acaba sendo catastrofista, pois cega toda posíbel alternativa.

A pergunta é doada: Non somos competitivos. E como imos selo, mentres persista o temor a cuestionar as reglas de xogo? Acaso pode unha modificación política de rango menor permitir que unha láctea galega compita con *Nestlé*?♦

OS ECONOMISTAS NO PAÍS DAS MARAVILLAS

Manuel Veiga

Hai poucos dias un xornalista solicitou a un profesor de economia a análise dun tema concreto. O economista respondeu afirmativamente á petición, pero advertiu, ao mesmo tempo, que el ia falar da "realidade" e engadiu que, ainda concordando coa liña editorial do méio que solicitaba á sua colaboración, el deberia cinguirse aos dados obxetivos, os cales podian non concordar coa devandita liña.

O aviso deu que matinar ao xornalista. Das palabras do profesor deduciase que a realidade e a información que fornecen os periódicos podian diverxer. Non se surprendeu pola parte que toca aos periódicos, pero comezou a reflexionar sobre a identificación que facia o economista entre a sua própria análise e a realidade. Lembrou unha cita, lida recentemente, do profesor de Oxford, Thomas Balogh, que decia: "a história moderna da teoria económica é un relato de evasións da realidade". Seica tamén os economistas tiñan problemas coa *realidade*.

A ECONOMIA PROCURA SER UNHA CIÉNCIA

Para os economistas os periódicos son subxetivos (certamente o son, ainda que moitos o neguen), mentres que a economia é unha ciéncia e como tal obxetiva (o que non significa que poida respostar a todas as perguntas que se presentan, como tampouco pode facelo a física).

"A pretensión da economia de ser unha ciéncia está firmemente arraigada na necesidade de eludir toda responsabilidade polas insuficiéncias e polas inxustícias do sistema do que se ocupaba a gran tradición clásica. E ainda nos nosos tempos continúa servindo de defensa para a vida profesional tranquila e libre de controvérsias". Esta afirmación tan rotunda foi escrita polo célebre economista norteamericano John Kenneth Galbraith, na sua *História da economia*.

Non se poderia dicer, sen embargo, que todos os economistas se comporten da mesma forma. Hai claras diferéncias, por exemplo, entre Pedro Arias, para quen a realización de estudos encarregados e subvencionados pola empresa Ence non parece minguarlle a sua autopresentación como "experto neutral" en frecuentes debates televisados een artigos xornalísticos sobre política forestal, e outro tipo de economistas que dan pe a que o xornal *Faro de Vigo* alcumase hai poucos meses á faculdade de Económicas de Santiago de *facultad roja*.

A tendéncia sobranceira, con todo, nestes anos, entre os economistas, é a de establecer unha diferéncia clave entre a *economia* e a *política*. De tal modo que unha mesma persoa poderia ser ao mesmo tempo: progresista, nacionalista, liberal... no ideolóxico e experto, técnico ou científico no profisional, sen que ambas categorias chegasen a tocarse nunca, como duas rectas paralelas. Significativa esquizofrénia que non é nen moito menos nova na história, nen tampouco exclusiva dos economistas, senón máis ben xeralizabel a todas as persoas interesadas na salvagarda da sua posición laboral.

UN AFASTAMENTO IMPOSÍBEL

O século XX foi o que marcou o divórcio

Benefícios en millóns de pesetas da Gran Banca

Banco	1990	1991	%
BBV	141.504	145.600	2,90
Banco Santander	96.103	112.758	17,33
BCH	100.607	102.702	2,08
Banco Popular	67.594	76.309	12,90
Banesto	59.786	75.631	27,02
Banco Exterior	20.504	42.100	17,60
Total	**486.098**	**555.100**	**14,19**

Bancos suben, empresas baixan

Mália o aumento notabel de beneficios, bancos e caixas de aforro comezaron a sentir os efectos da crise económica. Os beneficios atípicos, quer dicer os procedentes de enaxenacións ou desinvestimentos (venda de activos) pasaron a representar o 30% dos beneficios totais. En conxunto os bancos gañaron 555.000 millóns de pesetas antes de impostos, por 300.000 correspondentes ás Caixas. Fontes empresariais criticaron, sen embargo, os altos intereses dos créditos, que limitan as posibilidades de desenvolvimento das empresas e acentua os seus gastos financeiros (pago de intereses). A banca acusa, a cada en maior grao, a crise das empresas que se traduce nun aumento na demora á hora de facer pago dos créditos. Esta morosidade medrou nun 43,7% no último exercício. ♦

Manuel Planelles(á direita), director xeral do Banco Simeón, acompañado de Fernando Conde, presidente da Cámara de Comércio de Vigo. O Banco Simeón obtivo en 1990 o maior beneficio da súa história, 3.051 millóns. Actualmente forma parte do grupo estatal de banca pública *Argentaria*.

xa non son un atractivo suficiente para a captación de proxectos de investimento importantes".

Esta análise viria a completarse co estudo do sector servícios, o único que acolle a novos ocupados expulsados de outros sectores. Segundo o *Informe* de *Caixagalicia*, "a positiva evolución do emprego neste sector, en canto a número, aparece ensombrecido polas características dos empregos que se oferecen". As actividades que presentan unha maior expansión -dentro sempre do capítulo de servícios- "caracterízanse por oferecer empregos de baixa cualificación, en condicións precárias: hosteleria, reparacións, servícios personais e domésticos, etc". Namentras que as ramas de servícios "características dos segmentos primários do mercado laboral (de maior cualificación), como banca, seguros e servícios a empresas, experimentaron nos últimos anos un estancamento".

Feble investimento extranxeiro

Outros dados que chaman a atención neste estudo son os do balance migratório: en Galiza o número de retornos supera xa ao de saidas. E dase a circustáncia curiosa de que o 98% dos emigrados actuais teñen a Suiza (un país que non pertence á CEE) como destino. O *Informe* fai notar que unha das supostas ventaxas para Galiza da entrada na CEE seria a libre circulación de emigrantes.

Asamblea de Caixa Galicia

Se o presente estudo non é crítico coa desaparición de sectores próprios da economia e en nengun momento analisa as directivas comunitárias que levaron á redución de tres das principais artérias da economia galega (pesca, leite e asteleiros), nen tampouco analisa a desaparición de empresas rendábeis e avanzadas (Sidegasa, Motores Deutz...) vítimas prominentes de intereses externos, chama ainda máis a atención a inexisténcia dunha contrapartida en forma de investimentos extranxeiros. Asi o *Informe* constata que os investimentos extranxeiros en Galiza representaron en 1988 o 1% dos realizados en todo o Estado, para ascender até o 1,3% en 1989 e descender ao 0,5% en 1990. Madrid (46,5% en 1990) e Cataluña (29,7% tamén en 1990) centralizan a meirande parte das aportacións exteriores de capital.

Por último, o informe analisa a desartellada acción e a "falta de seguimento" por parte do governo galego das medidas que el mesmo establece e o incumplimento das promesas realizadas polo governo central en base a diversos "recortes orzamentários". ♦

Segundo Xosé Luis Méndez, director xeral de *Caixa Galicia*

A banca autóctona perdeu terreo

"Se ben no ámbito das Caixas de aforro se teñen observado procesos aglutinadores e de consolidación, a banca autóctona experimentou unha preocupante perda de terreo en benefício da banca foránea", en opinión de Xosé Luis Méndez. O director xeral de Caixa Galicia sinalou a *A Nosa Terra* que esta perda de terreo "veu da man en numerosas ocasións da sua integración en grupos bancários de carácter estatal".

Méndez coida ademais que Galiza "lonxe de dispoñer de entidades cun dimensionamento equiparabel aos grandes grupos bancários, non só comunitários senón tamén españois, as entidades galegas, ademais presentan, uns elevados custos de transformación que dificilmente poderán ser asumidos a medida que se estreiten as marxes de intermediación".

"Galicia carece dun sistema financeiro de carácter autóctono suficientemente integrado e desenvolvido que actue como impulsor e catalizador do desenvolvimento económico", sinala o responsábel de Caixa Galicia, para quen o elevado número de oficinas que existe en Galiza "non se pode considerar sinónimo de superiores níveis de desenvolvimento".

Arrebatar cuota de mercado

O lanzamento de Caixa Galicia ao exterior, coa apertura de instalacións fora do noso pais, e recentemente coa absorción da *Caja Rrural de Leon*, seria unha estratéxia para facer frente ao incremento da competitividade dentro da própria comunidade galega. Asi, Xosé Luis Méndez considera que "se somos capaces de arrebatar cuota de mercado a outras entidades, teremos a certeza de dispoñer de nível competitivo abondo para facer frente aos ataques que recibamos na nosa área tradicional de actuación e asi evitar a colonización da mesma". ♦

definitivo entre a cultura en xeral (arte, literatura, filosofia...) e a ciéncia. As ciéncias defínense precisamente por teren expulsado do seu redor á subxetividade, de aí a sua obsesión polo númerico. Se a economia é unha ciéncia, ten pleno sentido a diferenciación entre unha afirmación económica e unha afirmación política, como pretendia o economista.

Pero que hai de verdade, non xa nesa diferéncia, senón na própria nominación de "económico" e "político"?.

"O afastamento entre a economia e a política e as motivacións políticas é algo estéril. É unha pantalla que agacha a realidade do poder e das motivacións económicas", afirma de novo J.K. Galbraith. De feito, esta disciplina denominouse durante todo o século XIX "economia política" e só, a medida que os docentes e os profesionais se esforzaban por lle adxudicar o prestíxio dunha ciéncia, foi perdendo a segunda parte do nome.

A ECONOMIA APROXÍMASE ÁS MATEMATICAS

Ao mesmo tempo que avanzaba esta obsesión *científica*, a economia iase aproximando ás matemáticas, gañando asi o báculo da exactitude e alonxándose das verdades discutíbeis que caracterizan ás demais humanidades. Mália sucedese que a meirande parte dos exercícios económicos matemáticos comezasen coa frase: "dando por suposta unha competéncia perfecta...", dita nun mundo onde a competéncia perfecta apenas se conservaba nuns limitados recantos. "Deste exercício pechado, sinala Galbraith, queda excluida a realidade da vida económica que, por desgrácia, dado o seu abigarrado desorde, non se presta á formulación matemática". De novo a economia volta ter problemas coa realidade.

"A paradoxa da economia, sinala ainda Galbraith, é que son precisamente os anceios por se definir nestes termos os que a fan avellentar nun mundo cambiante".

BARREIRAS ACADÉMICAS

O exacerbamento do carácter científico, a obsesión polo eruditismo, ao igual que o uso dunha linguaxe críptica son armas comuns cando se trata de alimentar unha casta e de disimular a defensa, sequer pasiva, do seu poder. Estas barreiras son denunciadas por Gonzalo Puente Ojea quen avisa no prefácio da sua recente obra *Fé Cristiana, Igrexa... e poder* contra as "fronteiras do *especialismo* no que adoitan confinar o seu traballo os que J.H. Cone define expresivamente como os *established scholars* (académicos do sistema), quer dicer os filólogos ou os exéxetas das institucións eclesiásticas ou académicas que serven, dun ou doutro modo, os intereses da fe. Até agora, non sendo eminentes excepcións que contribuiron á nosa liberación intelectual, os *scholars* achantáronse nunha meticulosidade exexética que, máis ou menos conscentemente, esvaiu o perfil do que interesa coñecer".

Entre esas eminentes excepcións, e abandoando os eidos da Igrexa para voltar aos da economia, hai que mencionar, entre outros, en Galiza ao Beiras que escrebiu "O atraso..."; no Estado español, a José Luis Sampedro, ao Ramon Tamames da transición, cuxa obra a *Estrutura Económica de España* marcou a toda unha xeneración e, no mundo, ao próprio Galbraith quen afirmou que "non hai en matéria de economia proposicións utéis que non poidan formularse con exactitude na linguaxe corrente". ♦

Thomas Balogh decia: 'a história moderna da teoria económica é un relato de evasións da realidade'

A NOVA XENERACIÓN DA BANCA IDENTIFÍCASE.

ARGENTARIA *nace universal,*

por diversidade e dimensión, en igualdade

e en libre competencia.

Con vocación de liderazgo e transparencia.

ARGENTARIA *é a agrupación*

do Banco Exterior, Caixa Postal,

Banco Hipotecario, Banco de Crédito Local,

Banco de Crédito Agrícola,



Banco de Negocios Argentaria, Banco Directo,

Banco Simeón, Banco Alicante, BGF,

Hércules Seguros, SVB Argentaria e

outras Sociedades Financeiras e de Seguros.

ARGENTARIA

Corporación Bancaria de España

APOIOS Á FOLGA XERAL

Cre que Galiza ten capacidade potencial para desenvolverse

O BNG difunde un programa de medidas urxentes

■ MANUEL VILAR

O BNG iniciara unha campaña de denúncia, prévia á folga xeral convocada para o dia 2 de Abril polos sindicatos e organizacións agrárias, para explicar a dimensión política da situación de desfeita social e económica pola que está pasando o país.

Esta alternativa programática é para unha Galiza e, en palabras da portavoz Encarna Otero, "non pode ser nunca de resignación, senón que ten que ser unha Galiza da esperanza, no senso de que ten capacidade para poder desenvolverse e sair adiante, simplesmente que non ten, neste momento o governo político adecuado para que esas medidas se podan executar".

Para levar adiante esta iniciativa vanse apresentar nos concellos mocións —nalguns xa foron presentadas ainda que non discutidas— nas que se pede o apoio á folga do dia 2 de Abril, asi como dirixirse ao Parlamento da Galiza e ao do Estado para renegociar o Tratado de Adesión á CE nos pontos que afectan e perxudican gravemente a Galiza. Un segundo aspecto viria dado polo apoio propagandístico, o BNG pensa encher as paredes do noso país cun cartel de claro contido político, e polas charlas e mítins para explicar a dimensión da crise e a alternativa que propón o BNG.

Outro obxectivo é converter a manifestación do dia 2 de Abril nun enorme clamor popular de toda a Galiza reclamando o direito a existir como país, algo que está en xogo neste momento pola perda do tecido económico e de moitos postos de traballo.

Alternativa en 12 pontos

A alternativa que propón o BNG non é novidosa, máis ben é unha remodelación dos 12 Pontos que foran a base do seu programa no inverno do 89 e princípios mínimos para negociar con outras forzas, nacionalistas e non nacionalistas, unha alternativa a Fraga. Mais para Xosé Manuel Beiras esta alternativa é necesária tendo en conta "o desastre e carência de ideas do actual governo".

Esta proposta poderia ser ademais o ponto de partida para un proceso de diálogo entre as forzas políticas.

O primeiro ponto que propón o BNG, a ordenación integral do Território galego, "é unha promesa ou compromiso incumprido por Fraga no seu programa de investidura e que cada dia resulta máis patente, pola própria estrutura do PP, que non o vai cumprir".

No segundo ponto, Plan Galego de Emprego, o BNG non só cre que se debe facer de acordo coas bases formuladas polas organizacións sindicais nacionalistas, senón que se debe conseguir o acordo con todas as organizacións galegas.

Outros pontos xa foron defendidos, dalgun xeito, mediante iniciativas parlamentárias pontuais, polos nacionalistas no Parlamento. Outros, como a Lei de Património Forestal, van presentalos inmediatamente.

A defensa e expansión da economia gadeira, iniciativa que xa foi rexeitado no Parlamento pola maioria *popular*, volve estar no rexisto porque se considera crucial a sua importáncia, ou como di o refrán *a quen non quer caldo sete cuncas*, "pois non se entende como pode ser un perigo para a política agrária da comunidade o que Galiza produza un millón máis de litros ao ano cando países como Holanda ou Dinamarca producen cantidades moi superiores ás galegas". En palabras de Beiras, para entender isto a clave está no uso da terra, que se quer destinar a unha economia de plantación.

Con todas estas iniciativas, xunto con outras como a reforma da constitución ou do Senado, o BNG cre cumprir os seus compromisos, ou como o seu portavoz parlamentário dixera ao início da actual lexislatura, de "combinar a crítica demoledora a Fraga co traballo pausado pero constante de levar ao Parlamento iniciativas programáticas".♦

Só a CIG estima que non é necesária

A regulación de emprego en Alúmina utilízase para acolchar o conflito asturiano

■ HERNÁN NAVAL/VIVEIRO

As centrais sindicais UGT e CC.OO. viñeron defendendo a oportunidade do convénio único para as plantas de alumínio de Avilés, Coruña e San Cibrán en base a que a sua sinatura evitaria unha regulación de emprego na factoria da Mariña. Sen embargo, asinaron un acordo específico hai un mes; a CIG non o fixo ao non recoñecerlle lexitimidade ao Comité, cuxa dimisión, pola actuación das maioritárias centrais españolas na negociación, viña sendo reclamada pola asemblea dos traballadores. Mesmo alguns representantes das centrais nacionalistas xa dimitiron nun intento de arrastar na decisión aos delegados das outras centrais. O primitivo proxecto de convénio único baixaba o salário base e a atiguedade, e estabelecia a mobilidade funcional dos operários; mesmo a empresa pretende retirar o servizo médico a turnos, deixándoo só a xornada normal, cando son máis de trescentos os traballadores que rotan.

Segundo o voceiro da CIG Manuel Cedrón, único representante nacionalista que permanece no Comité co propósito de fiscalizar a sua actuación até que se force a dimisión colectiva reclamada pola asemblea de traballadores, a regulación de emprego que ao cabo anúncia a empresa e que afectaria a uns 150 empregados "empréndese co exclusivo fin de acolchar unhas máis sérias regulacións nas fábricas de Avilés e A Coruña". Estaríase a procurar deste xeito evitar un agravamento dos conflitos laborais en Astúrias, onde a resposta obreira podería ser maior, ao reducir o número de traballadores regulados no número anunciado para San Cibrán. "A regulación", sostén Cedrón, "foi primeiro o arma arroxadiza co que se nos queria colocar o convénio único. Agora é a manobra de INESPAL para evitar cristos maiores en Avilés". A INTG-CIG ten anunciado que se vai opor a calquer regulación "na empresa de menor custe do grupo do alumínio, a de máis calidade e a máis moderna de Europa". De feito, o Xefe de Persoal de INESPAL, García Lavandera, en reunión cos delegados sindicais, calificou a regulación en San Cibrán de "calderilla". A empresa xustifica a regulación pola persistente baixa no mercado do alumínio, o que obrigaria a unha redución da produción. Sen embargo, A.-A. acaba de mandar para o mercado ruso, através dunha multinacional alemá, unhas 5.200 Tm. de alúmina en sacas, segue a vender unhas 120 Tm. diárias de alúmina hidratada e continua a vender produción á *Pechiney* francesa.♦

Felipe González 'As ideas de autodeterminación non van cos españois'

"Se alguén pretende que hai xente en España que apoie a idea da autodeterminación, non sabe o que di". Isto é o que declara Felipe González ao director da revista norteamericana **New Perspectives Quarterly (NPQ)** (número 9, publicado en Xaneiro) nunha entrevista co director Nathan Gardels. "E que lle retruca aos líderes cataláns cando lle din que teñen tanto direito á independéncia coma os lituanos ou os croatas?", pergunta o director da *NPQ*. "A min estas afirmacións déixanme frio - di o presidente español-, e voulle explicar por que: porque os mesmos líderes que din tal cousa non falan en sério. Ao final sempre recoñecen que estas comparacións son ridículas. Saben que esas ideas non van cos españois". Nathan Gardels quer saber que límites se deben poñer á autodeterminación na Europa, a xuício de González. "O primeiro que hai que dicer é que as constitucións do exbloque do Leste non foron votadas democráticamente. Antes que nada, haberia que cumprir ese requisito. No caso de lugoeslávia, o país chegou a unha situación irreversíbel. A única saida que agora ten é a de procurar unha nova estrutura. Non hai volta atrás. Para os croatas non haberá solución a menos que teñan conta das minorias sérbias. (...) No entanto, Europa terá que mirar ben as ecisións que toma a este respeito. Deberiamos facer como a Administración norteamericana e agardar. Iso é o prudente".

Auga palestina para os colonos sionistas

No centro da relación entre Israel, Xordania e Líbano seguen estando os limitados recursos de auga da zona. François Chipaux adícalle un artigo a este problema no **Le Monde** de 29 de Xaneiro. "Pois que non hai lexislación internacional específica na área, compre acadar acordos sobre bases de cooperación. Pero esta posta en comun de recursos é difícil de artellar xa que os sistemas hidrolóxicos ignoran as fronteiras nacionais. A situación na que se atopan vários paises de Oriente Próximo non son comparábeis porque Síria e o Líbano son os menos afectados pola seca. Israel ocupa a Ribeira Oeste do Xordán, os Outeiros do Golán, e parte do Sul do Líbano. Trátase de zonas de vital importáncia para Israel pero non só desde o ponto de vista militar. Un informe recente das Nacións Unidas denúncia que o 67 por cento da auga que está a consumir Israel ven de fóra das suas fronteiras de 1948. O 35 por cento ven da Ribeira Oeste e dos afluentes do Xordán. O 22 por cento ven do Golán".
François Chipaux di que ocupando os altos do Golán e parte do Líbano, o exército sionista tomou control das fontes do Xordán que fornece o lago Tiberiades, depósito principal de Israel. "Desde o lago Tiberiades, arranca o canal principal construido polo governo de Tel Aviv, que entra no deserto do Neguev. Esta condución estratéxica absorbe prácticamente o caudal do Xordán (...) pero aparte desta via de auga as outras duas fontes principais son senllos acuíferos. Un deles está na Ribeira Oeste (...) onde a terra cultivada polos palestinos reduciuse do 27 por cento ao 3.7. Os menos de cen mil colonos xudeus, consumen case tanta água como o millón de palestinos que ali viven".

Privatizar, unha consigna impopular en Moscova

A privatización vai devagar en Moscova, segundo comenta Javier A. Dorronsoro nunha crónica de viaxe á capital rusa publicada na revista **Página Abierta**, de 6 de Febreiro. "Unha das razóns (para que o cámbio a mans privadas non se realice decontado), é que o control do seitor segue a ser sinónimo de forza para as novas burocrácias que ocupan o poder. A liberalización de prezos faise nun momento no que non hai competéncia entre empresas, nunha situación de monopólio e escasez. Asi, os précios poden subir até o ceo".

Dorronsoro refírese ao reparto de accións entre o persoal das empresas que pasan a mans privadas. "No proceso de privatización dos armacéns *Gum* (na Praza Bermella), a televisión entrevistou a meio cento de traballadores e nengun deles recebera participacións. Outras empresas si que se privatizaran, pero non funcionan porque non lle dan chegado os fornecementos que controla o Estado. Tal é o caso da empresa *Camas*, na que traballan 80.000 persoas. As tendas do Estado vanse oferecer en subasta pero a opinión da xente sobre esta iniciativa é moi negativa, porque só os que fixeran fortunas no mercado negro están en condicións de compralas".♦

AXUDA A ROMENIA

ANTONIO HERNÁNDEZ/*VOZ NOTICIAS*

O Conselleiro de Indústria, Xoan Fernández, despide a caravana galega de axuda a Roménia desde a Praza do Obradoiro, acompañado polo presidente da Xunta. A carón del, a sua afilada Maria Méndez, promotora da *Asociación Gallega de Ayuda a Romenia*

Maria Méndez teria entregado donativos dos catro camións chegados, sairon sete, a prol da campaña da *FSN*

Expres de Bucarest di que parte da axuda galega a Romenia foi vendida a particulares

■ G.L.T.

Unha parte da axuda galega a Romenia foi vendida a particulares e o resto repartido por axentes da campaña eleitoral do partido de Petre Roman, a *Fronte de Salvación Nacional (FSN)*. Nesta operación de propaganda intervira Maria Méndez, asesora persoal de Roman, e organizadora da campaña a prol de Romenia con aval da Xunta, segundo declara á revista de Bucarest *Exprés* un ex-colaborador do *FSN*.

A caravana, formada por sete camións con víveres, roupa e medicinas, fora despedida o 30 de Abril pasado na praza do Obradoiro polo presidente da Xunta, o conselleiro de Indústria e Maria Méndez en calidade de representante da *Asociación Gallega de Ayuda a Rumania*, de par do cónsul romeno Basili Dan. Sobre o destino derradeiro daquel envio publica unha ampla información o semanário de Bucarest *Expres* no seu número de 27 de Xaneiro. O redactor desta publicación Dan Badea entrevista a Cristian Iorga, ex-membro da *Sociedade Romena de Caridade (SRC)* e do *Clube 22* que interviu no reparto das axudas enviadas desde Galiza.

Iorga acusa á Iulia Starcz, presidenta da *SRC*, de se comprometer con membros sobranceiros do partido de Petre Roman a axudar ás suas campañas eleitorais con donativos da institución de caridade. Dacordo con esta versión, Cazimir Ionescu, candidato de Roman a alcaldia de Bucarest, prometeu a Iulia Starcz un posto de concelleira a cámbio de entregar parte da axuda galega na campaña campaña eleitoral da capital romena.

Dan Badea cita no seu traballo de *Expres* un artigo de *Romenia Libera (RL)* (ver ANT número 502) no que o xornalista P.M. Bacanu se interroga sobre o destino dos seis camións despedidos por Manuel Fraga en Compostela. "Maria Mendez mentiu -asegura Cristian Iorga- cando di que levou os camións a Prahova. O que fixo foi entregalos á señora Starcz, presidenta da *SRC* e foi gardada na sede do *Clube 22*. As chaves do depósito tiñámolas a señora Starcz e eu".

De sete a catro camións

O confidente do semanário de Bucarest fai unha aportación á polémica sobre a composición da caravana. Na información filmada pola TVG o 30 de Abril no Obradoiro aparecen sete camións (dous con matrícula alemá), ainda que o gabinete de Prensa da Presidéncia da Xunta sinalou que eran seis. "Repartimos a axuda segun nos petou - indica o confidente do semanário de Bucarest. Ao *Clube 22* chegaron catro camións e dixeron que o resto fora repartido polo país. Iulia Starcz tiña que xustificar no reparto o contido dos outros dous distribuidos por Maria Méndez. (...) Todo o leite en pó foi vendido (por Iulia) a unha farmácia ao précio de 60 Lei cada bolsa de 500 gramos. Iulia quedou con -parte dos cartos. Vendéronse sesenta caixas de vinte quilos cada unha".

> **A** meirande parte da axuda galega serviu para a campaña eleitoral dos candidatos da FSN Cazimir Ionescu e Dan Iosif.

Pero a meirande parte da axuda galega serviu para a campaña eleitoral dos candidatos da *FSN* Cazimir Ionescu e Dan Iosif, segundo a denúncia de Iorga. Ionescu levou a Teleorman parte da carga dos camións, xunto cos directivos do *Clube 22* e propúxolles que aparecese el mesmo como responsábel do reparto. Dan Iosif foi a Giurgiu coas axudas "El ia nun coche do do *Clube 22* e Iulia e Maria Méndez noutro".

O xornalista Dan Badea asegura que confirmou as precisións do denunciante sobre as responsabilidade do reparto e a utilización das axudas na campaña electoral do *FSN*. Tamén comprobou a venda de obxectos procedentes de donacións no comércio *Carrom-SRL*, no número 62 da rua Popa Neán de Bucarest.

O diário *Romania Libera* de 20 de Novembro calificaba de *vergoña nacional*, o caso de adopción fallida de nenos de Romania por famílias galegas, con implicacións directas para Maria Méndez, a embaixada española e o governo de Petre Roman. O conselleiro de Traballo, Gil Sotres, nunhas declaracións á TVG manifestou que habia que restituir o bon nome a Maria Méndez, exposto a críticas como a que imprime o semanário *Expres*.♦

NAZIS NA CORUÑA

PACO VAZQUEZ QUER LIMPAR A TEA DA *ARAÑA*

NICOLÁS CAO

Paco Vázquez ponse agora o uniforme de Simon Wiesenthal —creo que se chama asi o cazador de názis de máis sona— para aplicar o insecticida da información, da investigación histórica, á *Araña*, aquela organización adicada a montarlles a fuxida cara a América aos názis derrotados na guerra mundial. "Numerosos criminais de guerra názis utilizaron o porto da Coruña", trona Paco, e non será de pé de banco o que di.

Ainda que máis notícia seria o contrário, quer dicer, que A Coruña fora o único porto do Estado español pechado á diáspora názi, *La Voz de Galicia* reproduciu as declaracións do alcalde a toda plana o Domingo 16 de Febreiro e, que o demo me leve!, volveuna repetir cinco dias despois, tamén a toda páxina, o cal induce a pensar que o tema si que debe ter miolo abondo. De primeiro xa todos sabemos que Paco Vázquez anda tras a pista e que lle pedirá ao Corcuera información sobre os casos de názis que fuxiron pola Coruña, Vigo ou Lisboa entre os anos 1949 e 1952. Josef Mengele, *O Anxo da Morte*, poderia estar entre eles, fuxindo nesas datas cara a Arxentina, o que non deixa de ser unha revelación da biografia do personaxe, supoño.

O interese do alcalde encamíñase, máis ca nada, a coñecer o grau de axuda que daquela prestaron á *Araña* "alguns filo-názis, alguns deles posibelmente con responsabilidades oficiais na rexión galega" —non queda claro se na de entón ou na de agora, ou se será en ambas duas—, non sendo que, coma o candidato norte-americano Pat Buchanan que el cita, aqueles fascistas teñan agora a ousadia de apresentarse ás eleicións democráticas ou de ocupar cargos de responsabilidade neste réxime: vaiche boa!... Desde a igrexa de Pío XII a toda a arañeira do franquismo, o III Reich atopou a mellor disposición nestes eidos de princípio a fin, polo que non se entende este repique de campás chamando a limpar a tea ainda que a predisposición do Paco ben paga esperar polo resultado da campaña de policia...

> 'As notícias de nazis parecen ser unha ameaza encuberta contra persoas que Francisco Vázquez ainda non desveou'

Tampouco se entende, sen embargo, que o alcalde coruñés teña que recorrer agora ao Corcuera cando na sua própria corte municipal pódenllo contar informadores de primeira man, e máis ainda: non se gabou el da amizade persoal e política do defunto González Dopeso que en paz descanse? Pois Dopeso daquela militaba activamente na Falanxe: como non lle perguntou pola *Araña*? Polo demais, esta mesma alianza xa contradi o seu interese en pór na picota e neutralizar democraticamente aos filo-názis de antano, ou non? E a que ven agora este espalle con eles? Non hai hoxe suficientes con mando en praza e estado para ter que resucitar outros? Aqueles son muiños, meu señor, os xigantes veñen por estoutra banda...

E cando tan pouco gosta da investigación e transparéncia informativas, algo moi particular ten que andar a buscar Paco Vázquez naquela tea da *Araña*. Porque non fai falta chegar lonxe para demostrar o seu talante como fonte da história. Dias antes deste *scoop* a conta dos názis, o 12 de Febreiro, pronunciou na faculdade de Económicas da Coruña unha conferéncia que tornou nun colar *majorica* coa chea de perlas que foi soltando, ainda que este non é momento da sua glosa. "Lembrou os seus tempos na clandestinidade no PSOE", segundo as crónicas do acto, e isto si que pudo ser un titular tendo conta de que el entrou no partido no ano 76...

As notícias de názis e filo-názis, ainda que correspondan ao pasado, poñen os pelos de ponta. Pero Paco usa gomina, como o leitor sabe, e se é quen de colocar notábeis trolas do pasado máis recente sen se despeitar, seguro que mellora a facha cunhas décadas atrás. Pódese apostar por unha continuidade de culebrón: *O veleno da Araña*, vaia unha suxeréncia para titular. A quen llo dedica o alcalde?, por que? É unha ameaza encoberta? Cando descobrirá Paco os nomes daquela tea? Ficaremos abraiados?, quen pode terlle medo ao culebrón do alcalde?...

Abriremos as páxinas da *Voz* co mesmo desacougo co que outros agardan por dona Adelaida. Coa vida posta no culebrón. Ainda que calquer dia afastan o guión e nos surprenden, tamén a toda páxina, con que a Praza de Maria Pita seguirá onde está por decisión do alcalde, non che digo que non.♦

EXÉRCITO E SOCIEDADE

O COMPROMISO MILITAR ESPAÑOL COA MILI

DUARTE CRESTAR

Adícolle o artigo a Gonzalo Ruiz, morto durante a ocupación militar de Reinosa de 1987, por efeito da intoxicación producida polos botes de fume lanzados pola Garda Civil.

Coincidimos en que no decurso dos últimos anos se ven forxando un estado de opinión pública contrário ao Servizo Militar que devén maioritário. Coincidimos tamén en que se foi xestando nun contexto de formulación e extensión dunha campaña pola abolición da míli, que conqueriu obrigar aos centros de decisión guvernamentais e castrenses a tomar medidas sobre este contencioso. Coincidimos, ademais, en que as correntes en circulación no campo do deseño das políticas militares pulan cara os exércitos profisionais de voluntariado, máis eficaces e rápidos.

Daquela, por que non aboliron o Servizo Militar Obrigatório na lei de 1992? Por que tanta teima co mantimento do recrutamento forzoso?

Hai moitas razóns que parecen explicalo. Pretendemos de seguido dar conta dalgunha delas.

OS PORQUÉS DA MILI

Por unha banda as previsións demográficas, como sabemos en clara liña descendente, que levan a pensar que os efectivos humanos cos que poderán contar as FAS se irán reducindo progresivamente, afectando, segundo os seus cálculos, á própria capacidade operativa. Engádaselle a isto o mar de dúbidas que borbolotean sobre o atractivo do voluntariado entre a mocidade, como confirma a experiéncia precedente.

En segundo lugar, conforme aos modelos de exércitos que barallan os estrategas, o obrigatório-mixto (como o actual) resulta o máis barato e o máis adaptado ás prioridades de gasto(1).

Na esfera política, de abolir-se agora, produciríase nunha conxutura de triunfo anti-militarista que lle poderia servir ao movimento para lexitimarse aos ollos da xente e para adquirir un meirande prestíxio e credibilidade, posibilitándolle continuar con máis iniciativas.

O exército, finalmente, veria recortados mecanismos (o Servizo Militar Obrigatório, en concreto) dos que dispón hoxe en dia para cumprir as suas funcións políticas de cara a sociedade, que tamén as ten. Aqui é onde nos interesa deternos, particularmente no papel nacionalizador que sobre a povoación galega exerce, ou, cando menos, procura exercer.

Máis ou menos todo o mundo somos da opinión de que o exército, o español sen reparos, é depositário e transmisor dunha ideoloxia de signo conservador reaccionário. O seu reflexo atopámolo en moi diversas manifestacións nas que participa (nos valores que propaga, nas arengas que pronúncia, no tipo de cerimónias que celebra...) E tamén no prototipo de sociedade e de estado que prefire. De forma máis clara, a cúpula castrense mantén ainda sérias controvérsias arredor da configuración do Estado español como Estado das Autonomias.

Segundo se recolle nun estudo publicado no 89(2), "a mentalidade militar ve nas Autonomias e na sua reivindicación o xermolo perigoso do separatismo que pode rachar a unidade da Pátria".

Convén anotar que o conflito nacional non ten o seu inicio hai uns anos nen hai unhas décadas. Arranca de vello, e, relativamente próximo a nós, na Guerra Civil do 36 adoptará formas dramáticas. Será a raiz dos resultados que deparará a contenda cando Franco, axudándose do seu Exército español, comezará o proceso de "reconstrución nacional", que de sobras coñecemos. O sistema contará cun apoio inestimábel nas forzas armadas para a nacionalización da estrutura social, considerando asemade que o proxecto de afirmación "nacional" se realiza mediante un instrumento organizativo orientado polo centralismo político-administrativo, que reproduce no Estado os princípios organizativos militares de unidade de mando(3). O

protagonismo político e social extremado do estamento militar vivirá a sua continuación durante a chamada transición á democrácia e no seu desenvolvimento posterior.

Estas relacións de conflito interno estabelecidas secularmente, non afectan unicamente ao artellamento nacional do Estado español, senón ademais á monopolización da violéncia lexítima por parte deste, cuestión reiteradamente disputada no curso dos últimos tempos. De tal modo que estes litíxios foron conducindo á percepción institucional da ameaza, en grande medida, cara dentro das próprias fronteiras, facendo do Exército unha organización especialmente vixiante co discorrer da vida no "solar pátrio".

O aparello militar utilizou o Servizo Militar Obrigatório como unha preciosa ferramenta (básica, apostillan alguns autores(4)) de difusión dos valores nacionalistas (españolistas), actuando na reafirmación da língua castellana, marcando os obxectivos da comunidade e homoxeneizando a cidadanía; afortalando a tendéncia centralista do Estado e procurando a precisa aceitación a respeito da autoridade estatal. Isto entendémolo moi ben simplesmente ollando como os mozos, durante o seu período de prestación, son empapados en valores contrapostos cos que lles son característicos aos movimentos nacionalistas.

Non é un tema baladi. Se ben pode replicarse que, presupoñendo que a conciéncia nacionalista opera como un motivo (como a anti-militarista en sentido estricto, ou outras) que aviva a obxección de conciéncia ao Servizo Militar, non se apresenta na actualidade como un fenómeno sinaladamente espallado entre a mocidade e a povoación galega, parándonos nas estatísticas ministeriais (1976-1989) observamos que a Galiza,e en maior grao Asturies, o País Basco e a Catalunya, son quen, de todas as Comunidades Autónomas, proporcionan unha aportación menor de voluntários ao Exército; acompañando o razoamento de Cristino Barroso(5), teriamos que concluir que de non haber Servizo Militar Obrigatório, non haberia apenas soldados destas procedéncias.

O aparello militar utilizou o Servizo Militar Obrigatório como unha ferramenta de difusión dos valores nacionalistas españois

Abofé que non son homólogas as posicións da Galiza en comparación coa Catalunya, ou o País Basco. Interactuan moitos máis elementos que a conciéncia nacional, e dunha forma dispar. Tampouco é a mesma a presenza social-política-institucional do nacionalismo nestes países, no noso perxuízo.

Atendendo a esta variábel do nacionalismo, tamén os índices de obxección de conciéncia semellan socorrer esta hipótese. A ninguén se lle escapa que é a Euskadi, nación identificada e vertebrada sobremaneira coa filiación nacionalista, quen se adianta extraordinariamente a respeito do conxunto, do Estado, acadando unhas procentaxes superiores ao 28% sobre o continxente, cando a média estatal se cifrou en 1990 no 13,76%.

TIRAR ALGO EN LIMPO

Valorar esta dimensión do anti-militarismo desde o nacionalismo galego, cobra, ao noso entender, unha relevância da que hoxe carece. Nomeadamente dirixímonos ao nacionalismo de impronta progresista e crítico, porque a importância do anti-militarismo do que falamos reside non só no caudal de enfrontamento ao Exército que reporta, senón tamén na contribución que realiza á posta en cuestión da idea de que os procesos de construción nacional han de levaren aparellados a formación de estruturas militares próprias; aspecto este que se translada ao primeiro plano do debate político a pouco que nos fixemos nos últimos fenómenos de autodeterminación na Europa e na acción obstaculizadora e represora das Forzas Armadas sobre eles.

Non debemos cair na imprudéncia de deixarnos arrastar polos ventos que zoan proclamando o abandono das FAS da sua personalidade intervencionista interna en favor da procura dun meirande despregue cara o exterior. Ben é certo que as condicións son propiciatórias para que os obxectivos militares (agás, obviamente a Garda Civil) se encaren máis aos estados do Magreb, por exemplo, que a calquer asunto doméstico, cos que, polo momento, xa poden a Administración de Xustiza, o ambiente de resignación social, os pactos autonómicos, a Policia Nacional ou a mesma Benemérita.

Sen embargo, o que sabemos do presente (xa se chame ameazas intimidatórias que desde algunha instáncia do estamento militar se profiren sempre que se reabre a polémica sobre o direito á soberania das nacións do Estado español, ou se chame ascenso de militares implicados na intentona do 23-F, ou se chame mantimento do recrutamento forzoso, ou se chame como se queira) non pode por menos que alimentarnos os nosos sans receios.

Para que palabras como as pronunciadas polo coronel García Campos, o pasado 11 de Febreiro, aludindo ao cámbio de nomenclatura de organismos militares, que ao seu ver respostan a "un afán estúpido y revanchista de borrar viejas denominaciones de otros tiempos, no sé si mejores o peores, pero sí más queridos"(6), non volvan estar na boca de quen ostenta o monopólio da violéncia lícita. Para que conquistemos un mundo sen exércitos, nen obrigatórios nen voluntários. ♦

Duarte Crestar Pena é membro do C.A. ROMPAMFILAS de Compostela e da Asemblea Nacional de Obxección de Conciéncia.

(1) Hai dados que aseguran que o Estado español é o membro da OTAN e da CEE que máis gasta na importación de armamento.

(2) A. Pérez Henares, C. Malo e E. Curiel, *Luces y sombras del poder militar en España*, Madrid, Temas de Hoy, 1989, pp. 41 e 43.

(3) C. Barroso, *¿Para qué sirve la mili?*, Madrid, S. XXI, 1991, p. 197

(4) R. Bañón e J.A. Olmeda: *Las FAS en España: institucionalización y proceso de cambio (1939-75)*, en R. Bañón e J.A. Olmeda, *La institución militar en el Estado contemporáneo*, Madrid, Alianza Universidad, 1985, p. 285.

(5) C. Barroso, *¿Para qué sirve la mili?*, Madrid, S. XXI, 1991, p. 211.

(6) Revista Tiempo, nº 512, de 24 de Febreiro de 1992, p. 29.

O REI DEPORTE

■ VITOR MIGUEZ

• Apesar da proibición estipulada nos regulamentos pertinentes, numerosas esvásticas názis seguen a se colocar nos campos de fútbol da España. Farto destes abusos, o adestrador do Valencia, **Guus Hiddink**, mandou retirar unha persoalmente nun recente partido contra o Albacete. Ante este feito, o Governador civil comentou con sorna que "*Hiddink no es la persona más apropiada para este tipo de cosas*". O máis curioso de todo é que o próprio Governador ten a obriga de proibir a exibición das esvásticas e non só non as retira, senón que critica aos que o fan por el.

• **Fernando Collor de Melo**, actual presidente do Brasil a quen non se lle ocorre mellor idea para paliar a crise que apresentar a Brasília como sede de próximos xogos olímpicos. Haberia que perguntarlle a Collor de Melo de onde pensa sacar os cartos nun país onde a única marca que se bate é a do número de famentos por quilómetro cuadrado.

• Dias despois do seu remate, o caso **Fran** pretendeuse saldar cunha suposta concórdia galaico-madrileña; asi o manifestaba o Secretario Xeral do R. Madrid, Otero Lastres, quen comentaba "agardamos que cando o noso conxunto vaia xogar á Coruña sexa recebido co agarimo tradicional". Tais declaracións facíanse logo de o clube branco tiver renunciado por dous anos a Fran. A prensa aireou moito a teórica "concórdia" sen pararse a comentar que o Madrid xa renunciara a Fran cando levaba dous anos sen porse en comunicación con el.

• Na programación baloncestística da **Radio Galega** un ano máis os sofridos ouvintes teñen que aturar as palavras dun comentarista que ten á língua española como único meio de expresión. O comentarista en cuestión non se "corta" cando ten dúbidas de expresión en aludir ao Diciónário "de la Real Academia Española" ou tamén "a nuestra lengua". Cun comentarista tan lúcido na filoloxia, a que agardan os da "Nosa Radio" a regalarlle unha gramática?

• Un novo exemplo da importáncia concedida ao deporte no seo das Universidades do extranxeiro vémolo agora no caso da Autónoma de Barcelona; ali celebraranse proximamente os **III Xogos Intercontinentais de Armas Prehistóricas**. Ditos xogos contan con probas do estilo de: Tiro de Precisión con azagaia, Tiro a Distáncia con Propulsor ou Tiro de Precisión e Retorno con Boomerang. Descoñeciamos na redacción a existéncia destas disciplinas, pero á vista das circunstáncias haberia que comezar a indagar nunha posíbel orixe castrexa da chave. ♦

MOVIMENTO ESTUDIANTIL

Apoio, pero non seguidismo de Villares

Os CAF retomarán o traballo reivindicativo, sen abandoar os órganos de decisión

■ MANUEL VILAR

Durante dous dias de intensos debates, os CAF celebraron a sua IX Asemblea Nacional no camiño de consolidarse como a máis importante organización estudiantil universitária galega. A participación foi moi activa e numerosa, destacando a masiva afluéncia de estudantes dos primeiros cursos universitários, co que se bota por terra o mito do estancamento do movimento estudiantil.

A Asamblea dos CAF decidiu manter o apoio á equipa de Villares esixindo que cumpra o seu programa eleitoral

O tema central desta asemblea foi como artellar e adcuar un movimento estudantil reivindicativo, que nacera dun xeito disperso e dispar, á actual situación universitária e á crítica realidade social do país. A este respeito aprobáronse duas ponéncias alternativas á apresentada pola dirección sainte, ainda que non se desbotou a ponéncia oficial e considéranse que son complementárias. As diferenzas son, quizais, tan só de matices.

Segundo unha das ponéncias aprobadas, os CAF tiñan abandonado ou facíano con certa timidez, ben por relaxamento ou ben por caréncia de meios, o seu labor reivindicativo e o seu traballo cultural centrándose tan só no labor institucional. Isto levaba o risco de perder contacto coa realidade cotiá das facultades, de facer máis vertical o funcionamento interno e de perder dinamismo. "Os CAF teñen que ser transformajdores, inconformistas e reivindicativos e a reivindicación faise ali onde se teña presenza; nas asembleas, na rua, nas xuntas de facultade ou no claustro. Ninguén desbotou o abandono da participación nos órgaos do poder, tan só se dixo que habia que ser críticos con este e non seguilo dun xeito mimético". Pero pontualízase que "hai que recobrar e estimular o traballo comprometido nas aulas e nas faculdades como a atitude ética de estudar, viver, actuar e ser dos CAF nesta Universidade".

Os CAF defínense politicamente como "unha organización nacional dos/das estudantes das Universidades galegas. Apostamos por uns CAF transformadores e inconformistas, comprometidos coa liberación nacional da Galiza, por un movimento estudiantil reivindicativo e crítico no que a sua actuación institucional estexa subordinada á organización e mobilización do estudante como mellor camiño para estender o noso horizonte alternativo". Organizativamente defínense como "unha organización independente dotada de proxecto próprio, democrática e plural, aberta e ampla". É unha definición menos ambígua e que significa un paso cara un maior compromiso activo.

Non hai desvinculación de Villares

A actual equipa reitoral, vai seguir contando co apoio dos CAF. Mais estes fixeron unha crítica aos dous anos que os nacionalistas levan no pazo de San Xerome. Para un sector dos CAF a equipa de Villares non puxo o dente a sectores como a selectividade económica ou académica, "os servizos ofertados seguen sendo de baixa calidade, o ensino está cada vez máis deteriorado, e a política de normalización lingüística é timida (o servizo de publicacións segue a publicar libros en castellano"). Para os CAF, as expectativas que tiña criado Villares coa sua chegada ao reitorado compostelán non se teñen cumprido.

Ainda que nun dos documentos aprobados se di que os CAF non se identifican co governo universitário, " non significa negar o noso apoio e colaboración pontual", vários membros da nova dirección matizaron que "Villares é o mellor reitor que houbo até agora, non hai pois desvinculación de Villares, tampouco hai seguidismo. Esixirémoslle que cumpra o seu programa eleitoral".

A Asemblea aprobou, tamén, unha resolución na que esixen o fin do bloqueo económico e político sobre o povo cubano. Outra resolución mostra o apoio estudiantil "entusiasta e solidário" á Folga Xeral do vindeiro dia 2 de Abril. Tamén se comprometeu cunha linguaxe non sexista.♦

ECOLOXÍA

Máis de cuarenta grupos celebraron a sua reunión anual

A Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas acordou facer unha campaña de oposición ás celulosas

■ B. LAXE

Perto de cento cincuenta participantes pertencentes a cuarenta grupos ecoloxistas e naturalistas celebraron a sua asemblea anual na comarca da Límia na que se debateron os distintos problemas meio-ambientais que están a afectar á Galiza, ademais de desenvolver numerosas actividades paralelas, como talleres de reciclaxe, mesas redondas, proxeccións ou roteiros ecolóxicos.

As manifestacións ecoloxistas contra Celulosas son unha constante desde a criación das primeiras organizacións ecoloxistas

A Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas da Galiza valorou na sua reunión anual, celebrada na Límia, "negativamente o Plano Forestal elaborado pola Xunta", decidindo facer unha campaña reivindicativa "da rentabilidade das espécies autóctonas e da conservación dos bosques" asi como de oposición a novas celulosas.

Tamén aprobaron os perto de cento cincuenta participantes, representanto a cuarenta grupos de toda a nosa xeografia, "levar adiante unha campaña para que se recoñeza o valor e interese social da recuperación e reciclaxe de todo tipo de materiais".

Outro dos pontos debatidos foi o do impacto ecolóxico das minicentrais que están a proliferar agora nos rios e regatos, polo que a asemblea da AGENG acordou "advertir do perigo que pode supor a construción masiva de mini-centrais sen unha avaliación prévia do impacto ambiental das suas consecuéncias".

Outro dos acordos tomados na reunión da Límia foi o de denunciar "a pasividade da administración ante a indefensión dos gadeiros galegos afectados polos danos producidos polos lobos", xa que a Xunta négase a pagar indenizacións.

A situación das comarcas como Os Ancares e O Caurel tamén foi debatida, tomando a resolución de pedir "unha protección eficaz do entorno ecolóxico e sócio-cultural que albergan estas duas paraxes". Tamén acordaron oporse á "destrución do património histórico e natural do máis importante val glacial galego", o do Cenza, no que están a construir unhas pistas que o estragan.

Unha disertación do pedagogo Xosé Paz sobre a educación ambiental deu lugar a un debate que finalizou tirando a conclusión da necesidade de apostar pola potenciación de "programas de sensibilización que xeren atitudes positivas de defensa e protección do meio ambiente".

Nesta xuntanza da AGENG, na que tamén estiveron presentes organziacións portuguesas,"coas que se vai intensificar o intercámbio", acordaron tamén "manifestar o total rexeitamento á celebración do V Centenário, que entendemos como o início do xenocídio de culturas e povos da América que ainda hoxe se repite".

Rexeneración da lagoa de Antela

O celebrarse na Límia a xuntanza de gruposecoloxistase naturalistas motivou que se estudase e analisase especialmente a situación ecolóxica meio-ambiental desta comarca, chegando á conclusión de reclamar a rexeneración da lagoa de Antela, "xa que o seu interese actual, despois da desecación, é produtivamente nulo, sen embargo a sua recuperación repercutiria beneficiosamente sobre a ecoloxia e o desenvolvimento económico da comarca".

Acordaron tamén denunciar as desastrosas consecuéncias ecolóxicas ocasionadas pola concentración parcelária nesta comarca, "particularmente as talas do arborado, efectuado incluso en moitas zonas protexidas", asi como oporse á construción de dous aeródromos na comarca.♦

Carme Blanco

'O acceso das mulleres á escrita literária implica un dobre esforzo'

■ XAN CARBALLA

Cunha prolongada traxectória na análise da obra das mulleres escritoras e da criación feminina en xeral, Carme Blanco é unha das figuras máis importantes na crítica literária de Galicia. Profesora de literatura galega, autora de libros como *Literatura galega da muller*, *Conversas con Carballo Calero*, edicións críticas e colaboracións en prensa, reivindica a loita das mulleres contra a cultura androcéntrica.



ANXO IGLESIAS

***Muller e cultura* é o título dun encontro que se celebra nestes dias en Santiago. Hai un xeito especial de entender a cultura por parte das mulleres?**

No contexto histórico no que estamos, e nos que coñecemos, a muller é educada nun *ghetto*, e as mulleres como xénero participamos nun certo xeito nunha cultura feminina e os homes nunha masculina. Despois está a grande cultura, a cultura sen adxectivos, e esa foi feita fundamentalmente por homes e nela déixase ver a perspectiva masculina, ou máis exactamente a visión do mundo androcéntrica. A visión do mundo própria do varón adulto, de raza branca e até hai moi pouco de clase social acomodada. Coa impronta dos novos movimentos sociais renovadores, do marxismo, do sindicalismo,... no pensamento e na sociedade, conseguiuse que as clases populares entraran na história como obxecto e como suxeito participativo. Pero non ocorreu o mesmo coas razas que non son a branca nen, desde logo, as mulleres.

> Na cultura, no pensamento e na ciéncia estanse introducindo visións non androcéntricas. Non só femininas.

Hai todo un movimento reivindicativo de todos os grupos e sectores marxinados e no terreo cultural, no pensamento e na ciéncia estanse introducindo visións do mundo non androcéntricas. Non só femininas.

Finalmente estaríamos ante un problema de poder?

A base está niso. O poder é masculino e todo está feito en base a ese prototipo. Mesmo habendo homes que saen dese modelo e traballaron nunha visión distinta, ese seria o prototipo estabelecido.

Célia Amorós ten falado de esquecementos escandalosos de mulleres cando se fai a história do pensamento. Entre nós tamén hai esquecementos?

Célia Amorós ten estudado, no terreo da filosofia, como no século XVIII, que é cando se construe a filosofia da razón, esta é unha razón patriarcal, e a humanidade definiuse en termos dos direitos do home, esquecénse os da cidadá, pésia a que habia mulleres que na altura os reivindicaban. Na nosa cultura tamén se dá iso e é interesante procurar o traballo que fixeron outras mulleres con anterioridade a nós. Aqui temos a grande figura de Rosalia de Castro, que mesmo foi recoñecida pola cultura oficial, pero hai outras figuras menores, entre aspas, que están esquecidas. Ese foi o obxectivo que planteei cando escrebin *Literatura galega da muller*.

Por interese persoal sempre que leia, desde hai moitos anos, fun anotando onde saian mulleres, e fun escolmando esas notas. Na história do nacionalismo, por exemplo, por que non tiñan protagonismo específico as mulleres? Sempre aparecian como mulleres, irmás ou fillas de... e non eran protagonistas, hoxe podemos facer outra valoración. Por exemplo, o labor das mestras na época do galeguismo de preguerra foi importantísimo na defensa da língua, e foi un traballo escuro, pouco coñecido. Os seus nomes non os coñecemos e hai que recollelos.

Literatura de mulleres

Respeito á escrita, hai unha literatura feminina?

Hai moitos xeitos de enfocalo, pero desde o ponto de vista histórico, na cultura occidental as mulleres empezaron a escreber en grupo importante desde o XIX, e fano sen case acceder á cultura oficial, como autodidactas e desde a sua formación de mulleres, cunha instrucción moi precária. Escreben cunha visión feminina tradicional, polo xeral, tamén no caso das escritoras galegas da época. Nótase moito que son mulleres, a concepción da literatura ornamental, a sentimentalidade, son detalles que aparecen moi marcados. Rosalia era conscente desa forma específica de escreber (ten o verso *Daquelas que cantan ás pombas e ás frores din que teñen alma de muller*) e foi capaz de trascender esa impronta xenérica obrigada por razóns históricas.

Pasados os anos, cando xa se incorporaron máis mulleres á literatura na Galiza, xa no XX e na postguera, as primeiras que empezan a escreber seguen moito ese prototipo tradicional e o diferencialismo sexual ou xenérico. Despois, nos anos 60, que é cando na nosa cultura ten máis peso o igualitarismo sexual, impulsado sobretodo polos partidos de esquerda que teorizaban estas reivindicacións da igualdade, as mulleres, conscente ou inconscentemente, queren igualarse en todo ao prototipo masculino e tamén na escrita. Na época da poesia social, cos modelos de Celso Emílio, Ferrin, Manuel Maria ou Luis Seo-

ane, en xeral as mulleres que participan del fano seguindo o modelo dos homes. En xeral as mulleres que escreben entón, a primeira Maria Xosé Queizán, Xohana Torres,... pretenden igualarse.

Despois do 1975, Ano Internacional da Muller, influenciadas polo feminismo, algunhas mulleres comezan a cuestionarse os modelos tradicionais e o que se comezou a denominar no ambiente feminista, a escrita masculina, o androcentrismo. Moitas mulleres, influenciadas polo feminismo da diferéncia, empezaron a escreber como muller distinta á tradicional, trataron de que o seu sexo se vira ali, de marcar as cousas desde unha perspectiva moi própria. Maria Xosé Queizán, na sua segunda etapa, seria o exemplo máis claro disto que digo, pero déixase ver tamén en Margarita Ledo Andión e outras autoras. Preocúpanse por apresentar situacións literárias nas que a muller é protagonista e ten unha presénCia, tratan de buscar personaxes históricas de importáncia e que sexan mulleres e isto vese con forza, tamén na crítica literária, desde os anos 70 e 80.

> No XVIII a humanidade definiu os direitos do home pero esqueceu os da cidadá, ainda habendo mulleres que os reivindicaban

Tamén para as mulleres escritoras o franquismo foi unha lousa e un paso atrás?

Chegárase á República logo dunha síntese de anos, e as mulleres empezan a acceder á alfabetización e á instrucción dun xeito masivo, e lentamente á Universidade. É un momento moi importante, con mulleres actuantes no galeguismo, ainda que fosen de direitas como o caso de Pura Lorenzana, que na revista *Nós* publica unha conferéncia que dictara para mulleres católicas instándoas a que entraran no nacionalismo. Ou unha das primeiras escritoras de textos non literários, Xosefa Iglésias Vilarelle, autora do primeiro manual sobre aprendizaxe do galego, dirixente da escisión de *Direita Galeguista* en Pontevedra. A guerra civil e o franquismo levou ás mulleres á casa, pero o que se avanzou nunca se retrocede de todo e iso transmítese ainda que fose de maneira oral ás fillas.

ANXO IGLESIAS

'Debemos facer unha ponte sobre a cultura española'

En términos de cultura, como nos afecta a nosa situación de non normalidade?

Se non nos interesamos por adquirir cultura por parte nosa, á marxe da institucional que entra polos ollos no ensino e nos meios de comunicación, como non te abras a outras culturas e outras línguas, iso pesa moitísimo. Hai unha forte impronta da cultura española oficial e a cultura galega, polos seus condicionamentos históricos, tampouco ten todas as teclas e hai que crealas. Os mellores escritores galegos superaron isto moi ben coa apertura universal. Foi a idea do grupo *Nós* e foi o que fixeron as persoas máis intelixentes da nosa cultura: estar sempre abertos, facer unha ponte sobre a cultura española e relacionar a cultura galega co que se está facendo no resto do mundo. Grácias a esa ollada por riba superan esas pexas os autores galegos e non lles pesa negativamente. Pero é preciso que moitos máis adoiten esa atitude universalista.

Pensaba máis respeito á língua. Se a diglósia e a tradición literária ainda non moi extensa, xera un problema engadido. Comparte a idea dalguns ensaistas de que escreber en galego é un problema?

Como ser muller, é máis complicado, difícil e problemático que escreber en castelán, porque tes que adquirir língua pola tua conta por exemplo, pero pódese facer e vencer esa dificuldade. Hai que superar ese victimismo, mesmo a base de voluntarismo, ainda que sexa máis difícil e menos rendábel economicamente.♦

Festa da palabra silenciada é proba dun grupo moi amplo de mulleres que escreben, e sen embargo, nos catálogos editoriais ou nos prémios literários, non se reflexa tanto esa realidade.

É unha cantidade importante, pero en cifras relativas respeito aos homes ainda é minoritária. Iso redunda á hora da publicación e dos prémios. Pero tamén incide a calidade e as condicións nas que escreben homes e mulleres. Nós partimos dunha situación pior que a dos homes, temos moito menos tempo. Hoxe hai estudos sobre esta cuestión e as mulleres con fillos, ou nas parellas nas que a muller adica máis tempo, por educación, ás tareas domésticas, todo redunda en contra porque rouba tempo que se podia dedicar a outras cousas. O esforzo da muller é meirande para chegar a adquirir unha cultura que dé acceso á escrita literária; implica un doble esforzo porque non partimos nas mesmas condicións, por moito que poda haber excepcións.

Unha visión *agarimosa*

Examinando a recepción das imaxes de Rosalia, Curros e Pondal, vese como o feito de ser muller permite criar unha imaxe "agarimosa". Non se poderia facer o mesmo con Curros e Pondal.

De Rosalia tense dito de todo, tense feito dela a grande nai, a santa, a choromiqueira,... e como é tan polivalente a sua obra fixéronse outros mitos: a loitadora, a reivindicadora, a existencialista, a feminista... e é que na sua obra hai elementos para facer todas isas leituras. Moitos críticos teñen dito que Rosalia de Castro supera o seu sexo e que na sua obra non se ve que é muller; non comparto esa idea, nótase que é muller e iso paréceme positivo porque ten que criar desde o seu ponto de vista de galega e tamén de muller. Véselle unha gran capacidade de sentir a dór allea, que é unha característica, por cultura, tamén moi feminina, de comprender aos demais que é unha das cousas para as que nos educaron: atender aos fillos, ao home, vivir en función dos demais. Isto percébese máis na sua obra que na dos homes contemporáneos.

Hai mecanismos de marxinación moi sutís. Os críticos dunha película actual como *Frankie e Johnny* esquecian ou minimizaban, conscentemente ou non, que unha parte fundamental do guión é que a protagonista recebeu unha tunda do seu ex-marido, estando embarazada, e quedou estéril. Até que ponto se analisaria unha obra sen saber se o autor é home ou muller?

Nun princípio houbo mulleres que asinaron con seudónimos masculinos ou de apariéncia tal, porque non se xulgarian igual as suas obras. Na nosa cultura pasou o mesmo e no meu libro poño exemplos disto. Alguns críticos empezan por falar de se a escritora é guapa ou non. Críticos moi lúcidos teñen falado deste aspecto e non se concibe falar se Curros é guapo ou non. Cando Luz Pozo Garza publicou o seu primeiro libro e o primeiro era dicer se era ou non guapísima. Respeito a un home nengun crítico empezaria por aí. E non só respeito á beleza física. En obras recentes, como o *Diário do Mimo* de Carme Panero, insistiuse moito na sua sensibilidade especial.

Falamos de Rosalia como exemplo redondo de utilización diversa. Nos nosos dias Manuel Fraga lava a sua imaxe achegándose a figuras da cultura galega. Que opina desa espécie de apropriacionismo cultural do presidente da Xunta?

Con Rosalia fíxose sempre e Fraga é un experto nisto. El colle todo o que nun momento pode aproveitar, a Castelao se é preciso. Pero apóiase sobretodo na corrente de direitas do galeguismo, que é moi importante. O problema agrávase cando se serve de figuras que non dan para iso. Pero pasa en todas as culturas cando hai escritores ou artistas que acadaron o rango de mito, como poden ser os casos de Shakespeare, Cervantes ou Rosalia. Esa utilización sempre acaba sendo unha terxiversación.♦

> A guerra civil e o franquismo levou ás mulleres á casa, pero o que se avanzou non se retrocede

ANXO IGLESIAS

'Os escritores galegos mitifican unha muller nai, forte e de procedéncia rural'

Ten estudado o tratamento da muller na obra dos escritores galegos varóns?

Traballei algo sobre a cuestión, sobre a poesia de Celso Emilio, en Carballo Calero, Otero Pedrayo, Diaz Castro e Cunqueiro, e proximamente publicarei un libro sobre a cuestión.

Hai un prototipo moi constante: a mitificación da muller nai galega, sobretodo de procedéncia rural. Unha muller agarimosa pero forte, capaz de soster unha casa, é o grande mito dos escritores, e mesmo chega a ser unha imaxe de muller que representa a Galiza, que é vista como unha muller que traballa en soedade, como unha viuva á espera dos homes. Esa é unha constante. A própria Rosalia de Castro é vista asi.

É unha idealización positiva?

Iso é problemático porque toda mitificación supón unha mixtificación, unha certa traición ao que é a realidade cotiá. A nosa é unha cultura curiosa desde este ponto de vista. Fálase ás veces do matriarcado que existe, do ben consideradas que están as mulleres, do feito de que teñen unha preséncia maior no mundo público, e iso é certo até un ponto se facemos a comparanza con outras sociedades. Hai quen se ofusca con isto e di que na Galiza hai un matriarcado, pero non é certo porque o poder é masculino. Na nosa cultura o mundo público e privado nas mulleres galegas ten unha meirande continuidade que noutras culturas nas que está máis vedado que a muller ande soa ou entre en reductos públicos. A hora da verdade a muller pode representar ao home pero sen ter o poder. O caso das viuvas: teñen poder como símbolo do home que está ausente, pero se está o home é o que vai diante. Isto foi positivo para as mulleres galegas, porque abriu posibilidades que non habia noutras partes.♦

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis (Felipe González)

Un sopóncio lle deu a várias ao se enteirar de que a raiña Sofia representou ás mulleres do Estado español no congreso internacional sobre a muller rural. Ali estiveron as raiñas, princesas, zarinas e consortes de presidentes de todo o mundo. Felices estaban intercambiando postais de Malibú. Saberán elas que **o moreno** tamén se colle na sega.

Francis Fukuyama afirma en *Le Monde* que "a democrácia liberal tivo éxito porque é o sistema que dá máis oportunidades a xente de sentirse **o mellor**". Abofé. O mellor na sua profisión, o mellor no deporte, e tamén o mellor facendo tortillas de patacas, o mellor asubiador, o que máis horas resiste bailando... O calote do capitalismo refléxase ben no *Guinnes dos Records,* nos concursos para parvos e na competéncia pola mexada máis longa que faciamos de nenos.

Madrid é inviviбel. Case un tércio da xornada laboral pérdese nos desprazamentos. Os rebúmbios de veículos son constantes. A contaminación é unha nube permanente que cubre a cidade. Hai dous anos os técnicos estudaron posíbeis solucións. O periódico local, *El País,* publicou vários deses estudos. Habia o exemplo de Bolónia e de várias cidades alemanas que solucionaran un problema semellante. Pero aos políticos paizocos fáltalles valentia, proxecto e vista longa. Ademais o

LIVRES

CLÁUDIO LÓPEZ GARRIDO

Ignoro como sobrevivem alguns vizinhos meus. Conheço os seus gastos e receitas e as contas nom me saem, salvo que diariamente, ao jantar, se produza a milagrosa multiplicaçom dos pans e dos peixes.

Dum tempo a esta parte, sobe-me a bombona de butano, até o quarto andar sem ascensor onde moro, um home de rasgos eslavos, aparência frágil e maos de calos recentes. Dixerom-me que veu de um país do Leste de Europa, é ingenheiro areonáutico e fala sete idiomas. A sua mulher é violinista e achou trabalho como criada. Ainda que gozavam de posiçom relativamente acomodada, a respeito da maioria dos seus compatriotas, e nom tinham problema de vivenda, assiStência sanitária e educaçom para os filhos, deixarom o seu país, família e amigos, porque ali a vida era mui triste. Havia racionamento e só se podiam comprar dous pantalons ao ano.

Aqui parecem felizes entre o plástico e as luzes de neom. Sabem que é possível trunfar sem necessidade de ter amigos entre a burocrácia política e que quem vale, lavra umha fortuna trabalhando honradamente. Porém, descobrirom já que nom poder comprar o que os escaparates oferecem tamém é umha forma de racionamento.

Ignoro a situaçom económica destes explotadores finiseculares da jungla do Mundo Livre; mas conheço o futuro que lhes aguarda. Apoiado no corrimao da escaleira, fumando, observo como sobe o ingenheiro com a bombona ao lombo, corcovado, sufocado e com passo tremilicante. Nunca lhe dou propina.♦

Carta aos profesores de ensino

Meu querido profesor de ensino médio, de básica ou formación profisional en Chantada, escréboche esta carta, carta de alguén que foi aluno dos centros e que hoxe é aluno da vida, para dicerche que estou triste. Indignado porque non te vin nun colóquio que se desenvolveu no concello sobre educación ambiental. Non te vin, nen a ti, nen a nengun dos teus compañeiros. Ali falamos de moitas cousas que che poderian interesar se quixeres ser realmente un profesor, o noso mestre, pero decateime de que ti non es mestre nen profesor, nen profisional... nen nada, es simplemente alguén que está onde está non para ensinar senón para cobrar uns cartos, estás baleiro, meu querido profesor, e convérteste no brazo do poder, si do poder que manda, que acaba co planeta, no brazo da inxustiza, da violéncia, do consumismo... que te utiliza para criar un mundo triste, inxusto, insolidário, un mundo de guerra e morte, baixo a excusa da informática e o progreso, quizá.

Eu queria aprender a viver e ti me ensinaches a competir.

EKINTZA ZUZENA

Porque eu queria aprender a viver e ti me ensinaches a competir eu queria aprender a sentir e ti me ensinaches a ser frio eu queria aprender a respeitar e ti me ensinaches a maltratar eu queria aprender a compartir e ti me ensinaches a ambicionar, eu queria coñecer a verdade e ti me ensinaches a mentira (histórica pero mentira), eu queria aprender a Paz e ti me ensinaches a violéncia, eu queria aprender a amar e ti me ensinaches a odiar.

Quizá non sexas ti o culpábel, quizá sexas unha consecuéncia máis desta "suciedade" respeitada na "sociedade", na que a educación acaba sendo a aniquilación do ser humano, castración da personalidade, baleiro, e ti tamén foches "educado", ben "educado".

Estou triste, meu querido profesor, porque ti serás o responsábel, en parte, do futuro deste barco que chamamos planeta e parece naufragar, desde logo, asegúrocho con atitudes coma a do dia pasado, en que ninguén de vos acudiu ás "Xornadas de Ecoloxia"; este barco naufragará, e con el todos. Pensa, ti tamén.

O único que me dá esperanza é que dentro de ti sei que existe quizá moi escondido un ánsia de liberdade e verdade, que dentro de ti e os teus compañeiros hainos que senten e loitan, que non se renden, son moi poucos, iso creo, sen embargo por eles loito e brindo. Ánimo!♦

ANXO MOURE MOSQUERA
(CHANTADA)

Por un "Xornal Galego das Artes e das Letras"

Souben da recente asemblea da "Asociación Galega de Escritores" através deste próprio semanário, e na información reparei nos prinicpais pontos tratados pola directiva e o seu presidente:

1) Relanzamento da devandita Asociación e a sua descentralización através da constitución de delegacións provinciais e/ou comarcais.

2) Ver a postura a tomar a respeito da inclusión da "Asociación de Escritores e Traductores Asturianos" na *Galeuzca*, algo que se deberia producir sen demora pois compre esvaír receos e malentendidos (inclusive polo ben da nosa fala na comarca Eo-Návia), e sermos solidários cunha minoria lingüístico-cultural que poderia correr a nosa mesma sorte, (a de desaparecer para o século XXI; quen sabe?)

3) Analisar o oportuno ou non dunha publicación da devandita "Asociación Galega" como xeito de darse a coñecer máis amplamente e promover a dignificación das nosas letras.

Un *Xornal galego das Artes e das Letras* viria ampliar e mellorar todas as outras publicacións especializadas e á prensa diária.

E é aqui, neste último apartado, onde un servidor, mero lector atento aos aconteceres artísticos do país, considera oportuno dar a súa opinión.

Experiéncias viábeis na difusión das obras e manifestacións de criación cultural hainas tamén no noso entorno xeográfico máis próximo; estas son as revistas e artigos especializados de ámbito estatal de cultura e língua castelá. Temos exemplos na Catalunya, xornais e semanários de edición comarcal; e especialmente dadas as afinidades evidentes, en Portugal.

DISCOTECA
Os Pixa's

Se tes entre 17 e 25 anos, oes os 40 principais, praticas *surf*, pasas de política, aspiras a trunfar e ser algo grande na vida, bailas *acid* e *max-mix*, tes ciclomotor, coidas o teu *look*, defineste pazefroles e levas pantalóns rotos dentro dunha orde... eres imbécil, pero podes xuntarte con outros coma ti, en **Os Pixa's**, a discoteca da xente guapa, onde poderás facer o *gilipollas* discretamente e sen que ninguen se ria de ti.

OFERECEMOSTE:
- Música estridente
- Conversas intrascendentes
- Garrafón a cachón
- Xordeira fixa
- Matón na porta
- E todo o que estás canso de facer

A legalidade, referida ao conflito da Fonsagrada

A ninguén se lle oculta que desde a legalidade se cometeron e se cometen, ás veces, alguns atropelos. Non é necesário, para demostralo, remontarnos a reximes anteriores, porque tamén na democrácia suceden casos de inxustiza flagrante, basados en dita legalidade.

O conflito da Fonsagrada comezou cando os viciños se inteiraron de que se pretendia privalos do único Servizo importante, —o de Extensión Agrária—, que posuian, fundamental para a zona, eminentemente agrícola, gadeira e forestal.

Se damos un breve repaso á realidade actual, calquer observador que coñeza e frecuente a zona, enseguida botara de menos unhas estradas decentes que o conduzan a Lugo e aos Municipios que, ainda hoxe, pertencen ao seu Partido Xudicial (Negueira, Návia de Suarna, Baleira e Ribeira de Piquin), todas elas en estado máis que lamentábel, amén de infinidade de pistas intransitábeis, que unen os cerca de 300 lugares e as 29 parróquias existentes coa vila que constitue a sua capitalidade. Os viciños carecen tamén dun Centro de Saúde, dunha Escola de Formación Profisional, dunha Oficina do INEM, dunha Xefatura de Extinción de Incéndios (ultimamente prometida pola Xunta), dun Matadeiro, dunha Casa de Cultura (a Biblioteca actual está pechada porque o seu estado faina inservíbel). A traída de auga pende dun fio, desde que se derrumbou o embalse do Muradal, hai xa máis de seis anos; faltan teléfonos nos lugares, a re-electrificación vai moi lenta, e, por suposto, non se criou unha só indústria desde hai moitos anos, etc., etc. E todo ocorre desde a legalidade.

O Estudo Prévio Inicial sobre a Lei de Comarcalización pretendia —tamén desde a legalidade—, adscreber o Município da Fonsagrada a unha das "comarcas" máis pequenas da província (sobran comentários). Logo, a outra, coa que, ademais de ser tamén de menos entidade, nunca tivemos relación nengunha. Por último —xa se sabe o porqué—, contémplase A Fonsagrada como unha comarca devaluada, da que se segregan dous dos seus Municípios.

A Becerreá concedéraselle unha Cabeza de Área do Servizo de Extensión Agrária antes de promulgarse, a, polo visto, impromulgábel lei de Comarcalización, quer dicer, concédeselle unha Xefatura, da que se faria depender A Fonsagra-

ACOSO INDEFINIDO

NANINA SANTOS

Silenciado, calado, desconsiderado nos textos como delito. O asédio sexual que tantas padecen nos centros de traballo e estudo e leva a moitas a deixar o emprego, pedir traslado, encoller e amargar sen encontrar acobillo nunha sociedade que pensa que as mulleres deben pagar con 'favores sexuais' o seu direito a existiren.

Hai uns meses dicia Carlos Luís Rodríguez que non se podia acusar ao xuíz Thomas nen a Gil Sotres porque "ninguén definiu en que consiste exactamente".

Definido, non sei, pero as mulleres que o padeceron ou padecen saben exactamente de que se trata por máis que as expresións do fustigamento sexual sexan diversas.

Dos pelmas e sobóns, compañeiros, falamos outro dia.

Se é un xefe, superior, alto cárgo... e o non acceder ás suas "invitacións" pode aparellar despedimento, non renovación do contrato, vixiáncia milimétrica sobre a invitada, non se trata de acoso ou asedio, trátase, lisa e claramente de chantaxe sexual. E tal comportamento (por demais espallado) non só merece repúdio social senón penalización explícita no Código Penal.

Algo que os lexisladores desaproveitaron neste anteproxecto de Código que en breve coñeceremos. Despois de todo, eles non sofren nas próprias carnes o feito nen os efeitos.♦

Ali no país irmán, ademais dun índice médio de leitura de prensa e libros superior, comparativametne, á media galega e española, leva cinco anos saindo á rua o periódico "Letras e Letras" —(bimensual, 20 páx. 10.900 exemplares/Nº)—(Oporto); e once anos espallando "letras, artes e ideias" o semanário J.L. ("Jornal das Letras") —(14.100 exemplares, 32 páx./Nº)—(Lisboa).

Evidentemente estámonos a referir a unha língua e manifestacións artístico-comunicativas plenamente normalizadas e prestixiadas, interna e externamente. Nunha e noutra publicación podemos atopar artigos, críticas e entrevistas sobre os máis variados temas (cine, pintura, música, teatro...) coa lóxica proxección e recepción para e desde as nacións de fala portuguesa. Aí atopamos, igualmente, as novidades relacionadas coas traducións á língua de Camões desde as outras falas europeas e non europeas, incluindo obras de editoras galegas de Madrid e Barcelona, en troques os autores e editoras galegas fican praticametne ignoradas agás escasísimos autores, esta seria outra cuestión na que tiñan que ir pensando os nosos literatos, non si, estimado Fernán Vello?

Salvando as distáncias e diferéncias demográficas (maior número de libros publicados por ano, e de maior hábito de leitura dos castellanos e hispano-americanos, (280.000.000 de falantes), e cataláns (incluíndo Valencia, Baleares e Andorra) (6.850.000 falantes), portuguese e afro-brasileiros, (140.000.000) e nosoutros (2.600.000 persoas), creo sinceramente na viabilidade dun proxecto editorial deste tipo na nosa Comunidade, que o que faria seria popularizar unha realidade até o de agora tratada por publicacións pouco espalladas e coñecidas ("Dorna", "Grial", "Nordés", "Luzes da Galiza", "O nome da tinta", "Animal +", etc.). E cando digo pouco coñecidas (agás programas da T.V.G. coma "Cousas da lingua" ou "Etcétera"), digo bibliotecas públicas e salas de leitura dos coléxios de E.X.B. e institutos de bacharelato, escolas de idiomas, e mesmo moitos fogares de obreiros, labregos e pequenos comerciantes por unha simples cuestión de P.V.P. (prezo venda ao público), e un claro desinterese persoal. Que no caso dun formato tipo periódico é máis barato (150, 200 ou 250 pesetas frente ás 400, 500 ou 600 que normalmente hai que pagar), asi, temos que "A Nosa Terra" ten máis tiraxe que hai cinco anos, e o mesmo o "Faro de Vigo" e "El Correo Gallego"; "Diario 16 de Galicia" manténse e conta con boas páxinas literarias, e "A Peneira" continua adiante a súa decidida andaina dándonos a todos exemplo de esforzo e boa vontade.

Resumindo: *a este leitor parécelle que un "Xornal Galego das Artes e das Letras" (bimestral ou trimestral), desde e por Galiza e para todo o mundo, viria a ampliar e mellorar todas as outras publicacións especializadas, e para especialistas, ademais de á prensa diária ou semanal.*

Seria unha ferramenta para a normalización da língua e un material pedagóxico para parte do profesorado, canle de promoción para os xóvenes escritores e artistas áudio-visuais, para o colectivo musical en xeral e para boa parte do asociacionismo de base local e comarcal; publicación na que poderian participar personalidades da vida universitária e da investigación; da Federación de Libreiros, do Consello da Cultura, de Editoriais e Selos discográficos independentes e da Federación de A.A.C.C.

Igualmente contaríase co apoio de homes e mulleres das letras luso-brasileiras e do Sindicatos de Artistas de Variedades portugueses, por que non?, ou da área dos países e culturas atlántico-europeas. Caberia pensar por engadido na inclusión das plumas de todos aqueles estudosos das nosas letras e história residentes na península, o continente e América; desde logo nos centros que os nosos emigrantes teñen espallados por todo o mundo.♦

LOIS BENIGNO CABALEIRO
(VIGO)

da, (tamén sobra todo comentário). Porfin —tamén sabemos o porqué—, reponse na Fonsagrada a Axéncia de Extensión Agrária, (non se cria unha Cabeza de Área como en Becerreá), tal como viña funcionando antes da creación desta. Esta ainda por ver se A Fonsagrada continuará, ou non, dependendo do Coordenador —que asi lle chaman agora—, de Becerreá. A legalidade, señores, é asi.

Desde a legalidade cebáronse as forzas da "orde" con todo un povo indefenso, sen facer discriminación de mulleres, anciáns e nenos. Tamén desde a legalidade se pretendeu criar, nos viciños da Fonsagrada, unha imaxe próxima ao terrorismo. O Partido Popular aplica a legalidade na Fonsagrada, pero en Cangas fai caso omiso, pasándoa por alto, e as suas Xerarquias seguen enchendo a boca coa palabra legalidade.

E eu pergúntome, as palabras Lexitimidade, Xustiza, Moral, teñen algun significado para alguns políticos?

Por outra banda, o conflito do povo co Alcalde é un problema engadido, que surxe espontaneamente pola atitude adoptada por el cando se desmarcou dos viciños, póndose descaradamente do lado da Administración, ainda sabendo que os viciños tiñan toda a razón. Só asi se explica que se teña pechado con eles e asinado as suas reivindicacións. É certo que a sua imaxe se deteriorou —non é para menos—, coa sua surprendente espantada do PSOE ao PP, el saberá por que. Certo, tamén, que os votantes do PSOE e moitos dos do PP —alguns moi significativos e de relevância no povo—, asi como outras xentes que non entenden certos cámbios, quedaran defraudados por tan incomprensíbel desprazamento político. Pero, non é menos certo que, se o Alcalde tiver continuado ao lado do seu povo, a maioria dos viciños teríano hoxe pouco menos que subido a un pedestal.

O Partido Popular aplica a legalidade na Fonsagrada, pero en Cangas fai caso omiso, pasándoa por alto.

Para colmo, cando xa as cousas están moi claras, na última concentración dos viciños, ocórreselle sair ao balcón do Concello, e, dirixíndose ao povo, balbucea algunhas frases exculpatórias, que ainda o poñen máis en evidéncia. Cunha delas intenta desculparse das denúncias e querelas que, dun modo masivo, se están a producir contra cidadáns honestos do Municipio. Pero, quen, se non, é o responsábel de todo canto aqui ocorreu e segue ocorrendo?

Con outra frase pretende persuadir ao povo de que nunca o traicionou, porque nunca asinou nada contra el. Vano intento, pois todo o mundo sabe —deixando a un lado outros moitos bandazos, e incongruéncias—, que asinou un inquérito comprometéndose a adscreberse á Comarca da Montaña Luguesa, que abarca desde Samos e Pedrafita, pasando polo Caurel e Cervantes, até A Fonsagrada, Návia e Negueira de Muñiz, entre outras, cuxa capitalidade, con toda probabilidade, recairia en Becerreá. O inquérito que mencionou está en poder da Asemblea de Viciños, e foi a que o Alcalde intentou ocultar ao povo, até que apareceu, vários dias despois de ter comezado o peche. E todo isto fíxoo desde a legalidade.

Para rematar, porque non os quero cansar, eu sígome perguntando, a quen lle pode estrañar xa, que os viciños desexen apaixonadamente a sua dimisión?, e, que diabólico trato terá convido cos seus superiores políticos, para manterse no seu posto —con toda a legalidade, por certo—, en contra dos desexos dos seus concidadáns e viciños?♦

JOSÉ MANUEL SAAVEDRA ARANGO
(A FONSAGRADA)

A ALDEA GLOBAL

alcalde de Bolónia era comunista. Agora xa encontraron unha solución, demagóxica, claro está. A culpa do atoramento do tránsito téñena as **manifestacións**. Iso abóndalles para enganar aos madrileños durante tres ou catro anos máis: o tempo que tarden en proibir os actos masivos no centro da cidade e o tempo que lles leve aos cidadáns decatárense de que o problema non era ese, senón outro moi simple: que hai máis automóbeis que superfície. As verdades, como a de que a terra era redonda, sempre necesitan o seu tempo.

Na cadea de Vigo só deixan introducir paquetes, con roupa ou outros utensílios, unha vez ao mes. **Cartos**, en cámbio, deixan meter todos os dias. Estas proibidos certos obxetos: por exemplo, unha almofada con cremalleira, porque *o preso poderia intentar suicidarse*. Ainda que no supermercado do cárcere venden coitelas de barbear.

A Rádio Galega informa que todas as rapazas que esteñan realizando o BUP e que desexen realizar un programa na mencionada emisora poden facelo dirixíndose ao seu director, Xosé Luis Blanco, o cal ten xa **unha filla** nesas condicións realizando un programa de *cotilleo pop*. Ah, os traslados corren tamén por cargo do director, no coche oficial.

Cando os israelies invaden o Líbano ou bombardean os campos de refuxiados palestinos, os noticieiros din que "persiste o clima de violéncia" ou que "o fin de semana se saldou con seis mortos". Cando os palestinos atacan a soldados israelies, resulta que "un comando palestino asesinou esta noite a dous xovenes soldados do exército israeli mentres dormian". A notícia e ilustrada coas imaxes da nai, do pai e da irmá chorando

A ALDEA GLOBAL

ao soldado. Pénseno: Viron algunha vez **chorar** aos familiares dun palestino?

Quen di que os periódicos non informan? O que pasa é que hai que saber ler. Por exemplo, *Faro de Vigo*, dia 23 de Febreiro. Páxina 6: "El gobierno vigués no da dos licéncias solicitadas por Fernández Figueroa". Páxina 3 do suplemento, *Domingo,* dese mesmo dia: "Cuatro sócios, un brasileño de reconocido prestigio mundial, un ex-alcalde de Vigo, un empresário del mundo de la noche y un diseñador de moda se han lanzado a la aventura". Ou seña que Pelé, Manuel Soto, Fernández Figueroa e Gene Cabaleiro van criar unha empresa de moda. Agora voltemos á páxina 6. A construción de catro bloques de vivendas polo **coñecido industrial** (non só da noite, seica) Fernández Figueroa na avenida de Buenos Aires "quedó pendiente al no contemplar el proyecto los espacios obligatorios para el almacenamiento de los contenedores de basura". Van seguindo? Pois que apostan a que lle acaban dando a licéncia?

Cada miembro de la Fundación de Vigo habrá de aportar un millón de pesetas

Pelé marca un gol a la moda

Durante a inauguración do *pazo* madrileño, Fraga Iribarne dixo: "xa está ben de chorar, xa chorou por nós Rosalia", mentres, lle caian as **bágoas**.

◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆◆

Lembrar Ogrobe zona desnuclearizada

Desde que na sesión plenária do 24 de Septembro do 1985 aprovou-se, por maioria e unanimidade, a proposta apresentada pelo Partido Galeguista sobre a declaraçom do nosso Concelho "Zona Desnuclearizada" e "Ecológicamente protegida", Ogrobe passou a ser o 2º Concelho Desnuclearizado de Galiza, despois de Oleiros.

Passarom os anos e a sinalizaçóm gráfica do Antinuclear esquecéra-se naquel pleno.

Mais passarom os anos e a sinalizaçóm gráfica do Antinuclear esquécera-se naquel pleno, e dito tema nom se tocou nas seguintes legislaturas. A notícia comunicou-se varias veces em revistas locais, mas ainda há muita gente que desconhece o feito de viver num concelho Antinuclear, polo qual um grupo de jovenes respaldados por algumhos colectivos, decidirom levar adiante umha campanha de informaçóm, assím como a colocaçóm da "Sinalizaçóm Gráfica" feita segum a norma internacional para a confecçóm da mesma.

Dita colocaçóm do sinal, será realizado quando se obtenha o permisso de Costas, à qual ja lhe foi entregada umha solicitude para dito trámite.

Embora esta campanha esté feita sem nengum tipo de interesse e por colectivos em plam anónimo, recurrirá-se ao Concelho para que se faga cargo dos mínimos gastos que sopóm esta campanha.♦

COLECTIVO ECOLOXISTA
O SALNÉS

Agradecidos a *Trailer*

Por mediación do noso S. Técnico don David Teijeiro Mecía (galego de orixe), chega á nosa sede central o seu periódico semanal. A verdade é que nos custa un tanto lelo, facémolo, pero moi amodiño. De calquer forma trátase dun informativo cultural-noticieiro fundamental para as xentes ás que esta dirixido. Saudamos pois, desde Asturias e en nome da Organización que represento (UITA), Asociación Independente de Transportistas Autonómos de Asturias, a todo o colectivo que xunto a vostede fai posíbel o enxeño cultural e informativo de *A Nosa Terra.*

Sen embargo (por iso, rogaríalle á publicación da presente), xa que en nome de UITA desexamos manifestar o noso total recoñecimento, á vez que agradecimento, pola xentileza e tacto culto do xove autor da gran novela que é *Trailer* e prémio Blanco Amor, don Francisco Alonso Villaverde, quen obsequiou especialmente dedicado un dos seus exemplares ao colectivo UITA.

É portanto, para nós, un honor sabernos galardonados con algo tan entrañábel como o é, sen dúbida nengunha, a narración de como transcorre a vida e os feitos da penosa profesión do camioneiro, ainda na mesma, como novela que é, senón non o seria, coa sua traxédia e humor veñen colmar algo insólito: para a narrativa, alguén coa mellor intención e intelixéncia plasmou en literatura con maiúscula unha realidade, unhas vidas, xa imortais, dos compañeiros Indalecio Prieto, Manolo Cesteira, Manolo González, Benito Montes e Lino López, entre outros amigos profisionais do volante que enriquecen o compéndio. A todos eles a nosa amizade e recoñecimento xunto coas suas famílias.

Portanto é un honor sabernos galardonados con algo tan entrañábel coma a narración da vida do camioneiro.

No noso facer organizativo de a cotio, chegará o dia en que don Francisco Alonso Villaverde terá que facer acto de presenza ao noso lado, en cuxo acto, pretendemos nomealo Sócio Honorífico nº 1, e prévia entrega de credencial, constará para o noso arquivo histórico especialmente.

A vostede e a *A Nosa Terra*, sen cuxa emisión non saberiamos de *Trailer* e do seu autor, o noso máis profundo agradecimento e sincera amizade. Sigan o seu rumo culto-informativo que é positivo.

Desde Asturias e UITA saúdao moi atentamente.♦

JOSÉ FERNANDEZ DELGADO
(NOREÑA)

Os estudantes perguntamos ao conselleiro

Os Comités Abertos de Estudantes (C.A.E.) queremos contestarlle ao señor conselleiro sobre as suas declaracións na prensa.

—Tense que pór vostede un pouco ao dia, que ler a prensa non está mal. Acaso non se inteirou das anteriores mobilizacións a nível local por toda Galiza? Non se inteirou das múltiples protestas de directores, consellos escolares de centro e locais, etc, etc...?

—Vontade de diálogo fáltalle a vostede, que, cando ve flutura a balanza de votos, chámanos a dialogar (daquela maneira), para evitar a sua má imaxe frente á sociedade galejga. Mostra disto é a actuación do seu colega delegado da Coruña, que se negou a receber aos estudantes (que se mobivilizaron masivamente).

Señor conselleiro, vostede de que se vai?

De todas formas cando nós nos inteiremos da sua oferta de diálogo, non pola prensa (o mesmo que critica vostede) dialogaremos o que faga falta, e declinaremos convocar máis folgas, que a sua política está facendo inevitábeis.♦

BREIXO HARGUINDEY BARRIO
DA XESTORA NACIONAL DOS CAE

O remo: deporte nacional galego

Por estas datas, comezan sen pena nen glória por toda a costa galega as regatas que enchen as nosas vilas, para confluir no Campionato Galego de bateis en Abril, logo do cal virán os de traiñeiriña e traiñeira, xa ben entrado o verán. Ou sexa, este artigo pretende ser unha reflexión sobre o noso remo coincidindo co início desta tempada 92, olímpica no Estado español, pero sen grandes "Palaus", revolucionários inovacións técnicas en favor do deporte, nen cousa que se pareza nesta nosa Galiza.

Quizá, nós, a xente, estexamos mediatizados por agresivos empresários através duns meios de comunicación que eles manipulan; incúlcannos a sua ideoloxia, a ideoloxia dominante; canalizan as nosas atitudes en arras ao seu próprio benefíco; móstrannos as pautas de comportamento que debemos seguir cegamente, e todo iso coa complicidade dunha clase política alonxada do povo e perto da alta burguesia, que a fin de contas para algo son os accionistas dos monopólios da "desinformación" e os que finán-cian eses aparellos de corrupción materializados nos seus partidos.

O poder, "manda y ordena", alleo á Galiza, incluso máis, reside nunha oligarquia de intereses subtilmente terxiversados pero contrapostos aos das clases populares: *narcos* frente a famílias destrozadas, opuléncia frente a humildade, poder ante impoténcia, explotadores e explotados en definitiva.

Neste contexto, non nos enganemos, é no que a clase traballadora debe desenjvolverse no labor dun futuro para os seus fillos/as en clara desvantaxe coa "beautiful people". Sobre nós planea un sistema educativo descriminatório, o desemprego, a falta de meios para satisfacer as nosas necesidades culturais, ás que o máis fácil é renunciar a cámbio do etílico, coca, cabalo, a cámbio desa mordaza que representan as drogas.

Nós non asistimos ao ximnásio de moda, nen xogamos ao ténis no "aero-clube", temos moitas portas pechadas, dependemos das instalacións públicas que non dan chegado, non dispoñemos de nengun tipo de infraestrutura para praticarmos deporte.

Unha posíbel saída é a autoxestión viciñal, criando entidades culturais e deportivas que tenten pór un remendo a esta inxustiza social. Neste senso interpretaria eu a existéncia dos clubes de remo galejgos esparexidos polas nosas rias, para os cales cada nova tempada representa unha proba de sobrevivéncia por falta dun apoio decidido da administración.

Pero aqui non pasa nada, non son os fillos do señor Conselleiro nen os do mesetário ministro os que perderán a posibilidade de madurar como persoas nun meio sócio-cultural san. Isto é o reflexo da discriminación que sofrimos en todos os ámbitos da vida do corpo social galejgo, e que se pode diagnosticar tamén desde a análise do remo.

Cada nova tempada representa unha proba de sobrevivéncia para os nosos clubes de remo.

Dito isto, e se consideramos criticábel a situación que sofre o remo, as razóns serán maiores se percebemos que este deporte mariño ten as suas raigames na própria cultura popular mariñeira, de xeito que non apoiar o remo é desatender unha manifestación xenuinamente popular, negarse a robustecer a própria cultura galega que nos distingue como povo diferenciado, como nación.♦

MONCHO DE FARTURINHA
(ESTEIRO)

PILI PROL

Salvouse o Teatro Principal en Ourense

■ M.V. LÓPEZ

O pasado 23 de Febreiro reinaugurábase na cidade das Burgas, en presenza do presidente da Xunta de Galiza, o histórico Teatro Principal da rua da Paz (antes dos Zapateiros), tras unha longa andaina de xestións e retrasos que se remonta aos anos finais do franquismo.

O Teatro Principal de Ourense, construído na década de 1830, constitue unha das poucas tipoloxias de teatro neoclásico italiano existente na Galiza, cunha estrutura e disposición de espazos interiores semellante á do Teatro Principal de Pontevedra, o de Santiago ou ao coruñés Teatro Rosalía de Castro.

Máis valor ainda ten a sua conservación desde a perspectiva da própria memória urbana da cidade, pois por ali pasaron desde compañias líricas e dramáticas até escritores de primeira fila ou oradores políticos de diversa significación. Ademais da sua ubicación nunha das ruas emblemáticas da cidade, que viu coincidir as biografias de Vicente Risco, Otero Pedrayo e Xaquín Lourenzo, ali celebráronse, en 1876, a Homenaxe da cidade ourensá ao Padre Feijóo e, en datas posteriores, representacións teatrais de Rey Soto e óperas como "Rigoletto" ou "Fausto". A finais de 1915 estreouse como sala de cine, antes da chegada do cine sonoro, conservando a sua función como espazo cinematográfico até Marzo de 1975, en que se pechou definitivamente. Polas suas salas pasaron tamén oradores como Basílio Alvarez, Xosé Calvo Sotelo ou Gil Robles, entre outros, non sendo infrecuente a colocación de altavoces no exterior para o seguimento dos mítins políticos, especialmente nos anos da Segunda República.

Quince anos de reivindicación

Todo isto xa o perceberon, nos anos iniciais da transición política, os compoñentes do grupo "Adepende", constituído especialmente para reivindicar a recuperación do histórico teatro como sala cultural. Compuxeron este grupo o pintor Pepe Conde Corbal, o profesor José Paz, o arquitecto Santiago Seara e o cineasta Eloi Lozano, quen, coa colaboración doutras asociacións profisionais e culturais, lanzaron nos últimos meses de 1976 a campaña "Trátase de salvar o Principal", organizando con esta finalidade unha exposición comemorativa da história urbana e do património da cidade, exibida en Xaneiro de 1977 nos locais do Liceu ourensán. Entre as adesións recebidas nesta campaña cultural destaca a participación de don Ramón Otero Pedrayo que solicitou publicamente que non se derrubase o edifício, engadindo que o teatro tiña tanto valor para Ourense como unha igrexa románica, polo que representaba na história contemporánea da cidade.

Eran momentos difícis para o noso património (a piqueta acababa de derrubar o edifício Castromil en Santiago) e tal empeño podia daquela parecer utópico. Pero, mália todas as dificuldades os membros de "Adepende" lograron o seu propósito. Souberon ser ambiciosos e salvar para Ourense, unha cidade sempre pobre en infraestruturas culturais, un dos seus edifícios máis representativos.

A reabilitación do teatro foi custosa, dificil e de lenta realización, como o amosa o feito de que xa en 1983 foi redactado un proxecto de restauración e comprado o edifício pola Deputación Provincial, que agora ostenta a titularidade do mesmo. Tras as reformas destes anos, baixo a dirección do arquitecto Emílio Fonseca Moretón, o "novo" teatro conta cun aforo total de 403 persoas, distribuídas entre a planta de butacas e os diversos pisos, con 15 palcos por piso. O teito foi decorado con motivos pictóricos do pintor ourensán Xaime Quessada, coa simboloxia habitual neste artista, substituindo uns vellos frescos atribuídos en tempos e de forma errónea a Ramón Parada Justel, como demostra Belén Lorenzo Rumbao no estudo-catálogo sobre este artista, do que precisamente nestas datas se oferece unha exposición antolóxica no Museo Arqueolóxico ourensán.

O Teatro Principal pode ser un instrumento útil para a revitalización e dinamización da vida cultural ourensá, tal como declarou na reinauguración Xosé Luís Baltar, presidente da Deputación. Queda por definir o modelo concreto de xestión e funcionamento do mesmo, asi como a programación futura da sala, aspectos sobre os que non existen ainda notícias concretas por parte dos responsábeis da sala. Por outra parte, a cidade ourensá necesita ainda de moi diversas infraestruturas culturais (Auditório, Casa de Cultura, locais nos bairros, etc.) e nos últimos tempos está a sucederse un clamor reivindicativo neste sentido que non fará senón medrar no futuro se non se atende ás demandas cidadás. ♦

MEMÓRIA URBANA

MARCOS VALCARCEL

Foi un tal Santiago Sáez, un ourensán liberal, quen decidiu, aló na década de 1830, construir o Teatro Principal, no mesmo edifício que a el lle servia de vivenda. Anselmo López Morais ten contado que tal iniciativa debeuse a unha espécie de vinganza persoal contra os que lle negaron a sua reserva de palco nun vello teatriño anterior, onde o noso liberal acudia con regularidade. A anédota mereceria ser certa, porque inaugura unha memorábel história que agora abre unha nova etapa, con motivo da sua reinauguración oficial.

Non resulta difícil imaxinar o que foi o Principal na memória urbana da cidade. Ali se sucederon no XIX representacións das mellores compañias líricas e dramáticas, entre os ecos dos contínuos conflitos civis e sociais do Ourense decimonónico. Cantas veces coincidirian ali as vellas famílias fidalgas, as mesmas que se entusiasmaban coas asonadas carlistas ou coas escasas notícias procedentes da Corte? E que seria das novas camadas liberais, moitas delas de orixe, foráneo, que estaban entón a construir unha nova cidade máis rica, dinámica, culta e burguesa, da que nos deixaron testemuñas ben fermosas no Ourense modernista? Andaria por ali algun dos republicanos, quizá federal, que viu cumpridos, ainda que por pouco tempo, os seus soños políticos nos anos da Primeira República, entre pronunciamentos militares e motns de consumos (houbo mortos nunha carga da Garda Civil ali ao carón do Teatro, a finais dos oitenta)?

> Novas xeracións pasarian polo vello Teatro a ver as *varietés*, as primeiras películas mudas, e moitas outras memórias urbanas

Cada época garda na sua retina as suas próprias imaxes. Que outra cousa é a arte, ao cabo, que o exercício da melancolía? Novas xeracións pasarian polo vello Teatro a ver as "varietés", os dramas rurais costumistas do Prado Lameiro, as primeiras películas mudas do noso século, os vivos discursos dun Calvo Sotelo ou de Gil Robles e moitas outras memórias urbanas. Para os máis novos o Principal, en cámbio, será sempre símbolo da iniciación no mundo do cine através dos fotogramas de Tarzán e Sabu, dos herois épicos do *western* (entón eran "de vaqueiros") e dalgunha película atrevida americana con moitos negres e unha Jane Fonda mítica e irrepetíbel. ♦

Un novo volume da Historia de Galicia.

LIBRO MÁIS VENDIDO DO MES

Os Irmandiños.

Textos, documentos e bibliografía.

de Anselmo López Carreira

Esta obra oferece documentos e textos de leitura accesíbel para un público preocupado pola historia de Galicia, a quen compre dotar dos meios para a interpretación axeitada do proceso histórico, que ten neste período unha inflexión fundamental.

PVP: 950 pta. Nº de páxinas: 148.



Novas investigación e novas necesidades sociais esixen un novo esforzo de interpretación na mesma liña intencional: obxectividade e visión do proceso histórico de Galicia desde Galicia

PVP: 1.590 pta. Nº de páxinas: 288.

EN PREPARACIÓN:

3.- A Cultura Castrexa, de Francisco Calo. **4.- A Galicia Romana**, de Felipe Árias. **5.- O Reino de Galicia**, de X. Armas Castro. **7.- A Igrexa Galega**, de Francisco Carballo. **8.- A Burguesía Galega**, de X. R. Barreiro. **9.- A Desamortización**, de Ramón Villares. **10.- Historia Económica Contemporánea**, de Xoán Carmona. **12.- Lingua e Historia**, de Santiago Esteban. **13.- Prensa e outros Medios de Comunicación**, de G. Luca de Tena. **16.- O Agrarismo**, de Henrique Hervés. **17.- O Movimento Obreiro**, coordenado por Dionisio Pereira. **18.- O Nacionalismo**, de Xusto Beramendi. **19.- Guerra civil e Resistencia Antifranquista**, de Bernardo Máiz. **20.- Transición e Autonomía**, de X. R. Quintana e outros.

Os pedidos a meio deste boletin terán un desconto do 15%

Pago Domiciliado. A remeter a A Nosa Terra unha vez cuberto.

Nome .....
Apelidos .....
Enderezo .....
.....
Teléfono .....Código Postal .....
Povoación .....

Banco / Caixa .....
Conta / Libreta .....
Titular .....
.....
Nº da Sucursal .....
Povoación .....

Sírvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lles sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra)

Data:

Atentamente (sinatura):

Leituras

Unha novela rosa ben escrita

Sabor a ti de Suárez Abel

Finalista do prémio Xerais de Novela 1991, **Sabor a ti**(1), de Miguel Suárez Abel é un produto con vocación de chegar a un público amplo. É, xa de entrada compre dicilo, unha novela rosa —con certos ares de culebrón— para xente culta ou afeita a ler un pouquiño. Mais, tamén hai que dicilo, unha novela rosa que carece da honradez dos xéneros confesadamente convencionais e que se disfarza de certo dramatismo, de certo "politicismo" e, mesmo, de boa literatura. De todo iso, como de toda novela rosa, quizá non pagaria a pena falar se non for desde un "ángulo" máis ou menos sociolóxico, mais como a novela foi finalista dun dos prémios literários que máis leitores convocan na Galiza, a referéncia, a reseña, é case obrigada.

A preparación desta clase de produtos —que como todo xénero non é tan doado como parece— require unha técnica culinária axeitada. Úsase unha parella de amantes, a poder ser outonais. A ser posíbel que os dous estexan casados, e con fillos. Senón os dous, cando menos un de boa posición económica. Engádese un pouquecho de psicoloxia amorosa —non moita, non sexa que canse o leitor— mais que sexa "profunda", que chegue á "alma" do leitor. Non se esqueza as viaxes aos extranxeiro, nen as noites en que os amantes —cada un polo seu lado— pensan no ben que estarian



xuntiños. Nesta parte (ou partes) é necesário que o leitor se decate da soedade e da incomunicabilidade que aniña nos personaxes centrais da novela. Remátese cun final desgraciado que insinue insatisfacción dos máis íntimos desexos e recaída na vulgar existéncia cotiá que só aquel amor veu rachar.

Sabor a ti está protagonizada por Xulio, profesor de instituto insatisfeito coa sua situación actual, desencantado co seu pasado. Ela chámase Piti, tamén profesora de instituto, de boa família, casada cun home —que aos ollos dela é un inútil— que gaña ben a vida, pero nunca terá a clase que ten a família dela. Namóranse, estes dous profesores, perdidamente. Un 2 de Setembro, cando tornen a verse no instituto, logo das vacacións, as suas vidas terán de tomar un rumo diferente que ha ser definitivo. Que rumo? Nen eles o saben; non saben que facer. Se se separarán dos seus respeitivos cónxuxes, se continuarán como estaban —ainda que a situación é insuportábel— ou se romperán os pratos. Mais... un tráxico accidente dará un final diferente á novela, nunca saberemos o que pudo acontecer, o destino tronzou unha das vidas dun dos amantes.

A novela lese dun tirón, sobretodo nas partes dialogadas, que é onde máis brilla a escrita de Suárez Abel —a novela está decorosamente escrita. Son diálogos vivos, cheos de humor, críbeis, etc. Os personaxes centrais están ben deseñados; El, un desencantado, que quer, en certo xeito, salientar por riba dos que están ao seu redor. Unha maneira seria escrebendo unha novela —seria sobre Piti?, como seria a novela? ao longo da narración Xulio pénsaa várias veces— e outra, a única real, é este amor de "bolero" con Piti, a quen lle di cousas que nunca lle diria a Mariña, a sua muller. Ela é unha madame Bovary de província galega. Unha madame Bovary vilega que nunca se atreveu, que chegou virxe ao matrimónio, que non sabe se ama ou non ao seu marido (que brután é!). Unha madame Bovary consciente da clase á que pertence e que despreza a todos os demais a non ser que sexan da sua clase. Os piores, os novos ricos. Enfin, que Suárez Abel narra un drama que, por un intre, rabuña a sensibilidade do leitor, logo se esquece.

Sabor a ti é unha novela chea de sentimentalidade, pero cuxa estrutura case non existe

Mais se os diálogos da novela son divertidos, críbeis e brillantes, non acontece asi con outras partes. As acotacións son moitas veces supérfluas, están cheas de sentimentos líricos que as máis das veces sobran. Por outra parte Suárez Abel abusa do monólogo interior, técnica, que, como xa demostrara en **Turbo**, non domina en absoluto. Quizá debido a quen non sabe conxugar a parte de escrita automática coa parte de escrita razoada da que consta esta técnica narrativa. Mais, tamén, é a parte forte, literária, da novela; a parte en que o autor está pior instalado.

Sabor a ti, como ben indica o seu título, é unha novela como un bolero, quer dicer, chea de sentimentalidade, de sentimentos "fortes" pero cuxa estrutura é débil (ou case nen existe). O autor está, certamente, dotado para criar novelas rosas, cunha boa cantidade de humor, con menos dose de ironia e cunha nula capacidade para o sarcarsmo. Persoalmente penso que Suárez Abel non quixo facer unha novela "literária", nen —por suposto— transgredir, subvertir ou como se diga, as estruturas da novela rosa. Fixo o que quería (ou o que podia): unha novela rosa mellor escrita e con máis humor do que a maioria desta clase de novelas. Como que é un dos poucos narradores galegos que cultivan esta clase de literatura, benvido sexa. O que non pode acontecer é que se confunda co que se entende —desde hai moitos séculos— con literatura. Iso conseguirao Suárez Abel cando consiga subvertir ou alargar as estruturas narrativas do relato en que mellor se move. Orabén, se o que quer o noso autor é ter máis leitores, leva bon camiño e é unha posición lexítima. Sobretodo nunha literatura como a galega tan necesitada de leitores... e de autores de toda caste.♦

XGG

1) Edicións Xerais. Vigo, 1991. 162 páx. 1.200 pta.

conta de libros

Cóntame un conto

Anunciados desde hai meses, e formando parte do proxecto de renovación que anunciara Victor Freixanes, por fin están á venda os catro primeiros libros-cassete, "Vouche contar un conto". Dirixida a nenos de catro anos en diante, inclue no próprio libro dous contos e un xogo para lembrar personaxes, pintar e lembrar situacións. As cintas son dramatizacións na voz dos próprios autores dos contos, cun suxerente fondo musical, que lembran os anos nos que a rádio transmitia aqueles de "Pulgarcito" ou "Carapuchiña Vermella". Nesta primeira entrega son **Manuel maria, Paco Martin, Bernardino Graña, Sabela Alvarez Núñez** e **Xabier Puente Docampo** os que nos trasmiten a sua criatividade escrita e oral, acompañados das ilustracións de Pepe Carreiro, Ana Gómez, Norberto Fernández, Anxeles Ferrer e M. Uhia.♦

A cór na arquitectura

Nova colección, acaso de título único, coa que Edicións do Castro pon nas librarias un volume dun tema especializado de arquitectura, realizado por **Maria Teresa Taboas**, licenciada en México e Doctorada na Coruña. Apoiado nun importante aparato gráfico, o libro recolle un índice abondoso no que se estúda desde a física da cór, até o uso que na construcción fixeron del diferentes culturas, os problemas da estética cromática ou as principais teorias da armonia cromática.♦

Televisión

Cervantes en vídeo

O *Quixote* de Gutiérrez Aragón

Tras moitos aprazamentos non moi ben xustificados, comezouse a emisión da versión do *Quixote* cervantino sob a dirección de Manuel Gutiérrez Aragón. Ainda cando sexa cedo para facer unha análise global da série, a primeira impresión é dun produto ben coidado e realizado, quizá a última das superproducións que fará a "casa" tras a quebra na que se encontra agora.

Moita ambición e anos de traballo para plasmar a novela máis rica da literatura universal: rica pola captación da época e polo carácter de introdutora de toda unha maneira de narrar que suporia o nacimento da novela moderna.

O referente cervantino non é polo tanto tarefa doada á hora de emprender unha adaptación de tais características. Manuel Gutiérrez Aragón asi o entendeu e oferece unha leitura persoal —acaso moi persoal para algunhas persoas— da novela cervantina.

Sen coñecer a que poderia ser a versión definitiva sobre a novela, o *Quixote* que Orson Welles rodou durante vinte anos e que non chegou á sua conclusión por problemas económicos e pola morte do actor que interpretaba a Sancho —Akim Tamiroff—, a versión televisiva céntrase no aspecto "máxico" do relato o que enlaza co cine de Gutiérrez Aragón —*Demos no Xardín, Maravillas, Malaventura, A metade do ceu*— que xa fixera unha versión "sui generis" dunha obra do autor, *O curioso impertinente*, con resultados falidos en *A noite máis fermosa*. A apresentación das moitas aventuras —en certo modo, o director respeita o carácter de relato itinerante, de "road movie" antes de tempo, da novela— sempre ten unha referéncia á imaxinación, á máxia —esas nubes que rematan a cena dos frades, a planificación de Alonso Quijano desde un ponto de vista baixo, o avance-voo de cabaleiro e escudeiro polos secos campos de trigo, etc.

O outro componente fundamental da obra —o sentido realista, o desexo de penetrar a realidade social e política da época— non teñen a forza do lado persoal da aventura do cabaleiro da triste figura. A introdución do mesmo Cervantes na ficción e o subliñado da sua condición de xudeu converso, parecen un pouco redundantes.

Manuel Gutierrez Aragón.

O esforzo de produción do desaparecido Emiliano Piedra séntese en cada fotograma. A el debemos a realización dunha obra xenial de Orson Welles coma *Campanadas a média noite* e por el temos unha equipa moi compacta na elaboración da série: a magnífica fotografia de Teo Escamilla que retrata con intelixéncia a imensa terra de naide da Mancha; a ambientación e a eleición de Fernando Rey e de Alfredo Landa para os papeis protagonistas e en xeral de todo o elenco actoral. Fernando Rey fai un traballo moi persoal, acercando o cabaleiro á loucura e o ridículo, dando en todo momento a figura física requerida. No caso de Alfredo Landa, a menor adecuación física do personaxe faille traballar máis por fora o lado realista de Sancho, acercando con moitá sinceridade o persoaxe: creo que ao fin da série Sancho vai gañar forza, o que virá posibelmente da interpretación máis visceral, non tan intelectual coma no caso de Fernando Rey, de Landa.

Nos primeiros episódios pódese notar unha característica do cine español histórico: o emprego algo excesivo do claroscuro, da escuridade, non sei se para cobrir carén-cias de ambientación, por xogar ao tenebrismo o pola beleza do recurso. As imaxes que precederon á saída de Don Quixote resentíronse algo desa escuridade.

O balance da série é moi positivo, e a pena é que sexa o fin de algo: deberia ser o comezo de algo: da recuperación da nosa cultura máis profunda —non a que ten a ver con *Dallas, Rubí* e outras perlas— e do traballo dunha excelente equipa de profisionais na televisión, nun tempo onde o cine quedou convertido nun deserto.♦

CARLOS AMARO

Hollywood toma a bandeira da *glasnost*

"O cine é o principal difusor da cultura norteamericana", ten sinalado o filósofo portugués Lourenço de Faria. Se *Rambo* foi o emblema da era Reagan, *JFK* pode ser a divisa dunha nova época nos Estados Unidos. Hollywood soubo, ao longo de toda a sua existéncia, conciliar

a arte do entretimento co servício aos fins de difusión ideolóxica programados polo governo. Compre logo unha leitura, non só dos produtos artísticos en si, senón dos motivos polos que se tomou a decisión de realizalos e de difundilos masivamente entre o público.

JFK: O pasado é o prólogo

Celso X. Lopez Pazos

Posibelmente sexa *Oliver Stone* o cineasta máis crítico e comprometido que teña dado o cine norte-americano nos últimos tempos. Tanto os seus traballos como guionista ("O expreso de medianoite", "Manhattan Sul") como as películas que asina, son fondos alegatos contra a política do seu país e apresentan unha ollada crítica e nada compracente dos lados máis escuros da sociedade na que se move. Tamén as suas declaracións públicas oferecen ese mesmo espírito inconformista e crítico que sobrepasa, nos seus níveis de denúncia, a redutora marca de fábrica de cineasta liberal-progresista para dar un salto cara posicións non só de esquerdas senón tamén de clara belixerância contra o sistema. Películas como "Salvador", "Platoon", "Wall Street" ou "Nado o catro de Xullo", desvean o seu *pedigree* e falan dun cineasta inabitual nas estruturas do cine comercial americano, non só polo tratamento de temas espiñentos e pouco gratos, senón polos seus enfoques ideolóxicos sempre moi afastados dos vieiros centrais do discurso dominante. Desde esta perspectiva, non é *"JFK"* un exemplo illado na sua filmografia, senón que é un grilón máis dunha cadea que, por ter esas características críticas, comprometidas e de denúncia, situan o seu cine na vella tradición de cineastas liberais americanos dos anos trinta e cuarenta (Losey, Bibermam, Rossen, Polonsky, Huston, Dassin, Chaplin, Dmytryk ou Kazan, estes dous últimos antes de se "baixaren os pantalóns" diante do Comité de Actividades Anti-Americanas do senador MacCarthy) e informan, máis unha vez, sobre un realizador coerente consigo mesmo e fiel a uns princípios que cumpre chamar de "autor". Estes son, pois, os sinais de identidade de Stone: coeréncia, fidelidade a princípios críticos, sentido de autor e denúncia dos modelos máis sagrados do seu país. Certo é que sempre se move dentro das canles comerciais; pero isto, que é desde logo un risco (asimilación pola indústria), é tamén un acerto e unha avantaxe (acaso non é lícito utilizar os esquemas e a estrutura do comercial para darlle unha orientación distinta, alumeadora de conciéncias dormidas e de dirección didáctica?).

Golpe de estado

JFK ***(caso aberto)*** ten de entrada unha factura correcta, aspecto este pouco criticado pola prensa, que si se volcou, sobretodo no seu país, *(Time, The Washington Post, New York Times, Chicago Tribune)* na defensa das teses oficiais sobre o magnicídio e nas acusacións contra Stone como provocador e mentireiro. Ben artellada narrativamente, o mérito do filme é maior se cabe, xa que se trata dunha película de máis de tres horas de duración que en nengun momento perde interese, non só polo atractivo intrínseco da história que narra, senón tamén polo acerto do realizador ao elexir a estrutura do *thriller* como meio para veicular a narración. Unha estrutura que sabe misturar con corrección a técnica da reportaxe televisiva, a reconstrución histórica de ficción, as imaxes dos documentais da época e os puros (escasísimos) elementos de drama cinematográfico, para dar vida a unha história onde a adición de elementos, aparentemente dispersos, conforman un todo uniforme e homoxéneo. Seguindo pois a técnica do *thriller*, Stone vai desenleando unha madeixa e afinal o espectador atópase cunha especulación moi cercana ao que poderia ser a verdade.

O mesmo Stone explica perfeitamente este extremo: "Collin, como faria un bo detective, todas as pistas de que dispúñamos, metinas nun mosaico, seguinas unha a unha e cheguei a unhas conclusións próprias"... Cales? O asasinato de John Fitzgerald Kennedy *foi o resultado dun compló político artellado polas instáncias que detentan as palancas do poder efectivo nos Estados Unidos*; a saber: a CIA, o FBI, e o aparello militar-industrial e os seus representantes[1]. Porén, o gran acerto do filme é o de non converter en exclusiva o asasinato de Kennedy no epicentro do discurso e ter sabido darlle a este unha dimensión maior, isto é, sair premeditadamente do horizonte dunha história de "coxuntura" e mergullarse na análise crítica e de fondo das "estruturas". Neste senso, queda perfeitamente claro como o asasinato de Dallas non respostou a unha acción illada, senón que foi o resultado dun plan que (controlado desde aqueles aparellos do Estado que escapan ao control das institucións democráticas) pretendia frear a política dun presidente (talvez en exceso idealizado no filme) que *parecia* optar por unha política ofensiva contra esas instáncias fora de control (o complexo militar-industrial, a CIA, o servizo de Intelixéncia da Mariña, o FBI) e iniciar unha política de peche da intervención americana en Vietnam, de maior achegamento á URSS de Kruschev e de non belixerância invasora cara a Cuba. É dentro dese panorama xeral (de eliminación de calquer obstáculo que frease o proceso de acumulación de capital provocado pola fabricación de armas e que, ao mesmo tempo, inxustificase o protagonismo efectivo na política do Complexo militar-industrial, do FBI e da CIA onde situa Stone os asasinatos de Luther King e Bob Kennedy, desaparicións ambas que identifican claramente uns *métodos fascistas* que Stone, por boca do fiscal Garrisan, deixa expresamente denunciados, no filme. Trataríase pois, dun "Golpe de Estado" non proxección de futuro é con ramificacións máis alá da desaparición física de quen queria retirar as tropas norte-americanas de Vietnam en Novembro de 1965.

> **O** mérito da película é maior pois tendo máis de tres horas en nengun momento perde interese.

Porqué mataron a Kennedy

Hai un aspecto que Stone pretendeu destacar e que lle dá un valor engadido de máis aos moitos que xa ten o filme. Ao longo de toda a história non se trata tanto de saber quen, e como mataron a Kennedy, senón de averiguar por que o mataron, quen tiña a capacidade para facelo e quen, por outra parte, era capaz de converter o magnicídio de Dallas dun feito planeado por "grupos", na acción individual e progadamente imposíbel (a *bala máxica*) dun tolo. Neste sen-

Perestroika á americana

Película espléndida, "JFK", que anúncia posibelmente cámbios fondos no esquelete até hoxe tan militarizado dos USA e que resposta probabelmente a un cámbio de orientación nas formas de exercício de poder nos Estados Unidos. Un cámbio de orientación que, como xa se ten indicado máis dunha vez nestas páxinas, resposta á presenza cada vez máis necesária de instrumentos de poder máis independentes, non só do complexo militar-industrial, senón tamén máis achegado a fórmulas de control *civil*, democráticas e constitucionais. Trataríase de facer unha *perestroika á americana* que reflexase con maior fidelidade a natureza histórica dos tempos que corren. Como, senón desde esta perspectiva preparatória, pode explicarse a existéncia dun filme como o que comentamos? Como, senón desde esta dirección, poden explicarse os miles de millóns de pesetas investidos na fabricación deste filme tan crítico e demoledor? E ainda máis: permitiria a indústria un exorcismo tan acusador como o que fai Stone, se nón fose voceiro dunha tendéncia que intenta desfacerse do que de fascismo hai nos Estados Unidos e búscase descabezar progresivamente o até o momento todopoderoso grupo dos "falcóns"? Non basta só co esquema típico da "asimilación" dos seus próprios erros e escándalos; aqui intúese algo máis, algo que só se entende como unha estratéxia que sabe do poder de convocatória e convicción do cine para veicular discursos e mensaxes políticos novidosas. Pero ollo, todo isto (mesmo o seu marchamo de gañadora de Óscar) non invalida nen a valentia do filme, nen o compromiso crítico e denunciador de Stone que máis unha vez amosa o seu talante e o seu compromiso irrenunciábel de cronista audaz e belixerante dos recunchos máis escuros da história do seu país.♦

tido é esencial a intervención de Mr. X (Donald Sutherland) e a sua conversa co fiscal Jim Garrison. Certamente, esta secuéncia agregada con posterioridade á confección definitiva do guión(2), é un dos eixos centrais do filme, tanto desde o ponto de vista estético como discursivo ou dramático. Desde o primeiro, a longa secuéncia representa a imposición dun espácio novo (exteriores longos, a planificación en perspectiva, o emprego premeditado da simboloxia da democrácia americana...) cheo de luz, limpeza e aire puro, moi en consoáncia coas claves explicativas que Mr X relata; isto contrasta evidentemente coa planificación curta e os cenários pechados e escuros (interiores) nos que se desenvolve a fase de pura acumulación investigadora. Desde o plano do discurso, atopamos nel as claves da interpretación do asasinato e o desveamento das práticas fascistas do Estado americano, claves que, por outra banda, veñen determinadas desde as primeiras imaxes do filme, ocupadas polo moi revelador discurso de despedida da presidéncia do xeneral Eisenhower a través do que intuimos meridianamente a identidade na sombra dos promotores do golpe de estado. Esta certeza, conecta, case simetricamente, co discurso final de Garrison, que é unha chamada de esperanza e, ao mesmo tempo, de combate para que as novas xeracións loiten, non só por descobrir a trama final do magnicídio, senón por eliminar os elementos fascistas instalados no interior dos governos do seu país (obsérvese que ademais de Garrison, que centra toda a secuéncia, é o rosto do seu fillo, Jaspers, personaxe importante do filme que inspira toda a loita do fiscal, o outro gran protagonista da situación). Este desmascaramento do "fascismo que vive" non é só un recurso de ficción, non habita só na paisaxe de "JFK", senón que, non o esquezamos, está presente no desenvolvimento cotián da política estado-unidense, onde mesmo indivíduos que a representaron ao mais alto nível foron cómplices do magnicídio ou suxeitos pasivos da elaboración dun informe tan falseado como o da comisión Warren (ver recadro).♦

(1) Sabido é que unha grande parte dos membros do Senado e do Congreso se son representantes directos das grandes fábricas de armas. No filme indícanse as vinculacións de Lyndon B. Johnson con eles.

(2) Un primeiro borrador do guión dun único autor do asesinato foi roubado por descoñecidos, ainda que Stone fixera seis ou sete borradores mais dos que non rodou nen sequer a metade do primeiro. Mr X era na realidade o coronel Prouty, que Garrison non chegou a coñecer e que o mesmo Stone descobriu cando xa tiña escrito o guión que tivo que alterar para darlle entrada ao personaxe, eao que era máis importante, a sua história.

Ficha Técnica

JFK. Dirección: Oliver Stone. **Productoras:** Ixtlan Corp & A. Kitman Ho.. **Producción:** A. Kitman Ho e Oliver Stone. **Producción executiva:** Arnon Michan. **Guión:** Oliver Stone e Zachary Sklar, basado nas obras *On The Trail Of The Assasins*, de Jim Garrison e *Crossfire: The Plot That Killed Kennedy* de Jim Marrs. **Fotografía:** Robert Richardson **Montaxe:** Joe Hutshing e Pietro Scalia. **Música:** John Wiliam **Intérpretes:** Kevin Costner, Sisy Spacek, Joe Pesci, Tommy Lee Jones, Gary Oldman, Michael Rooker, John Candy, Jack Lemmon, Walter Matthau, Ed Asner, Donald Sutherland, Kevin Bacon, Sally Kirkland, Vincent D'Onofrio, Tomas Milian, Jim Garrison.

Oliver Stone 'A *CIA* é pior que unha máfia calquer'

"Os bárbaros xa están acó. O país está nas mans dun sistema fascista de seguridade. O que Orwell precidira é a nosa realidade cotiá ainda que agachada de maneira que poucos recoñecen"

"Bush é o primeiro presidente dos Estados Unidos que foi xefe da CIA. Bush foi, pois, un espia. No filme *JFK* amosa a existéncia dun aparato encobridor que estaba en acción en 1963. Ese aparato continuou actuando en Vietnam dunha maneira moi intensa, cumprindo un programa de asasinatos. Existiu unha operación para desestabilizar Cuba. Foi moi activo en Sulamérica nos anos setenta. Na década seguinte aplicouse a fondo en Guatemala e en El Salvador. Non parou. Recorde o Watergate. E logo, nos oitenta, con William Casey á frente da CIA tivemos o Irangate".

"Creo que a CIA é pior que unha máfia calquer. Son máis ricos e máis poderosos. E ainda por riba de posuir bancos, son legais. Están investidos de lexitimidade. Fan o que lles gosta sen dar explicacións.

"O *Washington Post* fala e fala de "glasnost" na antiga URSS e sen embargo son incapaces de falar, nen sequer dunha forma intelixente, do asasinato de Kennedy no noso país. A prensa norteamericana síntese moi feliz vendo o que pasa na URSS. Góstalle moito que saian á luz os crimes cometidos por outros governos. Pero, e os próprios? Non contan? E os asasinatos de Kennedy, Luther King, de Bob Kennedy?"

"Os amerianos son cada vez máis cínicos. Non votan. Os xóvenes non votan. Desde que morreu Kennedy temos, sobretodo cos asasinatos de Luther King e Bob Kennedy, unha guerra civil, subtil se se quer, pero igual en intensidade e impacto que a do século pasado. Hai unha ficción que ocorreu nos anos sesenta e temos que descobrir a verdade(...) Mentres non descobramos a verdade sobre o asasinato de Kennedy, Norte-américa non será nunca real. Será un escuro país de ficción."♦



Earl Warren.

A CIA controlaba a *Comisión Warren*

Sobre o chamado "Informe Warrren" pivotou sempre a posición oficial americana sobre a morte de Kennedy. Presidida polo titular do Tribunal Supremo **Earl Warren**, que non queria encabezala e fíxoo presionado por Lyndon B. Johnson, estivo composta por senadores, un ex-director da CIA, congresistas, asesores xurídicos e un futuro presidente, **Gerald Ford**.

O informe da comisión elaborouse por unanimidade, pero non porque todos os seus membros estivesen dacordo, senón porque asi interesaba para darlle coeréncia a unha história inverosímil onde precisamente Gerald Ford foi o principal defensor da *teoria da bala máxica* ideada polo avogado **Arlen Specter**.

A síntese das biografias dos outros compoñentes é reveladora: **Allen W. Dulles** fora cesado como director da CIA por Kennedy, e foi o encarregado de seguir as conexións da axéncia de expionaxe e as posíbeis conspiracións e operacións encubertas; **John Sherman Cooper**, senador republicano, mostrouse céptico coas conclusións; **Richard Russell**, congresista, solicitou unha nota aparte no informe pero Warren impuxo o critério da unanimidade; **John J. McCloy**, foi vicesecretário de guerra durante a II Guerra Mundial e Alto Comisário en Alemánia (1940-52) durante o que axudou na construcción do aparato de espionaxe dos EEUU; **David Belin** foi asesor xurídico e un dos mellores propagandistas das decisións do comité.

As ligazóns da CIA e de outros Servícios de Intelixéncia con operacións encubertas en moitos paises do mundo son ben coñecidas. Non hai que esquecer que o próprio George Bush foi durante anos director da *axéncia* de espionaxe. As declaracións de Mr. X (Donald Sutherland no filme de Oliver Stone), en realidade o coronel Prouty, son ben claras e a lista rematou sen poder citar casos como o Irangate ou o apoio á *contra* nicaraguense.

A película conseguiu xa un primeiro resultado co anúncio pola CIA de permitir o acceso limitado a alguns documentos até agora segredos sobre a morte de Kennedy. É a presión do 73% de norteamericanos que hoxe están convencidos que a morte do seu presidente no 1963 foi obra dunha conspiración.♦

Leituras

A VIAXE DE EXERIA, PRIMEIRO TESTEMUÑO DO MONAQUISMO EN GALICIA

FRANCISCO CARBALLO

Itinerarium ad loca sancta de Exéria é o primeiro texto que posuimos sobre a vida cristiá na Gallaecia. A parte do valor filolóxico e literário do Itinerarium, temos nel un documento básico da inicial organización eremítica do cristianismo galego. Esta obra servia no s. VII de cita obrigada a San Valério, monxe no Bércio, para a formación no monaquismo dos seus discípulos. Seguiu a ser moi utilizada ata o s. XV. Logo pasou desapercibida ata que Gian F. Gamurrini, en 1884, achou unha cópia deste Itinerário conservada en Arezzo. A primeira igrexa en apreciar este documento foi a rusa que o traduciu en 1889. En seguida foi traducido o texto ao grego, danés, inglés, polaco, holandés , alemán, castelán, portugués (1971) e catalán(1986).

O texto latino era coñecido e utilizado na Galiza por diferentes investigadores, por fin acaba de ser traducido ao galego por Eduardo López Pereira e publicado en 1991. Non se conserva o texto completo de Exéria, faltan os fólios finais, os que seguen á catequese bautismal.



Non se conserva o texto completo de Exéria, faltan os fólios finais, os que seguen á catequese bautismal.

O labor de L. Pereira non se reduce só á traducción; en 30 pp. encadra a obra de Exéria na Galiza romana e analiza tanto o manuscrito como a bibliografia ampla a que ten dado lugar. Igualmente divide en capítulos e subtítulos e introduce notas para a mellor comprensión do texto.O tema que L. Pereira menos desenvolve inda que sexa o que da máis valor ao texo é o da visita os **eremitórios** da Terra Santa, da península do Sinai e da Mesopotámia. Visita e toma de contacto cos eremitas, algo que está no fondo da sua preocupación e comunicación ás "sorores", irmás de comunidade, que son as interesadas en receber novas sobre ese aspecto. Penso que está ai o punto neurálxico do escrito de Exéria, mais inda que a "peregrinatio" ou visita os lugares sagros do Cristianismo. Mesmo as descripcións da litúrxia teñen a finalidade didáctica de dar axuda nese campo ás comunidades cristiás do seu país de orixe.

O Eremitismo de Exéria

Que tipo de eremitismo nos apresenta Exéria? Ela usa a palabra **monasterium** que L. Pereira traduce con acerto por eremitório. Etimolóxicamenrte **monacus** era un solitário, alguén que vivia retirado. Tal retiro solia ser perto das cidades e foise alonxando aos desertos (ermos). A palabra eremita retivo a denominación destes monxes, mentres que o termo monxe comezou a utilizarse como denominación dos **cenobitas**, é dicir dos grupos de monxes que se agruparon en comunidades. No ascenso ao Sinai, di Exéria: "O sábado pola tarde entramos na montaña e, en chegando a certos eremitórios, recibíronnos os monxes que moraban neles, ofrecéndonos toda clase de hospitalidade. Hai tamén ali unha igrexa cun presbítero". Este tipo de descripción vaise repetir en toda a primeira parte da viaxe de Exéria: eremitórios, un templo comun ao que acoden, e un presbítero que preside ali a eucaristia. Exéria fai notar a presemza de bispos, de procedéncia maiormente monacal.

Descrebe a chegada á etapa de Arábia (ano 384, 6-7 de xaneiro): "Era véspera do feliz dia da Epifanía, e debia celebrarse a vixília na igrexa. Asi pois, retívonos dous dias o santo bispo, santo e home consagrado verdadeiramente a Deus, xa moi coñecido por min desde o tempo en que fora eu á Tebaida. Este santo bispo era un monxe, que desde pequeniño fora criado no mosteiro, e por iso era tan versado nas Escrituras e tan puro en toda a sua vida".

O remate da primeira parte do texto é un modelo do tipo de cristianismo que Exéria louva: "Despois de chegar aló (a Constantinopla), en todas as igrexas e monumentos aos apóstolos, o mesmo que en cada un dos moitos sepulcros que hai ali, non deixaba de dar grazas a Xesus, Noso Deus, que de tal maneira se dignou deitar a sua misericórdia sobre min. Desde ese lugar, señoras, luz da miña vida, mentres escrebia isto a Vosa Caridade, xa tiña intención de ir, no nome de Cristo, Noso Deus, á Ásia, é dicer, a Éfeso, para rezar diante do sepulcro do santo e beato Xoán. Se despois disto ainda estou viva, e podo coñecer alguns lugares máis, contareillelo en persoa a Vosa Caridade, se Deus se digna concedermo. E se outra cousa se me ven á mente, comunicaréivolo por escrito". Un dos sepulcros que visita é o da mártir Sta. Eufémia, de comezos do s. IV, enterrada en Caldedónia, e precisamente no seu templo celebrouse o famoso concílio de tal nome no ano 451.

A segunda parte da obra sobre a litúrxia de Xerusalen, ten importanáncia igualmente e ten merecido numerosos estudios. ♦

NA BEIRA DA IGREXA OFICIAL

Para o esclarecemento do cristianismo galego dos ss. IV-V os testemuños indirectos sobre o eremitismo de Exéria son de primeira importáncia. Parece que xa daquela, como logo en etapas sucesivas, á beira dunha Igrexa oficial con bispos e cadros burocráticos, aparecen grupos eremíticos parecidos aos descritos por Exéria. Debeu ser neses grupos onde mais aceptación tivo Prisciliano. Pero tal realidade eremítica nen a criou Prisciliano, nen pode ser identificada co priscilianismo. Lentamente a organización episcopal eliminou a existéncia de bispos con sedes voantes e desposuiu os monxes dese apoio tan decisivo na sua confrontación dentro da Igrexa.

Mais tarde, no s. VI, na celebración dos concilios de Braga, 561 e 572, a metrópoli bracarense está delimitada e acolle o mesmo os bispos de dióceses territoriais como a Maeloc, bispo britonense. San Martiño, un bispo de orixe monacal, que preside o 2º concílio bracarense, recoñece certa autonomia os bispos de "convento xurídico" lucense e enumera como tales os de Lugo, Britónia, Ourense, Iria e Tui, aos que se uniria o de Astorga, carente inda doutros bispos no seu "convento xurídico".

Estes concílios dedican o seu esforzo á moralización da vida "eclesiástica", denúncian os mesmos abusos que xa detectaban os eremitas do s. IV.

En conclusión, a vida cristiá na Galiza está xa delineada no s. IV: dunha banda, a igrexa oficial, episcopal a nivel territorial, de outra o eremitismo e bispos personais. Os territorios-dióceses tamén se delimitan lentamente con dependéncia de Braga e autonomia para Lugo. Só mais tarde aparece Santiago como traslado de Iria e posteriormente con independencia de Braga. Santiago logra (no s. XII) ser metrópoli das dióceses da Antiga Mérida ata que no s. XV se constitue metróli de Galiza e mantén as sufragáneas de Mérida durante outros tres séculos. Á sua vez, o cenobitismo se sobrepón ao eremitismo desde os anos de San Fructuoso (s. VII); un monaquismo regulado e cada vez mais dependente de poderes abaciais.

A escritora Exéria encabeza a documentación da igrexa galega. O seu breve texto da información sobre a vida eremítica da igrexa oriental e sobre a litúrxia xerosolemitana e expresa os ideais dos monxes galegos do s. IV, algo que van proseguer escritores como Paulo Orósio. En todos eles se dá a devota predilección polo culto martirial que, pouco a pouco, vaise traducir nunha intensa busca de relíquias e do traslado conseguinte. Por todo o devandito, temos que alegrarnos da publicación da obra exeriana, cando ademais se le con gozo pola sutileza e curisosidade feminina de que fai gala a autora. ♦

EXÉRIA, **Viaxe a Terra Santa**, traducción , introducción e notas de X. Eduardo López Pereira, Vigo, Xerias, 1991, pp. 124.

A SAÚDE

AS ENFERMIDADES DE TRASMISION SEXUAL

As enfermidades de trasmisión sexual son infecciónes que se caracterizan porque o contaxio se produce durante a realización de actividades sexuais. A súa importancia débese a que son cada vez máis frecuentes e poden producir graves secuelas nas persoas que as padecen ou nos seus fillos. Para previlas é de grande utilidade o preservativo nas relacións fora da parella habitual, non retrasa-la visita ó médico ante a sospeita de padecelas e segui-las súas indicacións rigorosamente.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

7 DIAS

■ Atlas en galego

O deputado Domingo Merino e a Mesa de Normalización Lingüística coinciden en criticar o Atlas editado conxuntamente por Aguilar-El País, por non respeitar os topónimos galegos.

Nunha carta dirixida ao director da publicación a MNL retruca as afirmacións que xustifican a escolla dunha dupla denominación dos topónimos galegos, "Julia Louzán di na sua explicación que *os municipios da España das autonomias cambiaron nos últimos anos de nome*. Non é exacto. Os nomes de lugar eran os mesmos, mais non estaba oficializados. A cuestión é que coa oficialización da língua galega pasouse a recoñecer oficialmente os nomes verdadeiros e oficializáronse".

A nota da *Mesa* lembra o artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística: "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega". Lembra tamén que nun repaso superficial obsérvanse tamén diversos erros de transcripción dos verdadeiros topónimos alén da castelanización, como a transcrita *Val de Orras*.

A polémica coincide coa notícia de que o pleno do Concello de Ponteareas tivo que recoñecer, a proposta do maior detractor, o alcalde Pepe Castro, a única denominación legalmente posíbel da vila. A decisión fora bloqueada repetidamente durante anos pola maioria do PP e só as presións da Xunta, no seu aggiornamento galeguista, foron quen de impor a mudanza de critério do alcalde.♦

■ Xantar literário no Condado

Como inicio dunha campaña de longo alcance en defensa dos viños do Condado, celebrouse en As Neves un xantar literário que reuniu máis de trescentas persoas. Antón Alonso Fontán leu o pregón, un manifesto contra as adegas industriais e os viños adulterados que corrompen o mercado das terras do San Do Médio. O pregoeiro falou en defensa de máis de dez mil colleiteiros locais que carecen de protección para os seus viños e anunciou que a sua protesta iria subindo de ton até ser escoitada en Bruxelas.

Xosé Luis Méndez Ferrin criticou a denominación de orixe *Rias Baixas*, en defensa do nome do Condado e do cultivos tradicional dos acios da terra: brencellaos, Dona Branca, Treixadura, Torrontés. Na defensa da tradición cultural do agro, Ferrin retrucou a Fraga que non son labregos o que sobran no campo galego senon caciques e narco-traficantes".

Para Francisco Fernández del Riego, o viño foi unha das nosas cartas principais de presentación no mundo, como proba o comércio que del faciamos con Inglaterra, os paises do Mar do Norde e América.

A *Asociación de Veciños a Cividade de Meder*, de Salvaterra, proponse a celebración dunha festa popular en Xuño. Ao mesmo tempo ten iniciada unha campaña para mellorar as instalacións e as formas de elaboración dos viños do Condado, en particular para lograr levaduras proprias.♦

Ferrín, Xosé María Fonseca e Fernández del Riego, no xantar literário do Condado. NIEVES LOPERENA

■ O éxito da fotografia histórica

Desde hai vários anos as exposicións de fotografia que recuperan imaxes do pasado, teñen un éxito desbordante ali onde se realizan. Nas distintas Fotobienais de Vigo, Outono Fotográfico de Ourense, e innúmeras exposicións de antigos arquivos nas demais cidades de Galiza, o éxito se repete. Agora anúnciase a ampliación até o 8 de Marzo da selección de fotografias "A Coruña. Imaxes dunha cidade", do Arquivo do Reino de Galicia. Na mostra vense imaxes da cidade herculina en duas hipotéticas viaxes nos primeiros do século e na actualidade.♦

■ Quedar ben coa UNESCO

Manuel Fraga reuniuse co presidente da comisión estatal da UNESCO, Luis Ignácio Ramallo, e falou de ampliar a sua relación co organismo internacional do que o presidente da Xunta gabouse de ser no seu dia primeiro presidente no Estado español. Fraga falou de que a única colaboración actual era a edición en galego de "O correo da UNESCO", sen lembrar que durante o seu mandato estivo vários meses sen editar, sen explicación oficial algunha, e que a distribución da publicación ainda non está normalizada en institutos, bibliotecas ou coléxios.♦

■ Galeguización dos nomes

Sumándose no tempo a unha campaña xa en marcha desde hai semanas pola MNL, a Federación de Libreiros e a a Dirección de Política Lingüística, presentaron unha campaña co lema *Cos libros galegos descubra mil nomes*. A campaña consiste na distribución gratuita de 150.000 exemplares dun libro de patronímicos, cunha explicación etimolóxica, realizado por Henrique Costas. O folleto estará en máis de 600 librarias galegas, e será agasallado pola compra de un libro en galego.♦

■ Valle Inclán en Galiza

Xa se coñece o calendário das representacións das *Comédias Bárbaras* na Coruña. Será no teatro Rosalia de Castro dos dias 12 a 21 de Marzo e poderanse ver en dias sucesivos (13, 14 e 14 ou 17, 18 e 19) ou ben nunha só sesión de case seis horas (dias 12, 20 ou 21).

Antes de fin de mes o próprio CDN porá en cena no mesmo teatro as obras *História do Zoo e Hamlet*.♦

■ Vinte anos da Agrupación Cultural Sementeira

A Agrupación Cultural *Sementeira*, de Viveiro, cumpre vinte anos este 92. Engrosa entón o grupo de asociacións pioneiras que se constituiron a cabalo entre as décadas dos sesenta e dos setenta e que andan a celebrar efemérides semellantes. Outra entidade mariñá, a *Francisco Lanza* de Ribadeo, cumpriu e celebrou a mesma idade o ano pasado.

A Banda de Música de Ribadeo, que se apresentou ao público o pasado 25 de Xaneiro, ofereceu o seu segundo concerto oficial en Viveiro o pasado 15 de Febreiro, no Teatro "Pastor Díaz". Era a primeira das actividades constituitivas do ambicioso programa deseñado por *Sementeira* para a efemérides: "1972-1992: vinte anos espallando a semente da Cultura". A Banda ribadense foi formada e está dirixida polo músico de Viveiro Hernán Naval, quen presidiu a A.C. *Sementeira* durante os oito últimos anos; é o actual vice-presidente da Federación de AA.CC galegas. Hai que lembrar que o Teatro "Pastor Díaz" de Viveiro é hoxe património público municipal mercé a unha campaña de incidéncia nacional a prol da sua adquisición (recolléranse case cinco milleiros de sinaturas) levada a cabo por *Sementeira* hai logo catro anos.

Teatro, curso de baile de salón, concurso literário infantil e xuvenil (como todos os anos: vaise pola vixésima edición), festival de rock galego, publicación da história de *Sementeira*... eis o groso do programado pola asociación viveiresa para o seu singular 92 comemorativo. A execución, coma sempre, dependerá do apoio financeiro institucional. Polo de pronto, o Concello de Viveiro xa nejgou a axuda solicitada. Os custes do concerto da Banda de Ribadeo, *en Viveiro*, houberon de ser parcialmente sufragados polo Concello de Ribadeo.

Directivos actuais de *Sementeira*, en rolda de prensa, fixeron balanzo histórico: nomeadamente, *Sementeira* fica na história local e na nacional como entidade axitadora da oposición popular á instalación dunha central nuclear en Xove, asumindo as funcións das entón ilegais organizacións políticas, abarrotando con miles de persoas as salas de festas, para escoitar a Beiras ou a Bermejo. *Sementeira*, ainda hoxe, está sinalada pola acción ecoloxista.♦

Se che gusta ler, tes Premio

Xerais presenta os últimos Premios de narrativa galega.
Catro obras de lectura imprescindible.
Se che gusta ler, tes Premio.



Agosto do 36: Xosé Fernández Ferreiro. Esta novela, baseada en feitos reais e escrita cunha linguaxe case que cinematográfica, é a historia dun asesinato por vinganza cometido por catro falanxistas aproveitando o confusionismo dos primeiros días da Guerra Civil.

Días contados: Xosé Cid Cabido. Esta obra está constituída por doce relatos maiormente urbanos, onde os protagonistas viven situacións de fronteira entre a paradoxa case fantástica e a máis seca e implacable realidade cotiá.

Trailer: Francisco Alonso Villaverde. A primeira novela deste xove autor é un achegamento á vida dos camioneiros galegos. Cunha clara vocación de actualidade, o fio conductor atópase nas cuestiones candentes da nosa sociedade -Sida, terrorismo, sexo, ...-

Sabor a ti: Miguel Suárez Abel. A novela finalista do Premio Xerais inventa, mediante unha prosa eficaz e áxil, o forte atractivo dunha ollada feminina, pasional, "con clase", que destrúe a rotina dunha profesora de instituto, quizais a costa da súa propia destrucción.

XERAIS

O QUE GALICIA TEN QUE LER

Endémicos poetas



FRAGMENTO DA XILOGRAFIA DE MARECHAL ATARDECER

Florbela Espanca
UNHA ROSALÍA DO SUR

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

Coñecín os primeiros versos de Florbela Espanca, como por acaso, nun artigo longo, case un estudio, do admirable *Jornal de Letras*. Lendo aqueles sonetos tan antigos e perfectos, pensei —o artigo-estudio non incluía referencias biográficas— que a autora sería, ela tamén, antiga. "Houbo tamén unha Rosalía no sur", pensei, porque pensei que o dramatismo romántico daqueles versos sería, como o de Rosalía, un tardío froito decimonónico.

Pero non. Fun sabendo logo que Florbela Espanca naceu en Vila Viçosa, na rexión de Évora, ó sureste de Lisboa, no ano 1894. Que foi, pois, unha poetisa do noso século, de vida curta e, si, dramática e romántica. Desesperada e fatalmente enamorada do seu irmán, sofreu a condición prohibida do amor incestuoso trocándoa en versos inacabablemente tristes, ós que a penas a perfección formal consigue liberalos dese punto no que a meirande sinceridade dos afectos se torna para os ollos dos demais en sentimentalismo e, aínda, cursilería. Vexan, senón, estes versos dese masoquista autorretrato que titulou xustamente "Eu":

Son aquela que passa e ninguém vê...
Sou a que chaman triste sem o ser...
Sou a que chora sem saber porquê...

Neurótica compracencia na propia dor (esa que tan definitivamente soubo expresar Rosalía no seu cravo), que certa crítica etiquetadora quixera característica especificamente feminina. Eu, coido que é só explicación superficial (non é explicación, pois, porque a explicación nunca viaxa na superficie) atribuír a esa categoría sociolóxica enmascarada que é "o feminino" ou "a feminidade" a coincidencia neurótica e autocompasiva dos versos de Rosalía e os sonetos de Florbela. Ou dos versos de Florbela e as cancións de Violeta Parra.

Rosalía, Florbela, Violeta. Quizais certamente non sexa casual que sexan mulleres quen expresen coa radicalidade máis estremada —esa radicalidade ó límite do soportable, contra da que os "homes" (entre os que, naturalmente, tamén hai moitas mulleres) nos defendemos agochados tras categorías como "cursi", "sentimentaloide" ou semellantes— as feridas raramente evitables das batallas dos afectos. Pero dicir que iso é o específico feminino é non dicir nada. É non saber nada e, quizais —o peor— non querer saber.

Florbela e Violeta. Nas dúas o dramatismo radical das súas voces culminou na radicalidade do suicidio. Un suicidio que as dúas anunciaran repetidamente nos seus versos. A calquera oínte das cancións de Violeta Parra este terceto que pecha o soneto "Dizeres íntimos" resoaralle sen dúbida familiar:

E os meus vinte e três anos... (Sou tão nova!)
Dizem baixinho a rir: "Que linda a vida!..."
Responde a minha Dor: "Que linda a cova!"

Non foi ós vinte e tres anos. Florbela morreu ós trinta e cinco anos, en Matosinhos. Antes morrera o seu idolatrado irmán, se non lembro mal, nun accidente de aviación (era aviador). A traxedia trae á vida unha causa para a tristeza que no poema só fora tristeza inexplicada e inexplicable.

Chuva... tenho tristeza! Mas porquê?!
Vento... tenho saudades! Mas de quê?!

E a morte —Dona Morte dos dedos de veludo— convírtese en obxecto de desexo, amante alternativo, fuxida definitiva dunha vida que nunca se aceptou.

Deixai entrar a Morte, a Iluminada,
A que vem pra mim, pra me levar.
Abri todas as portas par em par
Como asas a bater em revoada.

¿Por que esta teimosía da poesía no laio reiterado? ¿Máis da "poesía feminina"? Rosalía, Florbela, Violeta. E poderíamos engadir tamén Emily Dickinson, Alfonsina Storni. Silvia Plath ¿Pero acaso non poderiamos traer, no lado masculino, desde Shelley e Bécquer, a Pavese, Pimentel e Paul Celan? Semella que hai no poeta unha constante atracción cara á faciana dorosa da vida, como se a ledicia fose sensación non merecedora da roupaxe do verso. Semella que é o poeta suicida a imaxe consecuente, case redundante, do poeta.

Confeso eu que non son especialmente amante de poetas suicidas, como non son especialmente amigo de xentes neurasténicas e tristes (¿Quen o é? Nin eles mesmos son amigos deles mesmos). Pero admiro a capacidade insólita dalgúns deles para se alazaren por sobre esa case ridícula teimosía do sofrimento reiterada e impudicamente proclamado, ate soerguer na palabra metáforas reveladoras. Florbela Espanca, *Soror Saudade, Princesa Desalento, Maria das Quimeras sem quimeras*. Tamén no sur unha muller choraba. Os poetas, eles, sempre todos a chorar.

Contei-lhes os meus sonhos, a alegria
Dos versos que são meus, do meu sonhar,
E todos os poetas, a chorar... ♦

INFORMATE CON MOITA
FRECUENCIA

A radio nunca pecha. E ademais ten moitas frecuencias onde elixir. E todas contan todo o que pasa, no momento no que acontece.

Así é a radio. Saberalo todo sen ter que agardar ó día seguinte.

Pon a radio. Para estar na onda segundo a segundo, as 24 horas.

A RADIO MARCHA

XUNTA DE GALICIA

axenda

O trinque

Espectáculos
O antroido. Recomendábel, san, poderoso. Cura as alérxias. Rico en proteinas. O pracer de pecar.

Música
Arroutada Pangalaica. Primeiro disco de *Os Diplomáticos de Monte Alto*. A mestizaxe dos arravaldos. Algo de *heavy* e *tex-mex* co estilo das nosas orquestras populares

Libros
Conversas con Xaime Quessada. Realizado e editado por Sotelo Blanco. Percorrido desde a *nova arte galega* até os grandes mercados.♦

Publicacións



O Tranvia
Hai uns dias presentouse en O Porriño o número 1 desta revista promovida por un grupo heteroxéneo de persoas que ven a necesidade dunha prensa local que recolla aqueles aspectos que non teñen cabida nos médios convencionais. Además pretenden estar en contacto cos movimentos culturais e sociais que se desenvolven en ámbitos que esceden á sua comarca. O emprego do idioma galego e a recuperación da memória colectiva"contra a especulación e a colonización do pensamento" son dous puntos básicos nos seus plantexamentos, así como a necesidade de traballar conxuntamente con asociacións culturais, de veciños, etc.

Vértigo
Acaba de sair á rua o número 1 desta revista adicada ao Cinema, publicación trimestral editada polo Concello de A Coruña e realizada pola Comisión de Cine do Ateneo desta cidade. Neste número de presentación inclúense artigos sobre as actividadesdo Centro Galego de Artes da Imaxe e a Escola de Imaxe e Son. Un amplo traballo sobre o realizador Billy Wilder e un pequeno estudo sobre Spike Lee completan a oferta, ao lado das habituais seccións de novas, crítica e reseña de libros.

Axéncia de Noticies Alternativa
A.N.A. é unha publicación alternativa feita en Barcelona que ven de sacar no pasado Xaneiro o seu número 153. A loita pola Insubmisión, as novas sobre a actividade Okupa en todo o Estado, a solidariedade co povo sahariano e os actos contra a celebración oficial do V Centenário son os contidos que ofrece este número, xunto cunha interesante axenda de actividades nestes eidos tanto a nivel local coma internacional. Para contactos dirixirse ao Apdo. 1964 de Barcelona 08080, ou ao Tlf. 443 19 09.

Mestres da Pintura Galega
A Caixa de Pontevedra ven de presentar unha colección de Cadernos Didácticos coa teima de difundir a obra dos distintos mestres galegos da pintura e dirixidos sobre todo a estudiantes e profesores. Estes Cadernos están elaborados por Antón Castro, crítico e profesor na Faculdade de Belas Artes de Pontevedra;Antón Sobral, xefe de estúdios da Escola de Restauración e presidente da Asociación de Artistas de Pontevedra, e Paloma Cabello, Lda en História. A colección ábrese cun volume adicado ao pintor marinense **Manuel Torres.**♦

Televisión

Ciclo William Castle
O sábado 29 no espácio Butaca Especial da TVG emitirase **A serpe do Nilo**, realizada en 1953 polo protagonista deste ciclo que se está a emitir en version orixinal subtitulada.

Os Señores do Tempo
O dia 28 no espácio "Entrada Libre" da TVG emitirase este interesante filme de animación realizado en 1983 polo gran especialista francés **René Laloux**, que para esta ocasión contou coa estreita colaboración do dibuxante **Jean Giraud**, tamén coñecido como **Moebius**. Laloux, un dos principais deseñadores animados europeos, levou a Palma de Ouro no Festival de Cannes no ano 1973 coa mediametraxe "O planeta salvaxe". Os debuxos, e o rico contido reivindicativo e social que Leloux aporta neste traballo, son determiñantes para delimitar a fronteira que separa o debuxo animado blando -predominantemente dirixido ao público infantil- do adulto e creativo que neste autor inclúe elementos surrealistas.♦

Exposicións

Carteis e bicos de Cine
Cartelismo cinematográfico galego desde o ano 1973 ao 1990 e 25 estampas de Manuel Moldes sobre bicos e cinema son as exposicións que está a ofertar o Centro Galego de Artes da Imaxe na sua Sala da rua Durán Loriga, en A Coruña.

Arte de vangarda rusa: 1900-1935
Obras de Kandinsky, Malevich, Popova, Concharova, etc. No Auditório de Galícia, en Compostela.

Rafael Arbones Ande
Até o 9 de Marzo na Sala de Arte Caixavigo, os laboráveis de 19 a 22h e as feiras de 12 a 14h.

Certame "J. Domínguez Guzmán"
Na Biblioteca Municipal de Lugo pódense ver as obras presentadas á II edición deste certame galego de arte, convocado polo Centro Cultural de Begonte.

Mistura
Obras deste colectivo de pintores e escultores no Sala Hércules, en A Coruña.

Parada Justel
Mostra no Museo Arqueolóxico de Ourense.

Un dia na vida da Universidade
Mostra fotográfica na Sala da rua Durán Loriga, na Coruña.

Carteis de Entroido
Mostra na Casa da Cultura de Vigo.

Inmitación
Mostra das obras do Obradoiro Auria na casa da Xuventude de Ourense.

Un século de pintura francesa 1750-1850
Exposición no Kiosko Alfonso de A Coruña.

Doce Pintores Novos
Mostra na Sala de Arte do BBV en Vigo.

Biombos de autor
Antonio Murado, Din Matamoro, Maria de Felipe, Seara e Correa Corredoira expoñen, xunto a outros artistas, unha colección de biombos na Galeria compostelá Sargadelos, até o 14 de Marzo.

Fotografia Submariña
Fotografias da Escola-Taller de Mergullo Científico no Claustro Alto do Pazo de Fonseca, en Compostela.

Gravado cubano contemporáneo
Mostra no Pub Aljama de Rivadávia.

Pintores Galegos
Mostra colectiva na Sala Laxeiro de Vigo.♦

Anúncios de balde

Vendo LP's e cassettes de **Heavy, Thrash** e outros estilos variados, usados pero en bo estado. Chamar ao Tlf. (981) 32 53 46. Preguntar por Oscar, os sábados e domingos ao mediodia.

Búscase **mozo para compartir piso** en Vigo, zona Torrecedeira. Chamar a partir das 2 ao tlf 43 74 33, preguntar por Carme.

Vendo **Enciclopédia Galega**, Chamade ao Tlf. (986) 86 46 77 polas tardes, preguntar por Maria.

Viaxe a **Fátima e Lisboa** dos dias 16 ao 19 de Abril. Autocarro de luxo e hotel de tres estrelas. Prezo: 23.000 pts. Contacto: Carlos Alberto Pinto de Sousa.R/ Serxio Peñamaria de Llano, 16, 1-A. Polígono Ventorrilloo. 15008 A Coruña.

O dia 2 de Marzo a Asociación España-URSS de Vigo escomenza un novo **curso de iniciación á língua rusa**. Para máis información Tlf.22 44 57. Horário de 11 a 13,30h e de 17 a 21,30h.

O **Comité Cidadán Galego Anti-SIDA** informa que permanecerá aberto os martes, xoves e venres de 16 a 21h. Además está o Apdo. de correos 117 de Compostela.

Cabuxa Distribuidora. Nacionalismo e Anarquismo (Materiais para o diálogo). **Lixo urbano** (Fanzine): Número 0. E máis libros, discos, maquetas e fanzines. Pedir catálogo ao Apdo 259. 15080 Compostela. Mandar os selos.

A Rota dos Baleeiros, cartafol de poemas, con textos de Francisco Alonso ("Cada tres meses e un dia"), Paco Souto ("Morte de ser cidade") e Miro Villar ("A nudez do carambeto"). Prólogo e deseño da portada de Alfredo López "Tokio". Distribúe "Edicións do Dragón". Rúa Escultor Asorei, 8 baixo. 15704- Compostela. Tlf (981) 76 23 31. Envios por reembolso. Prezo: 700pts máis gastos.

A NOSA TERRA
conta con seccións sustentadas na participación dos leitores
GRATIS
Pisos para compartir, avisos, alugueres, cámbios, compras, vendas, contactos... de publicación gratuita na sección
Anúncios de balde
Tfno. (986) 43 38 86

Se che gusta **Alejandro Sanz** agora tes a oportunidade de formar parte do seu Clube Oficial: "Fan Club Pisando Fuerte". Delegación en Vigo: Rúa Espedrigada, 51. CP 36210.

Talia Teatro de Cee (A Coruña) oferta os espectáculos **Gaivotas subterráneas** de Alfonso Vallejo e **O rei aborrecido** de Xesús Pisón. Condicións cénicas: Alto: 3m. Boca: 5m. Fondo: 4m. (mínimos). Contratación tlfs (981) 74 72 29 e 74 68 26. Apdo Correos 62. 15270 Cee (A Coruña).

A todos os estudiantes da nosa Nación: somos un **Ateneo Cultural de Intervención**. Chamamo-nos **Liga Libidinal-Iconoclasta de Acción Estudiantil**. Estamos a preparar unha revista feita por estudiantes de toda Galiza. Precisamos colaboracións: artigos de opinión, experiéncias culturais ou político-organizativas, fotografias... Enviade o material a Apdo de correos 5410 de Vigo. Graciñas.

Licenciada en História Contemporánea **busca traballo relacionado co ensino, editoriais, librerias, prensa...** Tlf (986) 30 13 67. Preguntar por Victória.

Se pensas que xa abonda de extermínio de povos indíxenas e queres axudar a evitalo, ponte en contacto con **Amigos dos Indios**; escrebe a Xosé Luis Cortizo, 32.435 Rubillón, Avión (Ourense).

Xevale Ecopacifismo distribue camisetas co lema **Me cago no V Centenário** como apoio a programas de solidariedade coas comunidades indíxenas e populares de América Latina. Tlfno. 44 03 68, 40 46 09. Apdo 22, Monforte.

Estou a realizar unha tesina e necesito material (panfletos, "pásalos", revistas, documentos...) e calquer tipo de información sobre o **Movimento Estudiantil Universitário en Galiza na década dos 70**. Por-se en contacto con Carlos Morais, Rúa Pexego de Arriba, 15 A Primeiro. Santiago de Compostela.

Vende-se **micro-ordenador Inves-Spectrum,** cassette corder TCM-848 Sony, completo lote de programas (utilidades e xogos) no que engado video-aventuras en galego; revistas e libros de informática. Todo en bon estado. Prezo a convir. Chamar a Miguel: Tlf (981) 24 54 40.

Estrela Galiza distribuidora. **Distribución altenativa** de material tamén alternativo: pubicacións de resisténcia, prensa contrainformativa. fanzines, camisetas, discos e cintas de música non comercial, etc. Podedes pedir o catálogo a: K.E.G. Apdo 660. Ourense (agradecese que mandedes selos para a resposta). Se queredes saber calquer outra cousa de nós, algunha colaboración. algunha informacion non dubidedes en escribir a K.E.G., Casa da Xuventude. R/ Celso E. Ferreiro, 27. 32004-Ourense.♦

Música



Red Richard's Trio
O dia 28 ás 23h no Teatro Principal de Compostela.

Baio Ensemble Trio
O dia 28 ás 12,30 da noite nun pub da Cidade Vella Jam Session con esta formación e algun membro do "Red Richards Trio".

Suzzane Ciani
O dia 27 no Auditório de Galicia, en Compostela dentro do ciclo **Novas Músicas**. Será ás 21h.

Amancio Prada
Concerto no Teatro Losada de Ourense o dia 25.

Cuarteto Camerata Janacek
O dia 27 estarán na Sala de Concertos do Centro Cultural Caixavigo, e o dia 28 no Auditório de Galícia, en Compostela, ás 21h. Interpretarán obras de Mozart, Brahams e Shostakovich.♦

Cine

Dziga Vertov

Remata no Centro Galego de Artes da Imaxe o ciclo adicado a este investigador da linguaxe cinematográfica. Os dias 27 e 28 proxectarase o filme **O home da cámara** , obra emblemática dentro da sua filmografia. O proxeccionista dunha sala cinematográfica está disposto a captar coa sua cámara a vida tal como é, desde o alto dunha cheminea, sobre unha grua...

Alexander Dovzhenko

Tamén nos locais do C.G.A.I. poderemos ver unha selección da obra deste outro realizador emblemático do primeiro cine soviético. Os dias 2 e 5 proxectarase a longametraxe **Arsenal**, filmado en 1929, e que narra un episódio das loitas obreiras desde os sóviets. Os dias 6 e 9 poderemos ver **A terra**, producción de 1930 que analisa as relacións do campesiño coa terra e as repercusións da chegada das máquinas á agricultura. Todas as proxeccións serán no horário habitual, ás 20,15h e o prezo é de 150 pts, e 100 con Carné Xove.♦

Teatro

Xornadas de Teatro Universitário

O dia 27 deste mes e ás 23 horas no Teatro Principal de Santiago de Compostela o grupo da **Aula de Teatro de Santiago** representará a obra "O matrimónio", de Witold Gombrowiz dentro das Xornadas de Teatro Universitário.♦

Novas sensuais

■ **MC/A CORUÑA**

A Asociación de Escritores en Língua Galega ven celebrando de maneira case periódica diferentes debates sobre a problemática das letras no noso páis. O marco, a galeria Sargadelos de Compostela. "A situación do dramaturgo galego na nosa sociedade", tema fundamental á hora de aproveitar aos nosos autores no contexto institucional, foi tratado no forum, segundo nos confesou **Miguel Anxo Fernán-Vello,** un dos autores teatrais que máis tempo adica á loita pola "normalización" do teatro na Galiza. O Centro Dramático, por outro lado, xa ten planificada a sua produción para a temporada. E Fernán-Vello, asinante xunto a outros colegas dun escrito onde se recoñecia a discriminación dos autores galegos polo C.D.G., pula por conquerir unha meirande participación da dramatúrxia deste país aos máis altos níveis. Mais, ao parecer, non mola, nen parece que á Xunta de Galiza, administradora do asunto a meio do seu xeneral en xefe, Daniel Barata, lle interese trocar a política rocamboleira e mitifcadora de hoxe en dia. Iso si, por dicer, di que todo vai ben, ainda que poderia mellorar.

Noutra orde, dicer que, proximamente, "no mes de Maio, con seguridade", a colección Espiral Maior oferecerá duas novidades. Bernardino Graña e Miro Villar exporán sendos títulos nunha colección poética que encetara Maria Xosé Queizán coa aquela "Metáfora da metáfora". Fernán-Vello, responsábel da edición, está convencido de que "apesar das dificuldades" algun dia lerase poesia.

CHELO

Guamá empresa dedicada á illa de Cuba e arredores, confecciona viaxes de diferentes tipos e xeitos. Agora prepara algo "especial para o celebramento do Aniversário da revolución", explica Magdalena Nieto, quen leva a delegación. "Hai bastante movimento", engade, significando que "Cuba é unha viaxe positiva. E apóntanse xentes de todas as cores a categorias sociais."♦

Actos

A Escola de Viena

Este é o tíduo da **conferéncia-concerto** que ofrecerá **Juan Pablo Arias** o dia 29 ás 12h no Auditório da Universidade compostelá, organizado pola **Asociación Musical Schubertiana**.

Carteis de cine

Táboa redonda o dia 4 ás 20,15h nos locais do Centro Galego de Artes da Imaxe, na rua Durán Loriga, 10, en A Coruña.

O Cómic na Galiza

Mesa redonda encadrada dentro das "Xornadas de Banda Deseñada de Marín", será o dia 28 no local do Ateneo Santa Cecília. Participarán Miguelanxo Prado, e Eduardo Galán, debuxantes, Miguel Villanueva, coleccionista de cómic, un crítico e un membro dunha revista especializada. O moderador será Frán Jaraba, debuxante e autor de cómic. O acto será retransmitido en directo por Rádio Cecília, ás 20h.

TBO o sábado

No local do Ateneo Santa Cecília o 29 ás 10,30 h. obradoiro para a aprendizaxe e confección dun cómic.

A Língua Galega

O 11 o profesor Francisco Rodriguez pronunciarà unha conferència titulada **A situación do galego na actual sociedade galega.** Na Escola Oficial de Idiomas de Vigo na rua Alcalde Martínez Garrido♦

Convocatórias

Ciclo de Itinerários Ecolóxicos

O **Colectivo de Educación Medioambiental** de A Coruña preséntanos este ciclo de itinerarios ecolóxico-culturáis de iniciación ao coñecemento do medio ambiente galego. Trátase de aprender a observar, investigar e coñecer a natureza e a cultura do noso pais, utilizando elementos básicos como o caderno de campo, guias e mapas. O primeiro roteiro será pola zona de **Sobrado dos Monxes**, que conserva importantes fragas, cunha grande variedade de árbores e plantas. Tamén visitarase unha lagoa artificial e o Mosteiro de Sobrado. A viaxe está organizada para persoas de máis de 17 anos, e serà o 14 e 15 de Marzo. a cuota é de 4000 pts, e inclue cea, almorzo e comida; monitores, transporte e seguro de accidentes. Para formalizar a inscripción ou solicitar máis información dirixirse a C.E.M., Rua Laracha 10, sótano (Conchiñas). Apdo. 2168 A Coruña. Tlf. 26 68 10.

Curso de Achegamento ao Terceiro Mundo

As Universidades de Compostela e A Coruña e o Concello de Oleiros, xuntamente coas organizacións adicadas á educación para o desenvolvimento "Ecos do Sur" e "Estudiantes Solidários" organizan este curso que terá lugar do 9 ao 14 de Marzo en tres lugares á vez: en Oleiros e nas Universidades compostelá e coruñesa. No Curso participarán coñecidos especialistas nos diferentes ámbitos da realidade dos paises do Sul. Temas xerais, povoación, dereitos humanos, racismo, cooperación, ecoloxia e saúde serán abordados, sempre no marco da irrelegábel cooperación por un modelo de desenvolvimento sostenido. Además no recinto estará aberta unha exposición e venda bibliográfica do tema, material concreto sobre cada temática, grabacións en cassette e vídeo das ponéncias, etc. A asisténcia será libre, baixo inscripción para acceder ao diploma, que está homologado polas Universidades convocantes, e tamén pola Conselleria de Educación nun total de 18h. Para máis información chamar aos tlfs: Ecos do Sur 62 80 11; Concello de Oleiros 63 65 98; Estudiantes Solidários 56 60 24.

Teatro Infantil e Xuvenil

O Concello de Vilagarcia ven de convocar o **III Certame Municipal de Teatro Infantil e Xuvenil**, de tema libre. Poderán participar grupos xuvenís nos que os seus integrantes sexan maiores de 15 e menores de 30 anos; e grupos infantís con integrantes menores de 14 anos. A inscripción farase na Casa da Cultura de Vilagarcia até o dia 28 de Marzo.♦

A crítica

Turismo e cultura

XURXO ESTÉVEZ

Tanto avisar aos xaponeses de tomarse coidados coa Yashica, ollo cos iens, precaución coas bombas e... zash!, non é Roma, Ave César, o que arde!

Era bonito embarcar na Pinta bis aos apóstatas do V Centenario e que non afundise. Belido seria pasealos en carrozas polos pavillóns da Expo sen Descubrir labaradas por aqui e acolá.

Mais serán burros?

Tramarán acaso comemorar o xenocídio dos povos autóctonos americanos -setenta millóns en 1500, só tres millóns e médio vivos en 1650, lembrade- cun holocausto de turistas flambeados nas quiñentas veliñas?

De seguir asi, en vez de Encontro de Culturas asistiremos a un auténtico Encontronazo de ambuláncias, bombeiros e escafandristas.

E as organizacións que practican a loita armada boquiabertas, cos obxectivos militares xa todos queimados, descarrilados ou no fundo do mar! Nen un só miserábel asunto onde acender un foguete! A celebración suicidada...

Aló polo espazo, nalgures do infindo, onde espíritus pasatempan, Siboneys trucidados hai cinco séculos na terceira expedición do xenovés almirante, cuspirán de desprécio sobre a Cartuxa. Esa chuva morna do Encontro dos Lampos acugulará un oceano, imenso, xeneroso, que apague os incéndios, salvando do lume a inocentes turistas que os cabróns dom poder están empeñados en liquidar co Descubrimento da parte máis sórdida que a cultura humana poido celebrar nunca no confin dos tempos...♦

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE

Director: Alfonso Eiré López
Presidente: Francisco Carballo
Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.
Papel 100% reciclado, de 65 g./m², branqueado con osixeno, fabricado por Papelera Etxezarreta.

A NOSA TERRA

Rua doPríncipe, 22, planta baixa
Apartado de Correos 1371 (36200 Vigo).
Tfnos.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05.
Fax (986) 22 31 01.

ANO XV • 27 DE FEBREIRO • 1992 **Nº 511**

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

O libre mercado desilusiona aos polacos

■ **XÚLIO RIOS**

A eleición de T. Mazowiecki, un católico non comunista, como primeiro ministro nun país membro do Pacto de Varsóvia, converteu á Polonia en pioneira dos cámbios que a finais de 1989 se produciron nos países do Leste, sancionando dalgun xeito o imediato e posterior desmoroamento das "democrácias populares" dos demais países do entorno. Para case todos eles foi modelo no que se basaron para dar os primeiros pasos na transición cara un novo sistema. Nos comezos de 1990 Europa oriental aparecia salpicada de mesas redondas por todas as capitais, e alén das particularidades inimitábeis (papel desempeñado pola Igrexa, dinamismo opositor da clase traballadora e a própria profundidade da crise económica), a idea do "compromiso histórico" boiaba triunfante en todos os ambientes.

Nos meses e anos seguintes, o interese por Polónia non decaiu. Neste caso a motivación ten a ver coa posta en marcha dunha variante específica de transición caracterizada polo seu radicalismo. O programa de saneamento e estabilización denominado "Plan Balcerowicz" (en razón do ministro de Económia responsábel da aplicación) pretendia a rápida transformación dos sistema de planificación centralizada nunha economia de mercado, sen matices, similar á de calquer país ocidental desenvolvido. A opción polo "tratamento de *shock"* apoiábase en dous pilares: por unha banda, o respaldo de Ocidente Òno exterior— e da Igrexa e Solidarnosc —no interior— que contaban cun significativo apoio social; e por outra, a confianza en que a transición, ainda sendo especialmente dolorosa, seria rápida e o éxito seguro.

Caída do nível de vida

O balance final sen embargo non pode ser máis desalentador. Os hipotéticos e relativos éxitos conseguidos non compensan nen de lonxe os descomunais fracasos resultantes no aspecto económico e sobretodo no político e social. A elevación da produción e do emprego no sector privado (até un 20%), o avance na pequena privatización (o 80% do comércio por exemplo xa pasou a mans privadas) non compensan, da elevada recesión producida, a situación de desemprego de mais de dous millóns de persoas, a drástica caída en definitiva do nível de vida. Incluso sobre a inflación, apesar de ser significativamente reducida, as expectativas eran máis optimistas.

O proceso de privatización considerado como elemento clave do proceso de transformajción do sistema económico, desenvolveuse de maneira máis lenta e complicada do agardado. Apesar de contar cun amplo apoio político (a lei de privatización contar unicametne con dous votos en contra) a redución da indústria estatal evoluciona lentamente; 91,5% (89), 85,5% (90), 75% (91). O próprio ministro de Transformación da Propriedade ten recoñecido que non contaba con tantas dificuldades: fundamentalmente a escasez de aforro interno suficiente, pero tamén o insuficiente desenvolvimento do sector bancário, o encarecimento dos créditos, a falta de persoal cualificado, as reticéncias ainda dos sectores privados ocidentais que non acudiron en masa como agardaban. E por suposto un crecente rechazo social que equipara privatización e desemprego, privatización e escándalo ou corrupción. O fracaso dalgunhas operacións presentadas inicialmente como modélicas (como o da fábrica de vidro Krosno) e os fraudes financeiros (como o da empresa Art B, que provocou a caída do próprio Presidente do Banco Nacional) acentuaron a desconfianza sobre o resultado final de tal política.

Lech Walesa está máis isolado que nunca.

Os escasos éxitos logrados e a dureza das medidas adoptadas provocaron situacións de grave deterioro no tecido social e político de Polónia. A ruptura en múltiples fraccións de movimento que aglutinaba Solidarnosc, o bochornosos espectáculo da loita pola hexemonia do movimento instigado por Walesa e a sua camarilla de Gdansk, a humillante derrota moral sofrida por este ante Timinski nas presidenciais de 1990 e o incumprimento das promesas daquela formuladas (mellora do nível de vida) explican en certa medida o momento actual. Outras forzas, como a alianza de Esquerdas de Kwasniewski ou o movimento sindical OPZZ, afiánzanse e melloran lenta pero progresivamente a sua influéncia social.

Medra a abstención

A apatía social é imensa. Nun ano a abstención pasou do 40% nas presidenciais a un 60% nas lexislativas celebradas hai pouco máis de tres meses. Somente 4 de cada 10 polacos acudiron ás urnas nas primeiras eleicións formalmente democráticas. Os inquéritos de opinión prévios a aqueles comícios revelaban, entre outras cousas, a añoranza do Estado protector, a decepción a respeito da evolución actual, o arraigo cada vez maior da idea de que o socialismo era un bon proxecto que lamentabelmente foi mal realizado. A imensa maioria dos polacos comproban como a situación non vai a mellor e como os numerosos sacrifícios esixidos por aqueles en quen despositaron as suas esperanzas valeron de ben pouco.

pero lamentabelmetne a apatia non conta na política imediata. Ainda asi a mensaxe da sociedade polaca foi contundente: o tratamento de *shock* pode darse por fracasado. Precisametne o gabinete de Olszewski, o actual primeiro ministro (da Coordenadora do Centjro) admitindo o fiasco do Plan Balcerowicz, anunciou xa o cámbio da política económica, amosándose partidário dunha maior intervención estatal na economia, o apoio a un sector público forte e á agricultura nacional, a necesidade de garantir unha mellor protección social.

a inestabilidade politica sen embargo é un factor que dificilmente alimenta o optimismo. A coalición governante (de tres partidos da direita católica e nacionalista) que asume un discurso economico socialdemócrata por evidentes razóns de oportunismo e populismo, non dispón de maioria parlamentária suficiente. Poderia mesmo dicerse que Polónia é ingovernábel: 29 Partidos están representados na Dieta actual e nengun deles superou a barreira do 15%. Incluso a Igrexa que sempre gozou de certo prestíxio e consideración atravesa hoxe un dos seus momentos máis críticos. Os polacos resístense a ser a ponta de lanza da recristianización do Leste.

Lech Walesa está máis illado que nunca. Somente conta co apoio seguro do Congreso Liberal Demócrata (7% da actual Dieta). Por fin revelouse que os seus antigos sócios da Coordenadora do Centjro se serviron del unicamente para facerse co poder e desprazar á ala socialdemócrata de Solidarnosc. A combinación dos enfrentamentos constantes co actual governo, os coqueteos co Exército e as coñecidas tendencias autoritárias do ex líder sindical, fan temer, nunha situación de crise e desmoralización como a actual, a reprodución histórica dun novo Pilsudski (é de domínio público que en Xullo do ano pasado Walesa enviou a un dos seus conselleiros, Zalewski, aos Estados Unidos para sondear a reacción ante un hipotético "golpe" de timón en Varsóvia).

Son as nefastas consecuéncias da obsesión inxénua e fantasiosa de líderes e movimentos políticos empeñados na imitación pura e simples de modelos que apenas teñen en conta as próprias realidades e necesidades, afastándose daquela búsqueda (unha nova sintese de xustiza, liberdade e igualdade) que estaba no cerne das suas protestas orixinárias e que constituian a base, non somente da sua forza e atractivo, senon ante todo da sua razón.

Seria bon que a experiéncia polaca servise cando menos para que outros a tivesen en conta e se apartasen dela. Pero vendo a Balcerowicz e Jeffrey Sachs, os seus máximos inspiradores, deambulando polos despachos do Kremlin e retirando airados os retratos de Lenin, é de temer que se tropece máis dunha vez na mesma pedra.♦

XULIO RIOS é autor de *A conversión de Polonia* e director do IGADI.

Evolución económica

	1989	1990	1991
Produto Interior Bruto	0,5	-12,0	- 8
Produción Industrial	-0,5	-23,3	-15
Investimento bruto	-2,4	-8,0	-12
Desemprego		6,1	11,4
Inflación	900	249	65
Balance corrente	-1,2	0,7	-3,0
Comércio coa área OCDE	-0,1	1,2	-3,1
Débeda externa	40,8	48,5	46*

* Sen ter en conta a redución decidida polo Clube de Paris en Abril de 1991.

TRES EN RAIA

Embaixada

■ **XOSÉ A. GACIÑO**

Non son nacionalistas, nen moito menso independentistas, pero non necesitan Estado próprio nen Ministério de Asuntos Exteriores para percorrerse médio mundo, como se tivesen todas as competéncias estatias para estabelecer relacións con países extranxeiros. Mesmo non teñen reparo nengun en montarse toda unha embaixada na mesmísima capital do Estado.

Ninguén lles atribuiria a máis mínima intención de separar á Galiza de España, faltaria máis, pero está visto que o exercício do poder excita as apeténcias competenciais do máis convencido da sagrada unidade do Estado, e non debe estrañar que aspiren a rebasar un ámbito de autonomia claramente delimitado no marco dunha estrutrua central de poder que non deixa de manter todo o seu control sobre o conxunto.

Os listos comentaristas de Madrid non parecen inteirarse. Como a montaxe dese tinglado de non sei cantos centos de metros cuadrados, mármores e millóns non é obra de bascos ou cataláns, só prestaron atención ao diñeiro que custou o palacete da delegación da Xunta en Madrid, xustificada pola necesidade de manter unha representación digna onde atender a empresários dispostos a investir na nosa terra, a cámbio de benefícios naturalmente. Pero o que non advertiron ainda eses comentaristas é que Fraga ven de abrir a Embaixada da Galiza en España.♦

VOLVER AO REGO

As agresións e maos tratos con secuelas físicas afectan a 170 mil mulleres no Estado español. É a nosa tortura, o noso racismo, a cotio, ao noso carón. Unha guerra civil. Pero non esaxeremos. Os problemas verdadeiramente importantes son outros: a canonización de Escrivá, os problemas en Esquerda Unida, a N.B.A. Isto só é un pequeno retallo nun periódico.♦